



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 72

IV lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria

10 de outubro de 1995

Presidencia do Excmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez

ORDE DO DÍA

Punto único.-

Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución (doc. núm. 7.318).

SUMARIO

Abrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá

Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución. (Punto único da orde do día).

Exposición: *Excmo. Sr. presidente da Xunta* (páx. 4731).

Suspéndese a sesión ás once e vinte catro minutos da tarde e reiníciase ás cinco e tres minutos da tarde.

Rolda de grupos para fixar posicións: *Sr. Beiras Torrado (BNG)* (páx. 4749), *Sr. Cortizo Nieto (S)* (páx. 4758) e *Sr. Vázquez Portomeñe (P)* (páx. 4767).

Resposta da Xunta: *Excmo. Sr. presidente da Xunta* (páx. 4774).

Réplica dos grupos: *Sr. Beiras Torrado (BNG)* (páx. 4781), *Sr. Cortizo Nieto (S)* (páx. 4784) e *Sr. Vázquez Portomeñe (P)* (páx. 4786).

O Sr. Beiras Torrado (BNG) intervéñ para puntualizacións (páx. 4787).

O Sr. Cortizo Nieto (S) intervéñ para facer unha petición (páx. 4787).

Contrarréplica da Xunta: *Excmo. Sr. presidente da Xunta* (páx. 4787).

O Sr. presidente comunica o prazo de presentación para as propostas de resolución subseguintes ó debate (páx. 4789).

Suspéndese a sesión ás oito e cuarenta e cinco minutos da tarde.

Ábrese a sesión, ás dez e tres minutos da mañá.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado do vicepresidente primeiro e do vicesecretario da Mesa, que é asistida polo oficial maior e o letrado señor Sarmiento Méndez.

Ocupa o banco do Goberno o presidente da Xunta de Galicia, acompañado de tódolos conselleiros excepto o de Industria e Comercio.

DEBATE DE POLÍTICA XERAL: INFORME DO EXCMO. SR. PRESIDENTE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA, DEBATE E PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión.

O punto único da orde do día configúrao o debate de política xeral instado polo Goberno, de conformidade coas prescricións do Regulamento da Cámara.

A sesión desenvolverase do seguinte xeito. A seguir, a intervención do Excmo. Sr. presidente do Goberno para presenta-lo seu informe. Ó remate do mesmo suspenderase a sesión ata as cinco da tarde, hora en que se iniciará unha rolda de portavoces de grupos parlamentarios, contestando o señor presidente do Goberno conxunta ou illadamente, segundo el mesmo decida, habendo a seguir unha rolda de réplica e unha de dúplica. Posteriormente, volverase suspender a sesión dando un prazo ata as doce da mañá do día de mañá para a presentación de propostas de resolución, e ás catro e media da tarde reiniciarase a sesión para a discusión destas propostas e posterior votación.

Ten a palabra o señor presidente do Goberno.

O señor PRESIDENTE DO GOBERNO (Fraga Iribarne): Moitas grazas, señor presidente.

Señor presidente, señoras e señores deputados, é esta a quinta ocasión na que teño a honra de dirixirme a esta Cámara, suprema representación do pobo galego, para informar, consonte a Lei da Xunta e o seu presidente, sobre o estado da nosa Autonomía.

Ó longo de seis anos, dúas veces investido pola maioría absoluta deste Parlamento, desempeñei as miñas funcións de presidente da Xunta de Galicia con

plena dedicación, tendo como obxectivo principal das miñas accións tres cuestións fundamentais.

A primeira, o desenvolvemento da autonomía galega, procurando as transferencias posibles que nos acheguen ó noso teito estatutario e mesmo intentando elevalo mediante a aplicación do artigo 150.2 da Constitución, para o cal se lle propuxo ó Goberno do Estado un proxecto de Lei Orgánica, xa aceptado, e que será aprobado nun vindeiro Consello de Ministros, do que se achega o texto coa documentación anexa ó presente discurso que, en catro volumes, lles será entregado ós grupos parlamentarios ó final da miña intervención. De feito, xa se acadaron numerosas e importantes transferencias, lembrando que iso supuxo un aumento do noso orzamento nun 279%, é dicir, case tres veces máis. Pero aquí non quedaron os nosos esforzos, posto que a través de libros, artigos, conferencias, e, finalmente, un debate no Senado, seguido de dúas comparecencias na Comisión de Autonomías, promovimos activamente temas como a reforma do Senado, en curso; a constitución do Consello Económico e Social previsto no artigo 131.2 da Constitución; a creación dunha Conferencia de presidentes das comunidades autónomas e a ampliación das facultades destas nas negociacións coa Unión Europea.

En segundo lugar, procurámo-la consolidación e a racionalización da Administración pública galega. Para iso asumímo-lo reto de transformar unha Administración desartellada, que non foi quen de asumir nin sequera a regularización das súas estruturas, nunha Administración profesional, disposta a asumir os principios básicos de eficacia e eficiencia e cunha filosofía propia, en liña coas administracións públicas dos países avanzados.

Para conseguilo cumpriu abordar unha fonda regulación normativa que adaptou a Lei da función pública ás esixencias actuais. Procedeuse á informatización integral dos servizos públicos, con 71 servidores e 1.130 ordenadores persoais, cunha rede propia de comunicacións que conecta 130 oficinas e que se estenderá con carácter inmediato a tódolos concellos de Galicia, ás confrarías de pescadores e ás axencias de Extensión Agraria; cunha rede privada de voz, que permite prestar un mellor servizo e redución de custos e, en definitiva, coa asunción pola Administración

pública das técnicas que utilizan as grandes organizacións públicas ou privadas do noso contorno, no noso tempo. Todo iso permitiu unha paulatina redución de custos de persoal burocrático. Así, en 1991 figuraban na relación de postos de traballo 8.884 funcionarios e 6.134 laborais con prazas dotadas orzamentariamente. Este número reduciuse en 1994 en 483 persoas, malia recibir nese período 500 funcionarios e persoal laboral como consecuencia das transferencias acordadas. Hoxe, o obxectivo é lograr un aforro de 1.600 millóns de pesetas en custo de persoal con respecto ó orzamento de 1995. É un gran esforzo que implica unha diminución do 10% en gastos de persoal dedicado a funcións burocráticas -excluído, xa que logo, o persoal docente e sanitario-, redución que implicará axustes funcionais, sen mobilidade xeográfica, e que será posible polo incremento de produtividade que trae consigo a informatización dos servizos.

É a nosa vontade que este proceso se realice con transparencia e obxectividade, co máximo diálogo e consenso posible coas organizacións sindicais, partindo do principio de que as esixencias de contención do déficit público obrigan a reduci-los gastos de funcionamento burocrático ó mínimo posible. Pero o noso obxectivo non é pura e simplemente unha redución de custos, senón lograr de forma efectiva unha melloira da eficacia e eficiencia da Administración. Neste sentido, en 1996 implantárase en toda a Comunidade Autónoma a dirección por obxectivos e a avaliación do rendemento, ó abeiro do artigo 63 bis da Lei da función pública.

É preciso rompe-la imaxe de que o traballo realizado e o esforzo non se ten en conta. Para iso, a cada unidade orgánica, a nivel de servizo ou subdirección, asignaráselle, co máximo consenso posible obxectivos concretos por cada liña de actuación e avaliarase posteriormente o cumprimento destes obxectivos. Con iso estimularase o traballo ben feito, a produtividade e o espírito de traballo en equipo. Queremos, e imos conseguilo, unha Administración profesional e eficiente, cunha avaliación desta eficiencia transparente e obxectiva a través da Comisión prevista na Lei da función pública, e da que formará parte un representante das centrais sindicais.

Todo iso implica un cambio na mentalidade e no comportamento de todo o persoal ó servizo da

Administración, misión que se lle asignou á Escola Galega de Administración Pública, que puxemos en funcionamento en 1990 e que, nos seus cinco anos de actividade, impartiu 605 cursos, cun claustro docente de 1500 profesores, a meirande parte invitados, naturalmente. Nas súas actividades participaron 35.000 funcionarios autonómicos e da Administración local, desenvolvendo a súa actuación en tódalas capitais de Galicia.

En terceiro lugar, e durante todos estes anos, realizamos un enorme esforzo para dotar a Galicia das infraestruturas necesarias, para conectala co exterior e vertebral a interiormente e para situar-la nosa economía nunha posición de competitividade, sen esquecermos das esixencias que demandan facer realmente efectiva a nosa autoidentificación -lingua, cultura e patrimonio histórico- e lograr unha seria e necesaria xusticia social.

Acadar estes obxectivos esixiu un importante investimento de recursos, que obtivemos en grande medida grazas a unha intelixente negociación no Consello de Política Fiscal e Financeira e tamén grazas a unha política de austeridade no gasto corrente, primando o investimento e o gasto social. Non vacilamos, igualmente, en acudir ó endebedamento preciso para facer efectiva a acción do Goberno nos investimentos.

Teño que lembra-lo acordo de financiamento de 1990, que permitiu un incremento do Fondo de Compensación Interterritorial de 28.714 millóns de pesetas, ou o acordo para 1992-1996, que supuxo para Galicia, dende 1992, un incremento per cápita das aportacións públicas de 13.247 pesetas.

Tamén convén lembra-la non aceptación da chamada “transferencia do 15% do IRPF”, unha decisión que non incrementa a corresponsabilidade fiscal e que ten como único obxectivo dar un plus de financiamento a determinadas comunidades autónomas.

Mención á parte merece o acordo de transferencia do INSALUD de 1991, completado en 1994, que permitiu que o financiamento sanitario per cápita en Galicia pase de 28.045 pesetas por galego en 1989, a 80.150 pesetas en 1995, é dicir, un 285% máis en só cinco anos. Case tres veces máis por cada galego se inviste en saúde en Galicia.

Hoxe estamos no inicio dunha nova negociación, na que será un principio irrenunciabile para o Goberno que me honro en presidir a mellora das condicións financeiras de Galicia e o avance efectivo, serio e responsable na corresponsabilidade fiscal e no incremento da autonomía financeira da Comunidade.

Referínme á austeridade no gasto. Non é unha declaración ocasional, trátase de cifras concretas e reais. Vexamos algunhas extraídas do documento 124, que se achegou como anexo a este debate.

Se comparamos 1989 e 1995, e excluímos do cómputo de 1995 o SERGAS -dada a natureza do gasto sanitario-, vemos que en 1989 o gasto corrente representaba o 67,90% do gasto total, mentres que en 1995 representa o 66,91%, é dicir, un 0,99% menos, case un punto de rebaixa. O gasto de capital pasou do 31,60% ó 29,07, é dicir, reduciuse igualmente nun 2,53%. Os menores importes adscribíronse á amortización da débeda. Estas cifras amósanse máis significativas se as comparamos con outras comunidades autónomas. Gasto corrente total, o SERGAS: Canarias, 78,11%; Andalucía, 77,05%; Cataluña, 80,02%; Valencia, 78,75%; Galicia 74,29%. Supoño que son cifras para rir.

De todas estas comunidades, Galicia é a que ten menos gastos correntes e as súas diferencias son case espectaculares, tratándose, ademais, en tódolos casos, de comunidades con igual nivel de competencias.

Isto revélase de forma similar se analizámo-los gastos de investimento: Canarias, 18,08%; Andalucía, 19,98%; Cataluña, 14,85%; Valencia, 20,03%; Galicia, 22,83%.

Galicia é a Comunidade Autónoma que dedica a investimentos unha porcentaxe maior do seu orzamento, distanciándose claramente do resto das comunidades. Por outra parte, se esmiuzámo-lo gasto corrente e comparamos 1989 con 1995, vemos que mentres que o gasto sanitario creceu un 53,97% e o gasto educativo un 21,54%, o puro gasto de xestión ou burocrático creceu só un 4,55%.

No que atinxe ó esforzo en investimento da Comunidade Autónoma e do seu financiamento parcial por débeda, as cifras son igualmente significativas. No período 1990-1995 dedicáronse a investimen-

tos 945.174 millóns de pesetas, dos que se financiaron con débeda soamente o 32,3%, é dicir, 304.950 millóns de pesetas. O investimento total medio no período 90-95 é un 260% superior ó investimento medio do período 1986-1989, o que constitúe un dato máis que demostra, de forma clara e diáfana, o esforzo de investimento realizado e a austeridade real e efectiva do gasto.

Como último dato quero sinalar que a débeda viva en Galicia representa o 40,7% dos ingresos totais, mentres que a media de tódalas comunidades autónomas representa o 44,3% dos ingresos totais. É dicir, que Galicia está situada 3,6 puntos por debaixo da media.

¿Que estratexia seguimos durante todo este período? En primeiro lugar, sentámo-las bases para o desenvolvemento económico e social de Galicia. Para iso creamos un conxunto de eficaces instrumentos, coordinados coas accións das consellerías sectoriais, co obxectivo específico de incrementa-lo tecido industrial de Galicia e a competitividade da nosa Economía. IGAPE, INESGA e SODIGA constitúen os grandes eixes desta política.

IGAPE, como ente específico para a promoción exterior dos produtos galegos, como instrumento para o financiamento da pequena e mediana empresa co fin de que poida ter recursos financeiros a custos competitivos cos mercados financeiros exteriores, como apoio a investimentos estratéxicos e como factor de competitividade a través da formación empresarial e das áreas de deseño.

INESGA, constituída coa participación solidaria e xenerosa -e quero salientalo- das institucións financeiras galegas e das grandes corporacións financeiras que operan en Galicia, ten como obxectivo o apoio ós grandes investimentos que sirvan de motor á nosa economía.

SODIGA, rescatada e potenciada pola Comunidade Autónoma como ente de capital-risco para os investimentos de futuro e innovadores.

Este conxunto de instrumentos horizontais coordínouse, como dicía anteriormente, coa acción das consellerías sectoriais.

Na área de sectores productivos, hei de salientar no sector primario a fonda reestructuración que está experimentando o sector lácteo, camiñando cara a unha mellora da produtividade das explotacións. Abonda con citar como exemplo que en 1994 se superou a produción de 1989, malia reducirse o número de cabezas en 126.000, e cun volume de leite por explotación que pasa de 16.453 litros a 26.470. A iso contribuíron tamén as campañas de saneamento gandeiro e a concentración parcelaria, na que chegamos en 1995 a 315.000 hectáreas. Igual poderíamos dicir do apoio á industrialización agraria, na que duplicámo-los investimentos anteriores.

No sector pesqueiro, o esforzo foi aínda máis intenso. Baste dicir que o incremento do orzamento entre 1989 e 1995 foi do 240%.

Hei de mencionar, pola súa transcendencia no salvamento de vidas humanas no mar, o SOS pesqueiro, con máis de 2.750 misións, a Aula de Seguridade e Salvamento de Ferrol e o moi reforzado Seguro do Mar.

Preocupámonos especialmente do control de calidade do medio mariño co Centro e Redes de Control e da formación e investigación pesqueira. Baste lembrar que en 1989 tiñamos catro centros mal equipados e hoxe dispoñemos de dez dotados de medios máis avanzados. Mención especial merece tamén o Servicio de Protección de Recursos, que dotamos con modernos medios e persoal especializado.

Os nosos esforzos no sector industrial concentráronse, á parte da obriga de manter aquelas empresas que adoecen dunha crise conxuntural, en canto que poidan ser competitivas, se se apoia a súa reestructuración e modernización, en apostar polo futuro. Así, o investimento en I+D en proxectos presentados ó CD-TI, ó igual que as axudas a empresas para a implantación de novas tecnoloxías, que pasaron de 200 millóns en 1989 a 4.200 millóns en 1995. Na mesma liña está a creación dos centros tecnolóxicos de cerámica e lousa e a dos de innovación tecnolóxica e de deseño.

As exportacións galegas medraron un 133% dende 1989. A iso contribuíu o incremento dos incentivos á promoción, a campaña "Galicia Calidade" e a acción realizada polo IGAPE. Este crecemento é especial-

mente significativo se o analizamos dende a perspectiva da conexión da nosa economía co exterior.

A taxa de cobertura das exportacións sobre as importacións mellorou aceleradamente dende 1992, ano no que se situaba no 65,79%, chegando en 1994 ó 82,03%.

Esta mellora intensificouse neste ano de 1995. Nos cinco primeiros meses deste ano a taxa de cobertura subiu ata o 95%, como consecuencia dun aumento das importacións do 9%, fronte a un crecemento das exportacións do 21%. A recente constitución do FIOGA acelerará este proceso.

Esta conexión co exterior viuse reforzada pola política de potenciación de recintos feirais, como os novos de Silleda, Vigo e A Estrada, a remodelación do de Ferrol e os que están en construción en Ourense e Lugo.

Igual esforzo fixemos no sector do comercio, no que as axudas en 1995 superan case catro veces as do período anterior.

Prestamos unha atención especial ó fomento do turismo, no que o incremento do orzamento entre 1989 e 1995 foi do 254%. TUR-GALICIA está demostrando a súa eficacia na promoción exterior da nosa Comunidade e o Centro Superior de Hostelería converteuse en pouco máis de un ano nun dos principais centros de formación de España. Mención especial merece o turismo rural, no que, partindo de cero, dispoñemos ó remate deste ano de máis de 130 casas, ou o turismo náutico, no que están en construción máis de 2000 postos de atraque que duplican os existentes ata agora.

En consecuencia con todo isto produciuse un aumento espectacular no número de prazas hoteleiras, que pasou de 31.433 en 1989 a 43.765 en 1994. Gran incremento tamén se produciu no número de visitantes, que pasou de 1.525.000 a 1.931.000, contando só os hoteis e hostais. Se contamos o total dos turistas en campings e outros medios de recepción, o ano pasado foron 2.313.000 fronte a 1.500.00 no ano 1989, o que supón un incremento do 48,57%. Estimamos que este ano se chegará, ó final do ano, a 2.600.000.

Hei de salientar igualmente nesta promoción de Galicia o evento singular do Xacobeo 93. En 1989 percorren o camiño 5.760 peregrinos. Entre 1990 e 1995 fixérono 1.763.175. Acondicionáronse 150 km da rota xacobeá; delimitáronse os 6 camiños; construíuse unha rede de 18 albergues; construíronse en Santiago, a través do Consorcio e do Real Padroado, infraestruturas por importe de 11.256 millóns - Multiusos, Monte do Gozo, Pazo de Congresos e Pavillón galego-; asináronse 412 Convenios para a promoción; editáronse 67 libros e 58 folletos sobre o Camiño e, en definitiva, conseguiuase converte-lo Xacobeo 93 no elemento máis importante de dinamización do noso sector servizos e en panca de futuro que esperamos completar no Xacobeo 99.

Nesta análise da evolución da nosa economía hei de determe necesariamente nun elemento clave: a formación. O esforzo foi igualmente intenso. No Fondo Social Europeo pasamos de 200 millóns de orzamento en 1989, con 1.665 alumnos, a 1.827 millóns en 1995, con 10.380 alumnos.

Recibímo-las transferencias de formación ocupacional, nas que en 1995 investiremos 5.108 millóns para atender a máis de 19.000 alumnos. A transferencia supuxo un cambio claro de orientación, que posúe como liñas básicas: a potenciación de centros propios con equipos especializados en rigoroso seguimento da inserción laboral, a racionalización e a homologación de especialidades formativas e a informatización da xestión.

O conxunto de todas estas accións: instrumentos horizontais e accións sectoriais, apoiadas pola política de infraestruturas e por un esforzo de racionalización e coordinación concretado nos plans de desenvolvemento comarcal e pola posta en funcionamento das vinte fundacións que están actuando -como as súas homólogas europeas- como auténticas axencias de desenvolvemento local, e que conseguiron, nos oito meses percorridos dende a súa creación, promover 163 accións de desenvolvemento local, das que 18 foron xa executadas, 43 se atopan en avanzado estado de realización e o resto en fase de planificación e estudo, está empezando a da-los seus froitos.

O paro rexistrado descendeu nos últimos meses en Galicia. De xaneiro a agosto reduciuse en 1.206 per-

soas na agricultura e na pesca; 4.212 persoas na construción; 6.036 na industria; 9.449 en servizos e 1.723 persoas sen emprego anterior, cunha redución total de 22.626 persoas, o que permitiu pasar nos últimos oito meses de 198.949 parados rexistrados a 176.323, cunha redución global do 11,3%.

De xaneiro a agosto as colocacións e contratos rexistrados acollidos a medidas de fomento de emprego ascenderon a 43.387, o que ratifica a evolución positiva do emprego na nosa Comunidade e nas nosas accións ó respecto.

Quixera mencionar outro dato. Entre xaneiro e marzo deste ano duplicouse o número de empresarios menores de 25 anos, o que expresa un cambio de actitude da xente nova ante o desemprego e un maior dinamismo na creación de postos de traballo por vía do autoemprego. Este dato é reflexo dun feito sociolóxico incontestable: Galicia como unha terra de pequenos e medianos empresarios, como unha terra de xente emprendedora que quere goberna-lo seu futuro.

Outro dato coincidente: en 1995 estanse producindo 1.000 colocacións diarias, máis da metade menores de 30 anos e, no que vai de ano, creáronse 350 empresas para traballadores autónomos.

Este dinamismo da economía galega en 1995 parte dunha evolución igualmente positiva nos últimos anos. Así, en 1993 o PIB galego creceu un 0,3 fronte a unha caída en España do 1,1%. En 1994 a nosa economía medrou o 1,8% e o conxunto da española un 2%. Como resultado, no bienio 1993-1994, a economía española medrou un 0,88%, mentres que a galega fíxoo nun 2,11%. Este crecemento conseguiuase malia a caída do PIB agrario nun 2,08%, que foi compensada polo resto da economía, que medrou o 2,4%.

Destaca pola súa intensidade o crecemento do sector servizos, que o fai nun 4,96%.

Outro gran eixe da nosa actuación foron as infraestruturas. É evidente que a economía galega non poderá ser competitiva se non ten unhas infraestruturas axeitadas, e a iso dedicámoslle a nosa especial atención.

Así, no período 1990-1995 investimos en construción e conservación de estradas 140.641 millóns,

mentres que no período anterior, 1983-1989, o investimento foi de 51.323 millóns; é dicir, pouco máis da terceira parte. En 1989 non existía ningunha vía de alta capacidade da Comunidade. E en 1995 hai 133 en servizo e 34 en execución, estando proxectadas outras 49.

Como acción directa de apoio, temos que mencionar os parques empresariais: ningún en 1989; 11 en 1995 e outros 20 en construción. Ou o Plan MEGA, no que se fixo un investimento de 40.427 millóns e que nos permitirá contar, cando o concluíamos, con 10.000 km de novas liñas, 40 subestacións e 3.100 centros de transformación.

Enorme transcendencia ten a rede gasística. Xa dispoñemos de dúas plantas de aire propanado, con 5.000 clientes domésticos, na que Gas Galicia investiu 850 millóns de pesetas e Enagás 3.800 millóns. Prevemos que no ano 2005 a rede conte con 125.000 clientes domésticos e 2.500 industriais, cunha rede de 600 km e cun investimento que realizará a Xunta de 5.500 millóns, dentro dun investimento global previsto de 38.750 millóns.

Falemos da telefonía rural, na que pasamos de 19 liñas por 100 habitantes a 32, e dotamos de teléfonos ó 99,3% das vivendas ocupadas. Hoxe calquera teléfono se obtén inmediatamente e coas mesmas tarifas humanas. Ou da rede oficial de comunicacións da Xunta, cunha cobertura do 90% da Comunidade Autónoma; ou dos centros reemisoros da RTVG, nos que pasamos dunha cobertura do 72% ó 99,4% -non teño que dicir que estas últimas fases da cobertura son en zonas de montaña e as máis difíciles-, ó que contribuíron igualmente os 600 microemisores rurais. Cabería falar igualmente dos centros emisores e reemisores da Radio galega e dos equipos instalados de transmisións de son e imaxe vía satélite.

Non quixera pecha-la miña intervención nesta área de actividade sen pasar, aínda que sexa superficialmente, sobre un dos sectores estratéxicos de futuro: as tecnoloxías de información e a comunicación. Estoume referindo ó que se coñece vulgarmente como autoestradas da información. Todo o esforzo que fixemos en infraestructuras en telecomunicación en Galicia -que é moito, como se ve- sería inútil se non tivesemos un proxecto de futuro para este sector, que

ten cada día unha influencia maior en tódolos eidos da actividade humana.

O forte pulo imprimido á extensión do servizo da Radio e a Televisión galegas en todo o territorio permitiunos a implantación da rede oficial de comunicacións móbiles da Administración, rede que integra a tódolos servizos de comunicacións móbiles e que é moi superior, tanto en calidade coma en cobertura, ás redes que implantaron dúas empresas privadas no noso territorio.

Pero cumprido o obxectivo de dar cobertura universal a toda a poboación galega, sería una deslealdade cara ó noso pobo e co seu futuro non seguir traballando nas posibilidades reais que ten esta rede para incorporar a Galicia no apaixonante mundo das novas tecnoloxías da comunicación que se albisca. Por iso quero anunciar aquí que, froito dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e o Centro de Supercomputación de Galicia, teremos en 1996 a primeira gran autoestrada da información galega, que se converterá, sen dúbida, nun factor de gran valor estratéxico de cara ó futuro.

O proxecto, que ten un custo inicial de 400 millóns de pesetas, dos cales 245 serán aportados polo CESGA, co financiamento europeo, e 155 millóns pola Secretaría Xeral de Comunicación, ademais da súa rede de banda ancha, ten os seguintes obxectivos:

- 1.- Unir as tres universidades e os sete campus universitarios para a transmisión de voz e datos.
- 2.- Unir coas universidades os centros hospitalarios para a transmisión de voz, datos e imaxes para as aplicacións médicas.
- 3.- Á rede incorporaranse tamén os centros de investigación e parques tecnolóxicos.
- 4.- Converterse, en fin, no embrión da primeira rede corporativa propia das administracións públicas de España para a transmisión de voz, datos e imaxes.

Para que se entenda a envergadura da operación, pode dicirse que o novo sistema, que estará operativo, en distintas fases, ó longo de 1996, permite un ancho de banda 30.000 veces superior ó que ten a tecnoloxía

RDSI, que se está a implantar a nivel comercial en toda España.

O mundo que vén será mellor ou peor có actual, pero o que non debe ter nin sombra de dúbida é que será distinto. Non afronta-lo reto do que vulgarmente se coñece como “autoestradas da información” nunha comunidade como a galega, que ten un tercio da súa poboación no sector rural e unha filosofía de vida baseada no mellor individualismo, cunha tendencia ó espallamento territorial, sería tanto como condenar á escuridade as novas xeracións de galegos, do que xa está saíndo neste momento. A propia configuración xeoestratéxica de Galicia, o seu desenvolvemento económico e cultural, convértea nunha rexión non prioritaria para as grandes multinacionais da comunicación, por iso é imprescindible formular alternativas que estimulen a competencia dos futuros operadores en Galicia.

Pero non comeza nin remata aquí a nosa aposta de futuro pola sociedade da información. Queremos tomalo tren da revolución social que vén da man das novas tecnoloxías e para iso temos que agudiza-lo enxeño cos dous instrumentos máis poderosos que temos nas nosas mans: a nosa propia rede, que temos que baixar dos montes ás cidades, e a compañía da Radio Televisión de Galicia, que ten que nucleiza-la revolución audiovisual do futuro. Porque de nada servirá te-las mellores redes se nos deixamos colonizar na explotación e nos contidos.

Tamén fomos conscientes de que a cohesión dunha comunidade repousa tanto sobre o progreso económico dos seus habitantes coma sobre o seu nivel educativo, sanitario ou cultural e sobre a súa solidariedade interna.

Por iso dirixímo-los nosos esforzos a estas áreas. As cifras son expresivas -e sinto ter que dar moitas pero as que cantan son elas-: Incremento do gasto medio en educación, no período 89/95, dun 91%, cun incremento na normalización lingüística do 203% e no ensino universitario do 210%.

Estas cifras expresan unha vontade política clara de apoia-lo noso sistema educativo.

A comparación con outras comunidades autónomas reforza esta afirmación. Incremento en 1995 so-

bre 1989 en materia de educación: Andalucía, 65%; Cataluña, 47%; Valencia, 74%; Canarias, 76%; Galicia, 91%.

Iso permitiu un incremento de 4.085 profesores e de 90.270 millóns en orzamento global e que na normalización lingüística se investisen 2.866 millóns en 1994 fronte a 253 en 1989.

Neste tema de política lingüística non debemos deixar de referirnos ás críticas de diverso signo -tamén apoios, ¿por que non dicilo?- sobre o chamado Decreto de ensinanzas en lingua galega nos nosos colexios e centros de ensinanza.

Cabe sinalar que as actuacións nesta materia se axustan ós grandes obxectivos que nós lle presentamos á cidadanía no noso programa electoral e que a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística presentou e publicou. Xa que logo, como é ben coñecido -e repito aquí e agora- a nosa tarefa lingüística resúmese en tres palabras: bilinguismo limpo e harmónico.

Ninguén hoxe dubida das posibilidades e da existencia na nosa terra dun bilingüismo social evidente. Este feito constatable a cotío practicámolo dunha maneira limpa, en canto que somos minuciosamente respectuosos coas regras de xogo establecidas; é dicir, cumprimos e esiximos que se cumpra a nosa Constitución, o noso Estatuto e a Lei de normalización lingüística. Cando se cumpren as regras de xogo, ese xogo é limpo. As regras están claras; a realidade social é o bilingüismo. A nosa angueira é a convivencia.

A harmonización acádase cumprindo o que se manda no Estatuto, que é dispoñer os medios necesarios para facilita-lo coñecemento da nosa lingua e poñer os medios para que -cito textualmente a Lei de normalización lingüística, artigo 14.3-: “ó remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este no seus niveis oral e escrito en igualdade co castelán”. Esta igualdade de competencia está reiterada e recollida no decreto ó que nos estamos referindo e en función de todo isto é polo que chamámo-las nosas comunidades escolares a cooperar nesta tarefa de convivencia lingüística, polo ben de Galicia, de tódolos galegos de dentro e de fóra de Galicia e, por suposto, de España.

En sanidade os esforzos foron aínda máis intensos e os resultados, se cabe, máis espectaculares.

Fronte a un gasto sanitario en Galicia de 76.000 millóns en 1989, en 1995 o orzamento é de 226.000 millóns; é dicir, un incremento do 226%.

Así, o gasto sanitario por habitante, que en 1990 foi de 36.770 ptas, pasou en 1995 a 86.504 ptas.

En 1991 recibíuse a transferencia do Insalud, moi criticada por algúns. Esta transferencia permitiu as melloras antes sinaladas e que Galicia, entre 1990 e 1995, incrementase a súa participación no gasto sanitario total en España en 0,73% mentres que Cataluña perdeu o 0,01%; Valencia o 0,09% e Andalucía o 0,27%.

O acordo de 1994, que anticipa a 1996 o final do período transitorio, completou a mellora do soporte financeiro da sanidade galega e consolidou a situación. Así, en 1995 o incremento de persoal sanitario foi de 2.938 persoas; e creouse unha auténtica rede sanitaria, que se completará en 1996 coa transferencia do Instituto Social da Mariña, unha vella aspiración por fin lograda, e a integración do Hospital de Pontevedra.

Son innumerables as melloras introducidas: programas de cancro de mama, prevención e control de tuberculose -por desgracia, renacendo- sida, vacinación antigrípica e hepatite B; vida sen tabaco; redución das listas de espera; 132 novos centros de saúde; reformas en toda a rede hospitalaria; o novo hospital de Verín e, en construción, os de Santiago -a punto de rematarse-, Cee e Ribeira; incremento de trasplantes, chegando a 242 en 1995; implantación da tarxeta sanitaria, do Centro de Transfusión de Sangue e do Instituto de Oftalmoloxía; o novo sistema de urxencia 061 ou o programa de drogodependencias, no que se pasou dun presuposto de 380 millóns en 1989 a 1.207 millóns en 1995. Estes son algúns dos exemplos significativos que demostran e resaltan a mellora do nivel de asistencia sanitaria da poboación galega.

Tamén temos que salientar, pola súa incidencia directa na saúde, a reestruturación dos servizos veterinarios, cos novos plans de inspección en industrias lácteas e matadoiros, a rede de vixilancia atmosférica ou a rede de alerta alimentaria.

A defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego constitúe unha obriga ineludible das institucións autonómicas, tal como nos lembra o artigo 32 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Poucas cousas como a cultura amosan a sensibilidade máis profunda e verdadeira dun pobo, o seu verdadeiro ser. Polo tanto, un Goberno que teña a honra de representar a ese pobo ten que ser parte activa desa sensibilidade, tal como quixo facer e vén facendo o Goberno galego, como unha das súas grandes prioridades.

Todo o anterior é, consonte a condición de Galicia como pobo con marcada personalidade histórica, que arrinca esencialmente da súa lingua e do conxunto da súa cultura, as maiores e máis orixinais creacións colectivas dos galegos, alicerce da súa autoidentificación e vencello irrompible entre as xeracións.

A política cultural do Goberno galego, que teño a honra de presidir, que se sintetiza no Libro branco da cultura en Galicia, tivo un dos seus fitos máis significativos na recente aprobación por unanimidade -como é natural e non frecuente nesta Cámara- da Lei do patrimonio cultural de Galicia. Quero agradecerlles expresamente ós grupos parlamentarios da oposición o seu voto favorable, expresión dunha importante coincidencia no que é fundamental para o noso pobo.

A realidade das cifras avala igualmente esta política. O orzamento da función cultura incrementouse en 1995 con respecto a 1989, nun 129%.

O Centro Galego de Arte Contemporánea ou as exposicións "Galicia no Tempo", "Santiago Camiño de Europa" e "Santiago en América" constituíron auténticos fitos culturais; e en tódalas áreas, xa sexan de cultura ou de protección e promoción do patrimonio, multiplicáronse as accións e incrementáronse os orzamentos. As feiras culturais, a promoción da cultura galega no exterior, as coleccións "Guías Culturais" e "A nosa memoria", os circuitos culturais -que pensamos expansionar con acordos coas deputacións-, os congresos ou as novas bibliotecas son algúns dos exemplos máis significativos.

Unha sociedade non é xusta se non é solidaria. O esforzo foi compartido pola Comunidade Autónoma e a Administración central e os resultados están á vista.

O orzamento de servizos sociais pasou de 14.195 millóns en 1989 a 26.457 millóns en 1995, case o dobre. Financiouse con fondos propios a RISGA, á que se dedicaron 1.750 millóns; puxéronse en funcionamento novas accións, como o acollemento familiar de maiores e minusválidos; as residencias da terceira idade pasaron de 13 a 28, cun incremento de 1.299 prazas; programas diversos dirixidos á terceira idade abrangueron 6.812 persoas, fronte ás 2.900 en 1989; incrementáronse as axudas para menores necesitados de protección nun 50%; púxose en funcionamento o teléfono do menor, que recibiu 15.292 chamadas; pasouse no orzamento doutras axudas á familia de 204 millóns en 1989 a 865 millóns en 1995, con múltiples programas novos; creouse a rede galega de centros de información xuvenil; potenciouse o asociacionismo xuvenil, o carné xove e todo tipo de iniciativas en defensa da nosa xuventude.

Nesta liña, cómpre salienta-la área do deporte. En deporte escolar pasouse de 68.100 participantes a 92.438. Igualmente pode dicirse de deportistas federados ou das axudas a clubs, que pasou de 11 a 4.150 en 1995.

O programa de apoio ós concellos para dotalos de persoal cualificado e os convenios coas catro deputacións galegas, que permitiron multiplica-los pavillóns polideportivos cubertos, piscinas, etc, son exemplo do que representa unha auténtica política obxectiva de promoción do deporte que se viu tamén reflectida no deporte de elite, no que se pasou de 5 equipos galegos nas máximas divisións deportivas a 16.

Dentro deste apartado de cohesión social mencionarei, aínda que sexa brevemente, a área de vivenda, na que, se en 1989 se realizaron 2.272 actuacións cun investimento de 10.569 millóns, en 1995 as actuacións pasaron a 27.361 cun investimento de 77.528 millóns; ou a vivenda rural, na que en 1989 se rehabilitaron 1.185 vivendas, e en 1995 chegarase a 23.453 actuacións.

Igualmente, gustaríame destacar outros dous aspectos de interese: protección civil e a seguridade e hixiene no traballo.

Dun servizo de Protección Civil sen medios, que dispoñía en 1989 dunha dotación de 60 millóns, pasamos en 1995 a unha organización vertebrada que con-

seguir dinamizar máis de 4.000 voluntarios que están facendo unha acción exemplar e desinteresada, que quero publicamente agradecer e felicitar, e que contribuíu a salvar moitas vidas humanas e moitos bens; SOS Galicia ou o Plan de salvamento en praias, demóstrano.

En materia de seguridade e hixiene no traballo conseguimos reduci-lo 42% de accidentes mortais ou o 9% de accidentes totais e temos máis que dobrado os recoñecementos médicos. A acción realizada reforzase co Plan galego de seguridade e hixiene no traballo, que aprobamos no último consello da Xunta, coas dotacións correspondentes.

Pero non só nos preocupamos do desenvolvemento material, senón que puxemos en pé un auténtico corpus lexislativo que disciplina e regula aspectos básicos da nosa convivencia e o noso desenvolvemento.

Foron 54 leis as aprobadas durante a III Lexislatura e o transcorrido da IV, que disciplinan, regulan ou fomentan sectores productivos (pesca; Instituto Lácteo; augas minerais e termais; artesanía; IGAPE; fomento, investigación e desenvolvemento tecnolóxico, etc.), que regulan a Administración e o seu funcionamento (réxime presupostario e financeiro, Administración hidráulica, etc.), que concretan a solidariedade social (RISGA, servizos sociais) ou que expresan a participación da sociedade (Consello Económico e Social ou o Instituto Galego de Consumo).

No que resta da presente lexislatura queremos dar un paso decisivo na vertebración do territorio de Galicia e a coordinación das súas administracións coas leis de ordenación do territorio, solo, desenvolvemento comarcal e coa vindeira entrada nesta Cámara dos proxectos de lei de réxime local e de coordinación de transportes. Estes textos, xunto coas leis aprobadas de delegación de competencias en materia de urbanismo, estradas e portos, policía locais e Academia Galega de Seguridade, constitúen un conxunto articulado e estruturado que adaptará o noso sistema territorial e as relacións entre as distintas administracións deste carácter ás esixencias dunha sociedade moderna.

Este panorama complétase coas leis que regulan institucións básicas da nosa Comunidade: dereito civil

de Galicia, casación civil e consello consultivo, de inmediato debate final, ou os mecanismos de defensa e protección do noso patrimonio e o noso hábitat, concretadas nas leis de protección ambiental, do patrimonio cultural de Galicia e de protección do Camiño de Santiago.

Este conxunto normativo, á parte das leis básicas de presupostos, outras de carácter fiscal (taxas e xogo) e a fundamental de regulación das caixas de aforros, permítennos debuxar un futuro máis esperanzador, cunha sociedade galega máis vertebrada e cohesionada e cunha política clara de potenciación do noso sistema productivo, de mellora das nosas infraestructuras e de protección do noso medio ambiente e do noso patrimonio.

Nesta síntese e revisión xeral da acción do meu Goberno, teño que referirme a outros aspectos básicos: a política do medio ambiente e a política institucional.

Sobre medio ambiente, hai un importante anexo ó meu discurso, que poño á súa disposición, á parte de que foi publicado estes días un libro ó respecto.

Na mellora do medio ambiente realizouse unha intensa e importante acción en rexeneración de espazos naturais; en accións de apoio a concellos para rehabilitación; en residuos sólidos e equipamentos, nos que se investiron máis de 9.000 millóns de ptas.; en tratamento de augas residuais, cun investimento entre 1990 e 1995 de máis de 21.000 millóns de ptas.; 15.390 millóns en saneamento; 51.000 millóns en portos e 1.544 millóns en canalización e defensa de marxes.

Hei de facer unha mención especial á loita contra os incendios forestais. Mil novecentos noventa e cinco foi un ano especialmente duro, no que os nosos bosques sufriron unha tremenda agresión, pero convén recordar que non cómpre falar soamente de incendios, senón de resultados. No ano 1989 o último da nosa xestión -dou datos o día nove-, Galicia tivera 85.628 hectáreas de monte arborizado destruído. Este ano foron 11.783, sete veces menos; cifra que, por certo, é inferior ó primeiro ano da nosa xestión, o 90, que foron 16.000. En superficie total neste momento ían 189.500 hectáreas en 1989 e este ano van 43.000. Quere dicir, que ardeu sete veces menos en superficie

arborizada e menos de catro veces en superficie total, que é un dato importante.

Quero expresa-lo meu agradecemento a todos aqueles que dende a Xunta de Galicia, dende tódalas administracións -porque temos un comité conxunto que controla, por certo, todo o que dicimos e facemos nesta materia, incluso en cifras, fronte a determinadas observacións pintorescas que se escoitaron estes días- e dende os concellos loitaron con afouteza contra esta praga e a tódolos cidadáns que colaboraron nesta loita pola propia supervivencia do noso hábitat, tal como o coñecemos, xa que isto é o que nos xogamos.

Hei de subliñar, igualmente, a colaboración institucional. O Comité Galego de Defensa Contra Incendios, que me honro en co-presidir co delegado do Goberno, constitúe un exemplo de colaboración efectiva e intensa entre as administracións autonómica e central. Os servicios de ICONA, a Garda Civil, o Exército e en xeral tódalas áreas que coordina a Delegación do Goberno tiveron unha actuación exemplar e a todos eles lles reitero a miña gratitude.

Se non tivesemos estes medios Galicia sufriría unha traxedia case irreversible. Foi este ano o máis seco do século, convén recordalo, e os resultados son os que acabo de dicir.

Convido a tódalas forzas políticas representadas neste Parlamento a analizarmos, na Comisión non permanente desta Cámara, a política seguida ata o de agora en prevención e extinción e as posibles liñas de mellora. Todos debemos colaborar e todos podemos aportar algo para erradicar esta praga que ataca un dos nosos máis vitais intereses.

Polo que atinxe á política institucional, é de resaltar en primeiro lugar o apoio ás comunidades galegas do exterior, nas que incrementamos un 138% as axudas e nas que chegamos a 15.431 beneficiarios, fronte a 2.612 no período anterior.

Debo salienta-la decidida política do noso Goberno de colaboración respectuosa coa Administración de Xustiza, colaboración que se fixo máis intensa coa transferencia de medios materiais e persoal laboral e que se reforzará coa próxima asunción pola Comunidade Autónoma do persoal funcionario. Informatización e equipamento de xulgados, re-

habilitación das catro audiencias e do Tribunal Superior de Xustiza, a Audencia da Coruña e os xulgados de Pontevedra, Ordes, Ribeira, Sarria e Vilagarcía como obras de próxima execución, expresan e concretan esta colaboración.

Hei de referirme igualmente á colaboración coas corporacións locais galegas. Declarei repetidas veces a necesidade de reformulación da distribución de competencias entre o conxunto das administracións, de acordo cos principios enunciados na miña proposta de Administración única -por certo, cada vez máis aceptada por todos, pero que nós queremos practicar os primeiros-, tomando como eixe conductor o principio de subsidiariedade e na necesidade de articular en debida forma os seus múltiples vencellos de colaboración, dentro do respecto á autonomía constitucional destas administracións, á que pronto terá entrada nesta Cámara a importantísima -debo de engadir- e certamente voluminosa Lei de rémixe local, que terá entre outras esta misión fundamental.

Señor presidente, señorías, aínda que alguén puidese sinalo, non vin a esta Cámara facer un discurso de despedida. Recibín un mandato renovado do pobo galego e cumprirei, se Deus me dá vida e forzas, esgotando esta lexislatura ó servizo do noso pobo.

Non rematámo-la angueira. Queda aínda moito por facer. Farémolo co apoio do maioritario Partido Popular que nos deu o pobo galego e coa colaboración, que solicito e reitero perante esta Cámara en todo o que crean posible, dos honorables membros da oposición parlamentaria.

Galicia precisa e esixe da Administración central un esforzo de solidariedade e non só por débedas históricas, que son certas e que todos sufrimos, senón por xustiza, equidade e por sentido do Estado. Unha Galicia próspera e vertebrada é naturalmente mellor, pero é tamén un factor clave de estabilidade en España e na non rematada construción de Europa.

Quero dicirlles con toda sinceridade ás súas señorías que estou totalmente convencido de que, unha vez que España pase esta páxina da historia que comezou con grandes arelas da maioría dos españois e que remata triste e sen ilusión, Galicia poderá darlle un novo gran pulo ó seu desenvolvemento.

O inevitable cambio de maioría será o preciso intre en que Galicia poderá formular, con seguridade de ser escoitada, as súas grandes reivindicacións perante o Goberno central, e a través deste, perante a Unión Europea. Estas reivindicacións son coñecidas polo actual Goberno de Madrid, pero rara vez foron atendidas. E quero dicir que non dubido desa capacidade que sempre practiquei en tódalas direccións: a mellor e razoable convivencia institucional.

En todo caso, quero recordar que o incremento da cota láctea ata 2.000.000 de toneladas é imprescindible e é de estrita xustiza, tendo en conta a produtividade crecente das nosas explotacións e o déficit de leite de España, que pasa de 1.000.000 de toneladas. Nós pedimos dous máis. Basta dicir que Galicia recibiu no reparto de cota da reserva nacional 136.502 toneladas, cando a petición dos gandeiros ascendía a 500.000 toneladas.

Cómpre igualmente unha aplicación xusta da política agraria común a Galicia. Mentres a renda agraria galega permaneceu constante durante o período 1992/1993, en España incrementouse nun 19% debido ás subvencións do FEOGA- Garantía. Só o 0,65% das transferencias deste fondo foron canalizadas cara a Galicia. E fronte a isto, a produción final agraria galega é o 7,5% da española.

Galicia precisa dunha reestructuración da política agraria común que simplifique as axudas, en especial para as pequenas explotacións, e que recolla as peculiaridades da nosa agricultura.

É preciso crear, dentro da política comunitaria, unha organización común de mercados do viño e outra da pataca. A primeira, co obxectivo fundamental de evitar, en todo caso, o arrinque obrigatorio das cepas e recolle-la reestructuración do viñedo con mellora da calidade. A segunda, en especial para fixar unha superficie de base por agricultor e para prima-la diferenza entre prezo real e prezo de referencia (taxa de coresponsabilidade).

Cómpre que o Goberno central dicte unha lei básica de Montes -que o Comité galego, que é mixto, por certo, como digo, ten pedido xa durante tres anos consecutivos- e que a produción forestal teña o preciso e indispensable apoio comunitario.

É indispensable que o monte privado teña unha rendibilidade suficiente. Debemos lembrar que é de propiedade privada o 54% da superficie boscosa e o 75% da madeira.

Galicia en especial e a cornixa cantábrica en xeral son especialmente aptas para a produción forestal. A cornixa ocupa o 24% da superficie e produce o 70% da madeira española.

A ausencia dunha política forestal de Estado enténdese aínda menos se se ten en conta que se produce só o 50% do consumo interno e que toda Europa é deficitaria; podería ser mesmo tema de exportación.

Os países máis ricos son os que teñen máis bosque e os que teñen os bosques máis coidados son aqueles que, asemade, obteñen deles os maiores rendementos económicos e teñen unha propiedade privada importante. En Galicia, a función principal do monte é a económica. A nosa Comunidade ten potencialidade para promover unha produción madeirable importante e rendible, á vez que unha industria competitiva.

É preciso igualmente unha nova política pesqueira. Non temos unha política pesqueira, non temos unha coordinación, non temos unha lei nacional de pesca. As medidas adóptanse sempre como reacción serodia e parcial a problemas puntuais. É preciso unha nova política pesqueira nacional que aborde catro grandes áreas:

1. Mellora estrutural do sector con renovación da flota, especialmente baixura e litoral.

É preciso igualmente moderniza-las infraestruturas de apoio en terra.

2. Consolidación económica dos produtos.

Cómpre reforma-lo Regulamento de mercados, por mor de acadar axilidade e automatismo na aplicación das cláusulas de salvagarda contra importacións a prezos anormalmente baixos.

Introducir neste Regulamento as especies de verdadeiro interese para España, especialmente en sectores de baixura e marisqueo.

Apoio á mellora das canles de comercialización e aproveitamento de especies de baixo prezo, pero con posibilidades potenciais.

Apoio decidido ás industrias de transformación de produtos de pesca.

3. Recuperación do caladoiro nacional.

Os nosos caladoiros están en situación de sobrepesca, cun rendemento cinco veces inferior ó posible. É necesaria unha política de protección de recursos con regulamentación de ámbito nacional, cun reforzamento da inspección pesqueira, un novo marco xurídico -repito, unha Lei de pesca que non temos- e cunha política comunitaria homoxénea para evitar competencia desleal.

4. Consolidación da presenza da flota española en augas internacionais e de terceiros países e, por riba de todo, defensa dos mares libres, porque os galegos, mentres os teñamos, seguiremos pescando.

As principais medidas que hai que adoptar son:

Revisión do principio de estabilidade relativa; defensa na NAFO da flota arrastreira conxeladora de longa distancia; campañas científicas e defensa do dereito en caladoiros internacionais; diversificación e novos acordos pesqueiros (Namibia, Sudáfrica, Malvinas, EE.UU., Perú, Chile, India) ou aproveitar acordos pesqueiros preexistentes (Grenlandia).

É preciso igualmente potencia-la política social pesqueira con medidas sociais de acompañamento, que se deron noutras reestruturacións e que non se dan no sector pesqueiro, con financiamento independente do IFOP, que é para investimentos, concretada en xubilacións anticipadas, se houbese que facelas, redución da idade mínima de xubilación a 50 anos e adaptación da normativa sociolaboral española para recolle-las paradas biolóxicas e o esgotamento das cotas de captura.

En materia de infraestruturas, Galicia esixe un tratamento xusto e solidario para a súa rede ferroviaria.

As nosas propostas están contidas no documento elaborado pola Xunta de Galicia e entregado ó

Goberno de Madrid, e teñen como principais esixencias:

- Inicio da variante norte de superación do Guadarrama.

- Mellora-la accesibilidade de Galicia, especialmente nos eixes León-Monforte; Vigo-Porto; Ourense-Zamora.

- Modernizar internamente a rede, con velocidades comerciais ó redor de 100 Km/hora.

- Remodelación de trazados con atención ó eixe Atlántico: Ferrol-A Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo-Porto.

En estradas cómpre acomete-las autovías do Cantábrico: Santiago-Ourense; Benavente-Palencia e a vía de alta capacidade Lugo-Ourense.

Igualmente, en materia de portos, é indispensable para Galicia a transferencia dos portos de interese xeral ou, polo menos, a coexistión destes portos, e certamente todo o que é relativo ós portos pesqueiros.

Precisámo-lo apoio sen reservas do Goberno central para o Xacobeo 99 e para a capitalidade cultural, como proxectos de Estado, e revitaliza-lo Consello Xacobeo como ente de coordinación.

É precisa a inclusión das catedrais galegas no Plan de catedrais.

Galicia reclama que no financiamento da sanidade se teña en conta a dispersión xeográfica e o avellentamento da poboación.

É necesario o incremento da participación da nosa Comunidade Autónoma na participación do 0,52% do IRPF.

E, por último, no sector industrial, reclamámo-la inmediata construción do terminal gasístico de Ferrol, que mellorará a regulación do sistema nacional e garantirá unha dobre subministración estratéxica, ademais da que vén do sur. Reclamamos tamén que o Goberno central cumpra o seu compromiso de contribuír con 15.000 millóns ó financiamento do Plan MEGA, no que a Xunta leva xa investidos 18.000 millóns de pesetas. Precisamente, na última

modificación do marco legal estable aprobada en 1994, as empresas eléctricas galegas recibiron 1.000 millóns menos ca en 1993, ó restarse do investimento a subvención doutras administracións, o que produciu o efecto de que a subvención da Xunta servise para incrementa-la participación das empresas eléctricas que subministran a outras rexións.

É necesaria a participación de Galicia nos consellos de administración das empresas públicas estatais, claves para o noso desenvolvemento: ENDESA, REPSOL, ASTANO, Bazán, ENCE, INESPAL. E, por último, é necesario desenvolver e facer efectivo un Plan Estratéxico de Competitividade dos estaleiros públicos galegos con participación da Comunidade Autónoma. Como é natural, celebramos que practicamente tódalas propostas da Xunta se tivesen en conta no arranxo provisional deste momento.

Galicia esíxelle ó Goberno de Madrid, xa e agora, o cumprimento do acordo das dúas autovías galegas. Os retrasos que están experimentando as autovías pensamos que son inxustificables. O Ministerio de Obras Públicas e, en definitiva, o Goberno de Madrid, responderán perante a sociedade galega se non se corrixe esta demora, para algo asinamos un convenio, e esta resposta, desde logo, nós non a pensamos con mobilizacións nin balbordos, senón cada vez que se produce unha nova votación.

Galicia esíxelle igualmente ó Goberno central un acordo xusto con Marrocos, que defenda os dereitos dos nosos pescadores.

Como presidente do Goberno autónomo de Galicia, despois de dicir todo isto, teño que dicir, no nome de Galicia que todos, e eu en particular, temos que defender como unha obriga sagrada os seus intereses vitais, e quero igualmente deixar constancia do meu agradecemento ó Ministerio para as Administracións Públicas e ó seu titular, Joan Lerma, así como ó seu antecesor, Jerónimo Saavedra, pola súa postura institucional e aberta no proceso de transferencias a Galicia.

A acción política da Xunta de Galicia non se pode limitar a reclamar dos demais o que estima xusto, senón que ten que exercita-las súas propias responsabilidades. Neste sentido, e no noso eido de responsabilidade, permítome expoñerlles a continuación ás súas

señorías as liñas básicas da política económica que nos propoñemos seguir deica o final desta lexislatura, partindo do feito dende o inicio do camiño que comezamos a percorrer en 1990.

Temos que partir, por suposto, da constatación dun feito ben coñecido polos economistas. O acerto nos agoiros non é, dende logo, o forte da ciencia económica nin tampouco da ciencia política. De aí, a necesidade de controis e correccións á vista da evolución real, e moito máis no caso da galega, cada vez máis implicada para o bo e para o malo nos ámbitos máis amplos e mais internacionalizados. A xestión política, señorías, existe ductibilidade ante as cambiantes circunstancias do contorno, pero demanda tamén unha razoable afouteza para manter no tempo o que é esencial dende unha determinada sensibilidade política. Ou, se vostedes queren, saber distinguir entre as aristotélicas categorías de substancia e accidente.

Debo anunciar de inmediato, e xa mirando ó futuro, que seguirá sendo a nosa primeira prioridade a creación de emprego, dentro das limitadas marxes de acción da política autonómica nesta materia. Polo que atinxe a este importante asunto, gustárame facer un inciso. En primeiro lugar, non é inútil lembrar que a regulación do mercado laboral reborda o noso ámbito competencial e que, precisamente, unha razoable liberación deste mercado pode resultar un requisito para a promoción do emprego, pero en ningún caso pode se-lo noso obxectivo o que vulgarmente se coñece como “contratos lixo”, que desincentivan a capacidade de traballo, rompen a ilusión da xente nova e retraen, a nivel familiar, o consumo privado e o investimento.

En segundo lugar, que as taxas de evolución do número de ocupados por sectores en Galicia, fronte ó resto de España, veñen experimentando unha evolución similar, froito da apertura exterior e interpenetración de ámbalas economías.

Finalmente, convén salienta que a diminución da ocupación é un fenómeno xeneralizado en España e en Europa, e non só en Galicia. Así, por exemplo, o emprego na agricultura caeu desde 1976 un 54% en Galicia, fronte a un 61,6% no conxunto de España. Todas estas consideracións, xunto con outras que poderían facerse verbo do mercado exterior, lémbra-

nos, unha vez máis, o progreso da nosa economía na súa desexable conexión cos circuitos internacionais, caracterizados pola globalización dos mercados e o papel crucial da competitividade no desenvolvemento autosostible como o que propugnamos.

Xa que logo, e cara ó futuro -repeto-, a nosa meta segue a se-la creación de emprego viable, que por certo é outro xeito máis de referirse á competitividade. Sen embargo, a nosa énfase para o período que se avexiña é que agora imos abordar áreas moi concretas. Paso a ofrecerlles algunha reflexión sobre elas.

Para comezar, e aínda que poida resultar reiterativo, debemos e queremos reforza-la participación das forzas económicas e sociais no desenvolvemento de Galicia, que é de todos. Nesta dirección, o noso vello proxecto do Consello Económico e Social é xa unha realidade e, dende agora, reclamámola a súa efectividade para que, sen retóricas, sexamos capaces de precisa-la responsabilidade de cada cal no noso proxecto de desenvolvemento. Sobre esta cuestión debemos ser moi claros: se Galicia arela deixar de ser unha rexión subsidiada, é dicir, valerse por si soa, unicamente poderá alcanzalo co esforzo de todos.

Nesta liña de reflexión, desexo invoca-la necesidade dunha ordenación do espazo que concilie economía e territorio, concentrando os esforzos en investimentos alí onde resulten máis eficientes e equitativos para o noso futuro económico, sen prexuízo das debidas correccións dos nosos desequilibrios interterritoriais. Neste concreto ámbito de interese xorde de novo a urxente tarefa, xa comezada, de coordina-las accións en investimentos públicos e privados por medio dos mecanismos precisos -xa menciónnei os instrumentos- que compatibilicen e fornezan as notables cifras en investimentos de tódalas administracións públicas que actúan en Galicia. E, como caso particular, non sobra lembrar aquí o interese estratéxico dos nosos portos, das nosas áreas metropolitanas ou rexionais que se definen por momentos e que teñen por expoñente próximo Galicia e o Norte de Portugal, como polos de referencia para os novos reordenamentos po-boacionais.

Non está de máis lembrar tamén a nosa preocupación para tentar mingua-la perigosa tendencia á diminución da demografía galega. Cando falei diso por

primeira vez houbo risas, agora todo o mundo recoñece que aquí, e noutros eidos, ese é un problema. Velaí un exemplo máis de que o desenvolvemento é cousa que concerne tanto á economía como a toda a sociedade e, en particular ó territorio e á demografía. Só a súa consideración conxunta poranos na vía máis xusta e realista na solución destes problemas.

Falta, sen dúbida, nesta apretada síntese, unha reflexión verbo da necesidade de afrontar aqueles problemas sectoriais máis críticos que, aquí e agora, nos afectan de maneira particular. Refírome á agricultura e á pesca, mais tamén á industria e ós servizos. Sobre estas importantes cuestións, cabe dicir tres cousas: unha, o importante esforzo feito en termos de infraestructuras económicas e técnicas ó que xa me referín antes. Outra, a nosa disposición para utilizármolos medios existentes -acción sectorial das consellerías e do conxunto dos sistemas, IGAPE, SODIGA, INESGA- para afondar nas políticas sectoriais xa en marcha. E unha última, que se refire ó noso apoio político ó Plan de reindustrialización que agora se está xestando neste mesmo Parlamento.

En definitiva, señorías, a nosa énfase está agora máis clara ca nunca. Fixemos fronte na primeira lexislatura a un grande esforzo na preparación da base infraestructural do noso país, de tal xeito que en 1989 a aportación da Xunta á formación bruta de capital de Galicia non pasaba do 3,7% do PIB, acadando o 4,7% en 1994. En datos macroeconómicos un punto de crecemento é moito, como saben. Entrementes, a Administración Xeral do Estado baixaba no devandito período do 1,04% ó 0,67% do PIB. Repito, pásase en Galicia do 3,7% ó 4,7%, e na Administración xeral do Estado báixase do 1,04% ó 0,67%. Puxemos en marcha un ambicioso Plan de desenvolvemento rexional 1994-1999, que é o noso esquema político económico básico e un coherente sistema promocional. Non obstante, é xusto recoñecer que as desfavorables circunstancias económicas -que ninguén pode ignorar- do período 1990 - 1993 dificultaron o noso despegue, e os recentes acontecementos sectoriais na pesca e a industria aumentan o noso problema. Todo iso é verdade, pero non o é menos a irreductible vontade política que mantemos de avanzar -e estamos a facelo máis lentamente do que quixeramos- cara á resolución de tantos problemas, propios ou sobrevidos.

Ese avance esíxenos imaxinación, fuxindo de mimetismos ou de simplismos na acción política, pero demandando tamén selección de sectores, participación empresarial responsable e implicación seria e rigorosa dos nosos sindicatos. É imposible resolvelo todo á vez, como tamén é imposible -e repíto de novo- ningún avance en profundidade sen que acordemos de boa fe a aportación de todos e cada un a un proxecto común no que, connosco, deberían estar os empresarios, sindicatos e entidades financeiras. Non cabe dúbida de que algún camiño andamos, pero tampouco caben dúbidas de que falta moito por percorrer xuntos. Velaquí pois, señorías, o gran reto dos vindeiros anos.

A miña intervención nesta Cámara para analiza-lo estado da Autonomía sería incompleta, no ano en que falamos, se non abordase os temas ambientais como extratexia de futuro. Na documentación que se lles facilitará ás súas señorías figura un tomo específico coa estratexia ambiental da Xunta de Galicia. Esta estratexia non é senón a resposta, dentro do noso ámbito de actuación, perante unha fonda preocupación da sociedade galega, tanto nos temas xerais que nos afectan como membros da aldea global: a contaminación dos mares, o cambio climático, o esgotamento da capa de ozono ou a perda da diversidade biolóxica, nos que a nosa actuación é necesariamente contribuidora pero limitada, como naqueloutros que nos agreden máis directamente, como o ruído, a calidade das augas, os vertedoiros incontrolados e todo un conxunto de agresións ambientais para as que demanda con razón, a nosa sociedade, solucións concretas.

O Goberno galego articulou unha estratexia global cos eixes seguintes: un marco normativo integral; instrumentos eficaces de prevención e protección ambiental; xestión dos recursos, de acordo coas directrices do V programa da Unión Europea; información e participación cidadá; política ambiental concreta desenvolvida a través dos plans, programas e actuacións complementarias; investigación ambiental, dentro do Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, para a mellora e conservación do medio ambiente; a coordinación, como modelo integrado de xestión.

Os obxectivos básicos da nosa política de medio ambiente son:

Facilita-lo acceso ás tecnoloxías máis modernas que lles permitan ás actividades implantadas ou que se implanten en Galicia cumprir coa normativa ambiental e coas medidas correctoras, o que se traducirá nun desenvolvemento sostido e compatible co medio.

Xestiona-la auga, sustento indispensable de vida, unha das riquezas especiais de Galicia e de toda actividade, para conserva-los seus niveis de calidade e aproveitamento óptimos.

Establece-los sistemas integrados de recollida, transporte, reciclado e tratamento dos refugallo urbanos, industriais e clínicos.

Xestiona-los recursos naturais, de xeito que se poida impulsar de maneira simultánea e compatible o crecemento económico e a calidade de vida.

Repito que na documentación anexa atoparán as súas señorías un minucioso e extenso desenvolvemento desta estratexia e destes obxectivos, pero só quero aquí salientar algúns aspectos de carácter fundamental.

En primeiro lugar, a existencia xa no noso dereito autonómico dun extenso e completo entramado normativo que ten a súa clave de bóveda na Lei de protección ambiental e que se completa, entre outras, coas leis de pesca fluvial e patrimonio cultural de Galicia e as de próxima entrada nesta Cámara, como as de protección do ruído, residuos sólidos e caza. A posta en funcionamento do Consello Galego de Medio Ambiente como órgano asesor e de participación da sociedade na política ambiental. A existencia dun conxunto artellado de plans e programas de actuación que considero preciso enumerar, xa que a través destes instrumentos visualízase unha política ambiental concreta, seria, rigorosa e integrada.

Nestes plans hai uns relacionados coa industria: Plan de control de contaminación atmosférica. Plan de residuos industriais de Galicia. Plan de xestión de aceites e filtros de aceites usados. Plan de xestión de pneumáticos usados. Plan de pilas usadas. Plan de recuperación e restauración de solos contaminados. Plan de residuos hospitalarios. Programa de restauración de áreas afectadas por explotacións mineiras.

Relacionados cos residuos urbanos: Plan de xestión dos residuos urbanos.

Relacionados coas augas: Plan hidrolóxico de Galicia. Plan de infraestruturas básicas de abastecemento. Plan de saneamento e depuración.

Relacionados coa protección do litoral e das augas mariñas: Plan de mellora de espazos impactados do litoral. Plan de infraestruturas e equipamentos de praias. Plan de control de calidade do medio mariño.

Relacionados coa Saúde Ambiental: Programa da rede nacional de vixilancia de contaminación atmosférica de Galicia. Programa de control hixiénico sanitario dos campamentos públicos de turismo. Programa de control sanitario de piscinas de uso colectivo. Programa de control sanitario das augas de consumo público. Programa de control sanitario das zonas de baño. Programa de control sanitario de utilización de praguicidas.

Relacionados co medio natural: Plan de conservación dos ecosistemas forestais de flora e fauna. Plan de recuperación de recursos cinexéticos. Plan de recuperación de ríos. Plan de creación e xestión da rede de espazos naturais. Plan de potenciación de xestión e vixilancia do medio natural.

Relacionados co turismo: Programa de turismo rural.

Relacionados co patrimonio cultural: Programa de protección do patrimonio cultural.

A materialización de todos estes plans e programas de actuación requirirá, certamente, tempo e un importante investimento de recursos, pero todo está en marcha. Será preciso ir avanzando de vagar, a medida que o permitan os recursos dispoñibles pero con obxectivos claros e definidos, contando non só cos nosos esforzos senon tamén coa necesaria, xusta e indispensable achega dos fondos de cohesión que administra o Goberno central, e contando tamén coa aportación tamén necesaria e obrigada, dos que contaminan o noso medio natural. Volvo dicir que o principio básico debe ser que o que contamina paga, por iso o Goberno estableceu un canon de saneamento e vai implantar, con carácter inmediato, a través da Lei de acompañamento á Lei de orzamentos para 1996, que

pronto estará nesta Cámara, o canon que se lles esixirá ás grandes industrias situadas en Galicia que contaminen a nosa atmosfera e o seu produto, e que se destinará precisamente a contribuír ó financiamento destes plans e programas.

Como peche desta análise global referireime a Europa, especialmente á Unión Europea. O noso futuro está aí. Tamén o está a nosa obriga de pelexar para mellora-las nosas condicións de adhesión, para que se aproben programas que teñan en conta as nosas necesidades e, en definitiva, para que se teñan en conta os nosos intereses lexítimos. Sempre cunha real e efectiva lealdade institucional, nunca pretendendo un iluso illamento, xamais sendo insolidarios, nunca non respectando as regras do xogo.

Esta lealdade debe complementarse, e así o estamos facendo, cunha constante e importante presenza nos organismos rexionais europeos que máis nos afectan: Comité das Rexións, Arco Atlántico, ARE, CRPM, entre outros, nos que Galicia non é un simple compoñente pasivo, senón que estamos logrando que as nosas teses sexan aceptadas. Cremos na Europa das Rexións, dentro da Europa unida e loitamos e loitaremos polo seu perfeccionamento.

O presente debate, señor presidente, señoras e señores deputados, non se produce nun momento de estabilidade política, nin no ámbito mundial, nin no ámbito europeo, nin no ámbito do Estado español.

No ámbito mundial, o final da guerra fría, e a súa estrutura bipolar do poder mundial, simbolizados pola caída do muro de Berlín, se ben reduciron a tensión internacional, non deixaron lugar a unha nova orde, senón a unha situación inzada de incertidumes, con multiplicación dos conflitos locais, con graves preocupacións en canto ó desenvolvemento económico e con serias dúbidas sobre a configuración do próximo século. Nada de todo isto axuda a que os pobos do mundo poidan edifica-los seus propios proxectos. Pero permítanme que desde aquí eu lance a nosa noraboa e gratitude á agrupación Galicia que nos está a representar nunha das consecuencias destes problemas non resoltos e moi ben representados.

No ámbito europeo, a Unión Europea viuse sorprendida no seu desenvolvemento e profundización. A ampliación de 12 a 15 membros e a longa lista de

postulantes fan difícil a consolidación da unión monetaria e dunha maior unidade de acción política e estratéxica. En espera da Conferencia Intergobernamental de 1996, o certo é que nos falta claridade nos horizontes e ilusión nos cidadáns.

No ámbito español -porque somos españois, se ben a nosa maneira de sermos españois é sermos galegos-, teño que dicir que España, ese grande e vello terreo europeo, parte activa da historia da humanidade, cabeza e berce dunha grande familia de pobos -por onde andaron e andan tantos galegos- está pasando momentos críticos da súa andaina política, o que con razón se ten chamado a súa segunda transición.

Os que non nacemos onte, senón ó remate da primeira Restauración, e vimos transcorre-las nosas vidas ó longo da época de Primo de Rivera e de Berenguer; da 2ª República; da nosa dramática Guerra civil; da Segunda guerra mundial; da reconstrución, do illamento e a apertura; da transición, na que algúns tivemos unha participación, da que estamos orgullosos; da elaboración da Constitución e do seu desenvolvemento estatutario e legal; da fundación e desenvolvemento da nosa autonomía, e de tantas cousas, non podemos eludir pensar en voz alta sobre o momento que vive España, e que forma parte esencial do estado da Autonomía de Galicia.

España aborda, en verdade, unha segunda transición. As próximas eleccións xerais van ser algo máis ca unhas eleccións para renova-la maioría da cal sairá a lexitimidade democrática para un novo goberno.

Eu penso -e naturalmente non obrigó a ninguén a pensar coma min- que os vindeiros comicios xerais han de ser, teñen que ser, o comezo dunha nova etapa: a etapa popular. A maioría popular foise forxando de abaixo a arriba; dende os concellos, dende as deputacións, dende as autonomía; contra o vento da demagogia e a enxurrada das manipulacións. Lembrémo-lo exemplo do debate sobre as pensións, nas últimas eleccións xerais.

A etapa popular non deberá arrincar, como non o fixo en Galicia, da rixidez dunha ideoloxía, senón do pragmatismo e do sentido común, xamais de posicións de exclusións e de desquite, como o foron as baseadas na loita de clases; tampouco de manipulacións lamentables da opinión, de descualificacións

persoais ou de grupo, senón da verdade na información, da seriedade nas formulacións e do rigor na Administración.

Ás veces criticóuseno-lo feito de non empregar a forza política da nosa maioría en Galicia para vendermos ou alugármolos nosos votos e, deste xeito, obtermos vantaxes inmediatas. Outros fixérono e así lles vai. A confianza do pobo galego para nós nin se merca nin se vende: loitamos para que se creen en Galicia e en tódalas comunidades autónomas de España as condicións necesarias nas cales poidamos todos traballar mellor; e propuxemos un modelo axeitado para isto.

Agora imos te-la grande oportunidade de realízo-lo. Cada un, e Galicia por suposto, poderá defende-la súa autoidentificación e o seu autogoberno, en colaboración con todos e dentro da xusta solidariedade. Pero estou certo, ademais, de que imos ver, quizais por primeira vez na nosa longa historia, recoñecidas e satisfeitas as nosas carencias históricas e recompensadas as nosas xustas demandas.

Ó longo destes anos mantivemos dende a Xunta unha liña de servizo do ben común; non casamos - como adoita dicirse - con ninguén; porque só servindo a todos e mantendo con todos a nosa autoridade que nos outorga, dentro da Constitución e do Estatuto, a confianza popular, se pode servi-lo conxunto, o pobo, de quen vén todo e que todo o merece.

Seguirémolo a facer deste xeito, coas limitacións de toda obra humana, mais coa renovada conciencia do fracaso das utopías, do escándalo e dos enganos e da inutilidade das teimosías ideolóxicas e partidistas. Sobre todo, coa lexítima esperanza de que os principios de solidariedade política e de xustiza social, que Galicia foi a primeira en soster, axiña serán a orientación básica de España enteira.

Folga dici-lo que todo iso supón para a maioría desta Cámara, de confirmación e de esperanza.

E remato. Dende aquel, xa afastado, 5 de febreiro de 1990, no que tiveron a honra de tomar posesión como presidente da Xunta de Galicia, tiveron claras algunhas ideas básicas.

A primeira, que era preciso un cambio sociolóxico e mesmo estético. Abonda de laios e de aldraxes. Era indispensable que Galicia recuperase o seu orgullo, que se sentise importante e mesmo en cabeza dos pobos de España.

A segunda, que Galicia tiña que afondar no seu ser. O que denominei autoidentificación, que non é senón a súa lingua, a súa cultura e as súas tradicións.

A terceira, que a vertebración e articulación da nosa Comunidade esixía actuar con profundidade en todo o noso sistema de infraestruturas para sacar a Galicia do seu tráxico e histórico illamento.

A cuarta, que eramos europeos, membros de pleno dereito nunha comunidade política de máis de 300 millóns de persoas, cun mercado aberto e competitivo e que tiñamos que abrímos ó exterior e revisar tódalas nosas estratexias económicas correspondentes.

A quinta, que eramos orgullosamente galegos e españois, cunha lealdade absoluta a Galicia e a España.

A sexta, que para que unha sociedade se modernice é preciso un profundo esforzo en formación e educación. Só unha sociedade aberta pode progresar.

A sétima, que esta modernización esixía, igualmente, abríse ás novas tecnoloxías e apostar claramente polo futuro.

Estas sete ideas básicas presidiron e seguen a presidir a nosa actuación e espero e desexo que sexan compartidas, no esencial, polas súas señorías.

Señor presidente, señorías moitas, grazas pola súa atención

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor presidente do Goberno.

A sesión reiniciárase ás cinco da tarde. Ata entón suspéndese a sesión.

Suspéndese a sesión ás once e vinte catro minutos da mañá e reiniciase ás cinco e tres minutos da tarde.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado de tódolos membros da Mesa, excepto do vicepresidente segundo, que é asistida polo letrado señor Caride Puente.

Ocupa o banco do Goberno o presidente da Xunta de Galicia, acompañado de tódolos conselleiros.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Beiras Torrado polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente desta Cámara, señorías.

¡Albricias! O señor da dereita deu fala ó cabo esta mañá despois de un ano de face-lo morto -parlamentariamente falando claro está-. El mesmo corroborou-no esta mañá: “É a quinta vez que comparezo en seis anos de lexislatura”. É a quinta vez que abre a boca para falar nesta Cámara. Máis ou menos, menos de unha vez por ano. Se houbese palabras para describir e diagnosticar-lo panorama dunha situación sociopolítica e institucional, que en rigor resulta inefable -e pola mesma, como de seguro ben entenden as súas señorías, imposible de verbalizar, de expresar en palabras-, se houbese palabras para defini-la sintomatoloxía da situación de Galicia na orde sociopolítica e no plano institucional, teño para min que cumpriría botar man das tres palabras que vou enunciar: decrepitude, senilidade, depravación.

Decrepitude. Enténdase decrepitude do corpo social, e nomeadamente do organismo socioeconómico do país, por unha banda e, pola outra, do estado de ánimo, desmoralización e impotencia da xeneralidade da cidadanía no seu conxunto.

Este país, que leva aturado inmemorialmente ata os nosos propios días unha expoliación indiscriminada dos seus recursos actuais e potenciais, está a padeecer agora o sistemático asasinato, por decapitación, esganamento ou amputación traumática dos seus membros vitais, dos poucos sectores produtivos que contra vento e maré os galegos conseguiremos desenvolver e converter en vizosas especializacións exportadoras produtivas a escala internacional, sectores exportadores de crecente dimensión social, vitais para a armazón productiva económica interna e, ademais, motores insubstituíbles dun constante proceso de mo-

dernización socioeconómica do país. Chámense ganadería, agroindustria, construción naval, metalurxia férrea, pesca industrial, conserva, industria manufacturera.

E este proceso de desertización da base productiva material do país acada o seu paroxismo precisamente durante os tres bienios negros que vostedes, o PP, levan ocupando a Xunta de Galicia. Disque o señor da dereita, que chegara coma o mesías en 1989 -ano cero da era fraguiana- ía endereita-lo rumbo da singradura contemporánea do pobo galego cara á terra prometida. Á vista está que o endereitou literalmente cara á dereita do mapa ideolóxico, político e tamén xeográfico, onde está por certo a España seca -seca de clima e de miolos *sous le soleil de Satán*, ou baixo o sol de Satán, que dixerá Georges Bernanos, un escritor cristian, por certo.

¿Lémbranse as súas señorías? O señor da dereita anunciara e comprometera aquí, diante de todos nós, unha nova política económica. Velaí témo-los resultados. Eu rexoubara daquela con que o da nova política evocaba o do novo Estado, ou Estado novo, de Salazar e de Getulio Vargas, e non me trabuquei a penas.

E tamén rexoubara con que os alicerces da nova política económica parecían fundarse, recollendo palabras do seu propio discurso, nas máximas, ou virtudes, da fe, a esperanza e a caridade. En economía, a fe non resiste a proba dos feitos cando xa non é que non se vexan, senón que, visiblemente, resultan se-lo contrario do previsto. A esperanza perdérona inclusive vostedes, inclusive o señor Orza, se é que algunha vez a tivo. E de cara á caridade vai ter que vivir, ou está a vivir xa, o empresariado deste país, xa non digo o proletariado e o campesiñado, que a caridade nunca se fixo para eles.

Fenecida sen chegar a nace-la súa nova política económica, ou sexa, abortada, pese a seren vostedes antiabortistas, ¿por que non nos ofrecen agora unha novísima, como levan feito cos sucesivos prognósticos sobre o calendario das autovías? Esta mañá, señor Fraga, perdeu vostede unha nova ocasión de facer iso; con todo, máis do mesmo.

Pois non só a armazón productiva como tal, tamén o tecido empresarial autóctono e a titularidade do ca-

pital e das empresas: todo un peso pesado da política leva seis anos a presenciar atónito e paralizado cómo o capital transnacional, ou simplemente forasteiro, se apodera progresivamente da propiedade e da titularidade xurídica dunha tras outra das melloriñas, meirandes, ou estratexicamente máis relevantes, empresas ou mesmo cachos enteiros de grupos empresariais galegos. Atónito e paralizado no mellor dos casos, ou sexa, cando non é el mesmo quen lles abre o portelo do noso mercado interno ós invasores normandos neomedievais, que, se cadra, para iso o puxeron en Raxoi, trátase de simples operacións de carteira que non aportan de seu ningún can de investimentos reais nunha armazón productiva do país, só cambios de titularidade coa conseguinte expatriación dos centros de decisión que comandan as estratexias e maila política de empresa no sector privado da nosa economía. Un sector que vostedes tan obsesivamente teiman en preservar a *ultranza* que sexa privado, mais despreocúpanse de defender que sexa galego, co cal, no límite van quedar sen súbditos, ou sen outros súbditos que os escravos da terra, os marxinais, os desempregados e prexubilados, os menestrais e os *gachupines*, *chinitas* e *madrotas* da súa extemporánea e estrafalaria “corte dos milagros” provinciana.

Senilidade. Enténdase senilidade do Goberno da Xunta. E digo ben e sei ben o que digo cando digo senilidade do Goberno da Xunta. E non a enuncio como un atributo simplemente individual. Contra o que poída parecer ou pensarse vulgarmente, a senilidade non se manifesta tanto no plano fisiolóxico canto no anímico. Non é tanto cuestión de *fisis* coma de *psiquis*. Non se define tanto pola arterioesclerose como por estar fóra da realidade e do tempo, polo desinterese ou pola incapacidade para interesarse polo que realmente acontece no presente e, sobre todo, para interrogarse cara a que desenlace futuro, mesmo próximo, camiñan os procesos en curso que se desenvolven ó redor do suxeito senil, sexa individual ou colectivo.

A vellez leva aparelado o acurtamento -no límite, ata a mesma desaparición- do horizonte temporal de futuro en termos obxectivos, mais non de seu nin por forza no plano ideatorio, imaxinativo e mesmo vivencial. Hai individuos humanos e pobos enteiros vellísimos que nada teñen de senil. Desenvolven unha fabulosa creatividade e proxectan cara a adiante unha

enerxía vital anímica que lles permite imaxinalo futuro e seguir a construílo a cotío mentres viven. Por descontado, e como consecuencia e recompensa, eses perviven como realidade colectiva, cando son pobos, ou na memoria colectiva dos seus pobos, cando son individuos humanos. Ramón Otero Pedrayo ou o pobo irlandés son casos que poden ilustrar perfectamente o que acabo de dicir. Se menciono a don Ramón Otero é porque tiveron a fortuna de convivir con el ata os derradeiros intres da súa existencia, a diferenza de Castela ou de Bóveda, que me foron roubados pola historia que vostedes torceron e aínda seguen a torcer.

A senilidade, en troques, converte a quen a padece nun ausente cando aínda non se foi fisicamente da escena. Faino estar ausente e condúceo, no límite, ó autismo.

Este Goberno da Xunta está senil e, polo tanto, ausente e ó bordo do autismo puro e simple; é dicir, da incomunicación máis total e absoluta coa realidade próxima, da incapacidade máis plena da relación co outro, cos demais seres, cos cidadáns -de *alteridade*, en fin. Non sei se será un andazo de orixe individual ou unha síndrome de grupo, mais non semella ser cuestión de idade conforme o calendario gregoriano: o señor Couceiro resulta tanto ou máis senil como conselleiro de Industria que o propio señor Fraga Iribarne como presidente da Xunta. Polo demais, co paso da lexislatura resultan todos cada vez máis indistintos, aseméllanse cada vez máis entre si, como unha pinga de aceite a outra -aceite de candil no que aboia unha chama pequerrechiña a piques de expirar-. Ausencia, inhibición reiterada e sistemática como goberno perante os máis graves problemas que atinxen ó noso país. Ó cabo, eu chego a preguntarme se non estarán considerando vostedes a hipótese de convertérense nunha ONG, nunha organización non gobernamental, agora que están tan de moda no actual proceso de descomposición do Estado xurdido das revolucións burguesas ou bolcheviques.

Mais con ser e todo unha síndrome de grupo ou un andazo de xuntoiro, onde máis exacerbadamente se manifesta é, naturalmente, no propio presidente do tal grupo ou Xunta de Galicia. O seu estado de ausencia é de tal calibre que só resulta comparable coa súa síndrome de ausencia do Estado. Quero dicir que ó cabo acontece que en realidade non está nin aquí nin alá.

Está a vivir unha situación hamletiana a destempo e fóra de lugar, pois que Hamlet, como se sabe, era príncipe -daquela home novo- e de Dinamarca -que eu saiba, non anexionada ata agora polas hostes fraguianas do PP-. O caso do presidente da Xunta é así un caso de mala traducción. *To be or not to be*, traducido por estar ou non estar no canto de ser ou non ser. Estar ou non estar de presidente da Xunta galega, estar ou non estar de presidente do Senado español. Eis unha versión paródica e singularizada da contradicción nacional que presenta a antítese Galicia-Estado español. Velaí por onde o Fraga Iribarne que nunca creu nesa antítese se atopa el mesmo apreixado nesa contradicción obxectiva. Pese á súa persoal pretensión de acada-la ubicuidade, a pertinencia dos feitos impoñen na práctica a súa ruda lei, coa evidencia de que resulta imposible estar de presidente da Xunta e estar de presidente do Senado simultaneamente. A súa humanidade física está na Presidencia da Xunta, mais o seu ánimo arelante está na Presidencia do Senado. Como consecuencia inevitable, o complexo psicofísico que constitúe como individuo mortal que é, non está completo nin no un nin no outro deses dous lugares. Está sinxelamente en ningures, está simplemente ausente.

Reparen as súas señorías en que o caso é moito máis grave que o do famoso burgués xentilhome de Molière, que non sabía en cal xénero literario se expresaba ó falar. Falaba en prosa, claro, coma *todo dios*, mais sen o saber. Con todo, ó cabo falaba. Non sabía se en prosa ou en verso, pero falaba. E os seus interlocutores entendíanlle o que dicía. O caso do presidente da Xunta, Fraga, é moito máis grave. Non sabe onde está, se na Xunta ou no Senado, co cal acaba por non saber sequera onde está. E reclúese nun estado de ausencia, por iso non fala en todo o ano nesta Cámara. Teme comete-lo despiste de pórse a falar aquí coma se estivese no Senado e que se note -porque se nota-. Esta mañá notouse varias veces. O erro inverso non ten habitualmente ocasión de experimentalo. Só tivo ocasión unha vez o pasado ano, e todos vostedes saben o que ocorreu: padeceu a bíblica confusión de linguas entre o galego e o español. Á fin os tradutores simultáneos non foron quen de entendelo e seguiu en ningún deses dous idiomas.

A cousa é tan evidente que ata os medios de comunicación, que habitualmente reflicten ben pouco do

que realmente acontece politicamente no país, retratan en troques á perfección a situación que estou a describir. Procurade cidadáns información contrastada e relato fiel e verosimil do que fan a Xunta e o seu presidente como accións de Goberno e cansaréde-los ollos e os oídos para atopar material fáctico de dimensión apreciable en termos de presente cotián. Porque as inauguracións de primeiras pedras e maquetas corresponden ós dominios do futurible, cando non do ilusorio. Como máximo acharedes palabras vougas e declaracións escapistas verbo dos acontecementos dramáticos e problemas envelenados que suscitan e provocan dentro do noso corpo social as decisións políticas tomadas e accións de goberno acometidas por instancias de poder alleas a nós, sexa o Estado español ou a Unión Europea, Madrid ou Bruxelas. E que, por certo, sempre, absolutamente sempre, semellan pilla-la Xunta e o seu presidente en cirolas, ou sexa en *calzoncillos*, ¡vamos!, nas leiriñas.

Disque por primeira vez na historia temos autonomía política, é dicir, autogoberno. Pois ben, os cidadáns pódono apreciar e, en todo caso, queiran ou non apréciano no seu lombo: nestes anos, aquí goberna *todo dios* menos a Xunta e o seu Presidente. *Todo dios* incluído o PP da *calle* de Génova. A Xunta e o seu presidente, cando máis, opinan nos medios de comunicación sobre o que deciden facer en Galicia e con Galicia os gobernos español e europeo, que se resume en mexar por nós en diversas posturas. E opinan sempre a *poteriori*, a balón pasado, sobre feitos consumados, nunca antes; ou fan profecías do evidente por ter acontecido xa, do tipo: “Á flota pesqueira galega váiselle poñer feo o panorama nos grandes caladoiros oceánicos”, e *paridas* polo estilo. ¡Vale, profeta! -que dirían os *pasotas* consabidos-. Para iso poderían vostedes apuntarse á tertulia de Julia Otero; éllas mellor cancha que Radio Camariñas e a Tele campestre de Redondela, malia que as monopolicen vostedes, porque un monopolio sen prestixio nin ten audiencia nin sequera lles vale para andar por casa. Se cadra, resulta que me botaron desa tertulia para substituírme vostedes e mataren así o tempo, a falta de choio no inexistente labor do Goberno da Xunta ou por cousa mellor que faceren, como, por exemplo, “abrirse” dunha vez.

Todo iso está clariño, é perfectamente diáfono, e os profesionais dos medios sábeno ben e coméntano

entre eles, aínda que moi poucos ousen poñelo por escrito ou dicilo en alta voz polas ondas herzianas.

En congruencia con todo o devandito, está o fenómeno tan sintomático de que, nesta situación, os dous temas políticos que máis tinta ou cuspe -segundo os medios- levan feito escorrer ó longo do ano en informacións deformadas, comentarios recadrados, artigos pontificais, vaselinas e editoriais con firma interposta, son dúas nebulosas suspendidas no éter, mutantes e evanescentes como o neboeiro que escacha e que se recompón segundo as horas do día e tamén o devalo das marés. A saber: as especulacións sobre a sucesión e maila margarida presidencial Xunta-Senado “si, non, si, non, si”, ¿non si? Vistos e oídos os medios, este país enteiro semella reducido a un club londinense de empregados da *city* nas postrimerías da era victoriana; é dicir, na decadencia irremediable.

¿Non é sintomático, non corrobora a miña tese da ausencia senil, o feito de que dende o comezo mesmo dunha lexislatura, triunfalmente inaugurada en maioría absoluta cun *duce* insustituíble, sexan precisamente a substitución (sucesoria) do *duce* e o eventual traslado dese *duce* ó asilo do Senado, os dous grandes temas informativos que xera o desempeño da presidencia da Xunta polo actual titular? ¿É iso todo o que dá de si a acción de goberno da Xunta e do seu presidente, tocantes á xeración de información, análise e comentario político? Porque o resto é publicidade pagada por tarifa, subvención ou sobre. ¿É congruente iso todo co axioma da lexendaria fortaleza e enerxía política do tótem-presidente? ¿Estar ou non estar, seguir ou ser sucedido? Dixen antes que semellaba un club londinense de empregados da *city*, e dixen mal. Mais ben semella o *Saló*, de Passolini; é a evocación que me suxire a actual situación de ausencia senil da Xunta e o seu presidente.

E isto último lévanos da man ó terceiro dos vocábulos enunciados ó comezo, sen o que non se comprende na súa completude o panorama da situación sociopolítica e institucional deste país arestora.

Depravación: enténdase, depravación do poder establecido na Autonomía galega. Depravar, segundo o dicionario, significa “alterar prexudicialmente” e equivale a “estragar, corromper, adulterar, falsificar”. Todo encaixa: altera-lo sentido da detentación e o

exercicio do poder prexudicialmente para os dereitos e liberdades dos cidadáns e para os intereses e necesidades do país. Adultera-los contidos e as formas de exercicio do poder deseñado e outorgado en coordenadas democráticas, transformándoos na práctica en despóticos e *quasi*-totalitarios. Falsifica-los principios políticos e os compromisos programáticos, convertendo o exercicio do poder nunha fraude xeneralizada e sistemática, inclusive nunha fraude á propia base social e electoral que lles deu co seu voto o mandato para gobernar -por máis que non se decaten, ata que os estragos feitos sexan irremediables, como nos ensina a historia, para quen ten memoria histórica, naturalmente.

Corromper: corrómpanse as augas mortas estancadas nos illós ou encoradas nas represas en desuso, como o poder que detentan vostedes e non utilizan nin administran para fins xenuínos e socialmente proveitosos que o lexitimarian, senón para nutrírense del vostedes mesmos e os seus vasalos e reproducírense como os fungos e as ras nese caldo de cultivo, mesmo coa pretensión de convertelo en patrimonio persoal seu e de perpetuárense nel por transmisión hereditaria, como nas antigas sociedades patriarcais ou feudais.

Para iso operan sen reparos nin escrúpulos éticos, ideolóxicos nin políticos. Primeiro manipulan a inxenuidade e a candidez das xentes, os resortes máis simples e elementais da condición humana, para ofrecérenlle-las fantasías milagreiras da lámpada de Aladino e obteren así que lles confíen o poder. Logo inculcan ou cultivan na xente as feblezas, carencias e temores máis atávicos, individuais e colectivos, a falta de confianza en si mesmas, a vertixe da inseguridade, as carencias culturais, a renuencia a afrontaren os problemas, a propensión a delegaren sen garantías en quen lles venda protección, autoridade, tutela, orde e seguridade máis ca xustiza, oportunidades, protagonismo, participación e dignidade.

A seguir, amordazan coa censura os que ousan pensar pola propia conta, opinar con liberdade, discrepar en público. E se os hai que cometen a tropelía de defenderse mobilizándose e mobilizando a outros máis, alcúñanos vostedes de irresponsables, violentos ou o que faga falta con tal de recluílos nos infernos dos guetos consabidos e coñecidos na historia dos ré-

ximes políticos ós que vostedes máis se asemellan no fondo.

Despois montan as súas tramas camufladas e paralelas ó aparato institucional, alimentadas pola intención oficial dende os almacéns do poder. E, finalmente -dígoo só por acabar-, elúdese, amáñase ou trúcase a lei, ou fanse as leis como traxes a medida, ou procúrase que os intérpretes e executores da lei fagan a súa angueira á comenencia de vostedes, ou no límite, actúase na simple ilegalidade ou concúlcase descaradamente o marco legal, pois que chegados a ese punto teñen vostedes conciencia de ter acadado, provisoriamente, cando menos, as condicións da máis completa impunidad.

Todo iso non vale para gobernar real e efectivamente, ou sexa, para abordar e resolve-los problemas económicos, sociais, culturais e políticos que padece a cidadanía á que todo goberno honesto e benintencionado se debe. Pola contra, vale soamente para agravalos e mesmo, ó cabo, convertelos nunha patoloxía incurable. Mais cando gobernar, no sentido propio da palabra, non é o obxectivo da obtención e a posesión do poder, o feito de non exercer unha verdadeira acción de goberno carece de relevancia para vostedes, con tal de que a súa situación no poder, de estaren no poder, non corra perigo. E para iso abonda con que o monopolio da megafonía pública lles permita aparentar que gobernan e que o uso represivo do poder contra os súbditos lles faga sentir a eles, mesmo por experiencia das malleiras nas súas propias costas, que o poder de vostedes, efectivamente, existe e funciona cando se trata de obter unha subvención, empregar un fillo, poñer a andar unha empresa, apuntarse a uns cursos de formación profesional, solicitar un crédito do IGAPE, tramitar permisos e licencias diversas ou de calquera outro xeito perante as portas e as troneiras ou nos labirintos do castelo kafkiano en que vostedes converten o recinto do poder, cando, pola contra, debéra ser unha agra aberta ós cidadáns, xa que eles, e soamente eles, o dotan de sentido social e político.

Ó cabo desembócase nun estado de depravación. E o peor de todo é que vostedes practican a depravación do poder sobre unha masa de súbditos con moral de derrotados; un pobo que vostedes induciron a sentirse vencido pola historia, “domado e castrado” segundo a celeberrima frase das crónicas, non xa no século XV

ou XVI, senón outra volta en pleno século XX. E ese é o peor crime político que se pode cometer. Crime e tamén covardía: a súa covardía política, nesta perspectiva, non ten límites. Están vostedes ausentes do exercicio do poder en accións responsables de goberno mesmamente para aquilo que constitucional e estatutariamente lles foi ese poder conferido; a saber, para defenderen e promocionaren este país en toda a gama de intereses, dereitos, necesidades e problemas que experimenta e padece, e nomeadamente en exercicio da propia identidade, dignidade e dereito ó benestar fronte ós centros de decisións foráneos que nos tratan como simple obxecto dos seus propios intereses ou cobizas, cando non do puro desleixo; mais, a fin de contas, cómpre sermos conscientes de que eses non os eliximos para que nos representen e defendan, como en troques acontece con vostedes.

Quérese dicir que eses poderes non nos traicionan, só nos agreden. Están vostedes ausentes, digo, do exercicio do poder para esas tarefas xenuínas, mais en troques están omnipresentes no exercicio monopolizado do poder cara a dentro, como un auténtico partido único, para reduci-los galegos a servos no tocante á súa condición social e política efectiva e, inclusive, con almas de servos, a poder ser.

Mesmo por iso non é máis que aparente o paradoxo de que o seu peor inimigo o vexan vostedes no Bloque e non na Unión Europea, nas directivas de Bruxelas que arruinan os nosos sectores productivos, nos capitais que expropian ó empresariado galego e nas nosas empresas que expatrian, ou nos partidos, *lobbys* e grupos de presión que no Estado ou en Europa, desde o Goberno ou fóra del, pero consensuadamente en tódolos casos de importancia, apostan por Canadá ou Marrocos fronte ós mariñeiros e armadores galegos, por Alemaña ou Xapón fronte ós estaleiros galegos privados ou públicos, ou por Francia ou Holanda fronte á gandería e á agroindustria galega, e así seguido.

Desde o tempo da *Ilíada*, máis de mil anos antes de Cristo, funciona universalmente como símbolo, cun significado que non precisa máis explicación, o do cabalo de Troia, Ilíon. Só que vostedes non están á altura do mito, son soamente un sucedáneo: a vostedes acáelles mellor o de seren un cabalo nunha cacharrería. Mais neste país con tradición de oleiros espারে

xida, mesmo en topónimos, polos catro puntos cardinais da súa xeografía e da súa cultura, abonda con iso para que sexan un desastre: os estragos están á vista.

Nestas condicións o seu peor inimigo veno no BNG, porque é o espello no que se configura a imaxe que se identifica en positivo co país, a mensaxe veraz dun auténtico compromiso con este país sen ataduras a ningunha razón de Estado ou de intereses que poidan interferir con el, a mensaxe de que “o meu único señor é o meu pobo” e o retrato do que pode ser unha Galicia galvanizada pola confianza nela mesma e disposta a combater polos seus propios intereses e dereitos sen complexos, sen andar polo mundo pedindo permiso para existir, camiñar e prosperar, comezando por afirmarse única soberana de si mesma, para tirar partido a pleno rendemento do seu potencial humano e dos seus recursos.

E para iso cómpre empezar por defendermos con uñas e dentes o que xa nós e os nosos devanceiros criamos e construímos, os sectores económicos que ninguén ten dereito a destruír, coartar nin desmantelar; as conquistas sociais; que ninguén ten dereito a roubarnos; a cultura que nos permite recoñecernos a nós mesmos e termos unha propia perspectiva sobre o mundo, como as liñas faciais e os modos de pensar lle permiten iso mesmo a calquera individuo humano que non queira ser un “clónico”. Ninguén pode ser a un tempo el mesmo e o seu contrario sen caer na esquizofrenia. E vostedes, no mellor dos casos, pretenden que Galicia e os galegos sexamos iso e o contrario, co cal este pobo acabaría fatalmente por se-lo escravo dos seus contrarios, mesmamente.

Nós dicimos que Galicia ten a necesidade e o dereito de producir, e que o Goberno galego ten que escoller entre combater a prol da potenciación, o amparo e a defensa do noso tecido productivo, ou converterse en tapadeira, coartada e cómplice da deterioración progresiva ata a virtual destrución desa nosa base productiva. É un dilema, cómpre escoller, non vale a ambigüidade, non vale a pretensión de quedar a ben con todos, cos traballadores e empresarios galegos e cos señores de Madrid e Bruxelas que veñen a por nós. Ou se está contra a imposición de cotas leiteiras que coutan o noso desenvolvemento agrario ou se está a favor, para que nos metan aquí os excedentes europeos. Ou se defende a construción naval e se

combate por manter e amplia-las súas cotas nun mercado internacional hoxe en expansión ou se deixa que a decapiten en beneficio dos estaleiros alemáns, daneses ou franceses. Ou se defende a industria conserveira fronte ás condicións leoninas que lle puxo e aínda mantén a Unión Europea en beneficio de terceiros países, que non pagan ningún dos custos da integración, ou se deixa que a discriminen, que se raquitice e mesmo que caian en mans dos contrarios empresas galegas emblemáticas que só defenden hoxe as mulleres obreiras que traballan, mal pagadas, nelas. Ou se defende con uñas e dentes -repito, con uñas e dentes- a flota pesqueira de altura fronte a quen a expulsa de tódolos caladoiros e a unha Europa que fai o *paripé* de ternos en consideración, mentres se entende por detrás cos nosos enemigos e nin sequera nos dá quiñóns nos seus propios caladoiros, que deberan ser tamén nosos como europeos especializados na pesca, ou se converte un en celestina duns e doutros para inmolarnos no altar pulcrísimo dos farisaicos ideais neoliberais, que son un estupefaciente que vostedes consomen en cantidade sen saberen sequera que os vai destruír como calquera outra droga.

Para iso existen un Parlamento e un goberno galegos. De non ser para iso estarían de sobre, e saínlles moi caros de máis ós cidadáns que pagan impostos. Esbardallan arreo vostedes e os seus conxéneres do PP *genovés* co lero de reducir impostos: mellor sería que traballasen vostedes e mais eles para cumpriren coas tarefas, obrigas e responsabilidades polas que vostedes cobran o que pagan en impostos os cidadáns. Se vostedes fosen productivos e eficientes como Goberno e Administración estou certo de que os cidadáns non precisarían redución de impostos, porque verían incrementados os seus rendementos polos efectos inducidos dunha boa acción de goberno na economía do país. Para iso está e para iso debe estar un goberno galego.

Na situación en que se atopa Galicia, non hai nada máis caro para o país que a pusilanimidade política dun goberno, e vostedes son unha Xunta politicamente pusilánime. Unha Xunta en ausencia senil, repito outra volta. Galicia precisa un goberno que dea o peito, e vostedes non teñen xa nin peito que dar: todo se lles vai en fachenda *hortera* e protocolo, en dispendio escandaloso e en mordazas para os que non calamos e disintimos.

Nunca fora tan necesario coma hoxe un goberno galego lúcido, con talento, honestidade e disposto a combater sen hipotecas polos intereses deste país. E poderíase pensar tal vez que incorro nunha contradición ó afirmar isto ó mesmo tempo que sinalo que aquí goberna *todo dios* menos a Xunta; é dicir, que cada vez son máis numerosas e máis determinantes as decisións que se toman en instancias europeas e estatais respecto dos nosos intereses e problemas. Pois non é así. Por paradoxal que semelle, mesmamente porque agora temos que afronta-las consecuencias de decisións tomadas por institucións que antes non existían ou non nos atinxían, como a Unión Europea, mesmo por iso é indispensable que os galegos utilicemos a tope na nosa defensa o poder político que radica no Parlamento e no Goberno galegos, o único do que podemos ser colectivamente donos e utilizar exclusivamente nas coordenadas dos nosos propios intereses e necesidades.

Cando a balanza bascula cara á Unión Europea, para equilíbrala temos que poñer-lle máximo peso de poder político posible no outro prato desa balanza, no que a pode facer bascular cara a nós, no dos poderes lexislativo e executivo galegos. Vostedes, a actual Xunta e o seu presidente, fan todo o contrario; á hora da verdade, pese ás palabras, nas situacións realmente conflictivas, acaban por empoleirarse tamén no prato que bascula cara a Bruxelas, metidos no peto de Aznar, Rajoy e o PP estatal. Ou se non, ¿que fan os seus deputados coruñeses, lugueses, ourensáns e pontevedreses nas Cortes? Á parte de ir de extras nas *brancas* a Felipe. ¿Que levan feito os seus deputados e familiares no Parlamento de Estrasburgo ó longo dos conflitos que a política europea lle está a crear a Galicia? Pois viaxar por todo o planeta con gastos pagos e axudas de custo de fábulas nas misións máis inverosímiles e nos lugares máis estrambóticos. E van de españois, nunca se identifican como galegos fóra de aquí, nunca abren a boca para defendernos.

O nacionalismo no Goberno de Galicia é a condición necesaria para cambia-lo rumbo cara ó norte desde o interior do propio país. Un nacionalismo que teña, ademais, presenza e que poña o peso específico de Galicia na política do Estado. Goberna en Cataluña un nacionalismo catalán e, aínda con ser conservador, xa se ve como lle vai a Cataluña en comparación con nós. Xa dixera eu o ano pasado, señor Fraga Iribarne,

que Jordi Pujol se convertera no home de Estado que vostede quixo ser e non puido. Iso si que é un peso pesado na política, non de materia inerte senón de astucia e habelencia, para canto máis sendo un nacionalismo progresista coma o do BNG.

Vostede, señor presidente da Xunta, incorreu en varios lapsus freudianos na súa intervención desta mañá. Un deles consistiu en que se referiu a un inminente cambio electoral co que Galicia pasaría unha folla da historia e entraría nunha nova fase fecunda e positiva para o noso país. Estamos de acordo, estaba asumindo vostede freudianamente a premonición do triunfo do BNG, porque aquí non hai ningún outro cambio de onda en perspectiva. Vostedes xa abriron unha fase nova hai seis anos, a da decrepitude, a senilidade e a depravación -que xa expliquei-, non é logo para mañá, xa foi onte, e non podo crer que se referise vostede a un hipotético triunfo de Aznar no Estado. Defraudárame definitivamente que vostede se autodescualificase desa maneira, cifrando en quen goberna no Estado a posible eficacia do Goberno da Xunta de Galicia presidido por vostede e recoñecendo que a chegada de vostede ó poder aquí, en 1989, non abriu ningunha fase próspera para a autonomía galega nin valeu para nada. Ou sexa, que só se gobernase Aznar en Madrid vostede valería para algo ou podería facer calquera cousa.

Na estrutura económica e social de Galicia abundan os grupos e sectores socioeconómicos que obxectivamente necesitan e mesmo están real ou potencialmente interesados nun funcionamento diferente do poder autonómico galego, do Parlamento, a Xunta e a Administración autonómica. Debería vostede asistir de incógnito para que non o vexan alí e non se autocensuren as comparecencias que teñen lugar nas Comisións deste Parlamento para reindustrialización de Galicia e escoita-lo que din nelas os empresarios dos máis diversos sectores productivos, xa non só os sindicatos, no canto de le-los papeis que lle pasan os seus conselleiros e que logo vostede repite aquí maquinaalmente sen decatarse das gafadas que aí se din.

Son os sectores e grupos laborais e empresariais que reclaman, por exemplo, unha redución dos custos enerxéticos e diversificación das formas de enerxía que lles permita aproveitar así as vantaxes comparativas a prol da consabida competitividade.

Son os que reclaman unha política crediticia e financeira que lles permita reduci-la pesada carga de custos financeiros que hoxe padecen as empresas industriais, agrarias e pesqueiras, tan altamente dependentes do financiamento externo a elas, fornecido pola rede de intermediarios financeiros en condicións moitas veces leoninas e a prezos que, en todo caso, lles impiden, só por iso, seren competitivas a nivel europeo. A ver se comprenden vostedes, e teñen en conta dunha vez, que competitividade e produtividade non é a mesma cousa nin se pode incidir neses dous parámetros da mesma maneira. A competitividade depende, por abaixo, do nivel de produtividade, que, á súa vez, vén dado pola función de custo das empresas. Máis tamén depende, por arriba, da formación dos prezos nos mercados de saída e venda dos produtos. Estes últimos, dada a progresiva internacionalización, e o que se di agora, a globalización dos mercados, están fóra do alcance da incidencia das medidas de política económica que poida adoptar calquera Goberno galego. En troques, un Goberno galego capaz e intelixente pode favorecer-la redución de custos, a eficiencia e a produtividade do aparello productivo deste país. Mais isto non se fai con palabras, faise manexando decididamente resortes que atinxen a temáticas como as que estou a referir, que son reclamadas por axentes económicos dos que estou a falar e nas que vostedes non levan feito absolutamente nada concreto que mereza a denominación de política económica.

Son tamén os sectores que reclaman e precisan un control autonómico e de ordenación racionalizada da concesión e aproveitamento do potencial dos recursos mineiros e enerxéticos actualmente espoliados, pura e simplemente, para podermos xerar aquí dentro as cadeas productivas das actividades transformadoras e manufactureiras xeradoras de valor engadido, pois sen elas resulta ilusorio o desenvolvemento do tecido interindustrial indispensable para a modernización e para o desenvolvemento endógeno da nosa base económica.

Son os que reclaman un sistema de financiamento público da Comunidade Autónoma que lles permita acadar-la suficiencia e a autonomía financeira sen a que, insisto e seguirei a insistir mentres cumpra, non pode haber realmente autonomía política, mentres vostedes tragan un modelo de financiamento das co-

munidades autónomas que non cumpre ningún destes requisitos e que, por riba, discrimina obxectivamente a un país aínda subdesenvolvido como é o noso. Nin sequera ousaron vostedes, nin sequera ousou vostede, señor Fraga Iribarne, mante-lo tipo, ou cando menos as súas posicións anteriores, na cuestión do 15% do IRPF, que resulta regresiva e discriminatoria para as finanzas públicas do Goberno galego.

Son, así mesmo, os sectores que reclaman que os fondos estruturais da Unión Europea que nos corresponden como rexión de obxectivo número un poidamos xestionalos integramente nós mesmos ou, cando menos, que non lle deixémo-las mans libres ó Goberno do Estado para distribuílos como lle dea a gana, incluso en destinos tan aberrantes e contrarios á finalidade orixinaria deses fondos como feiras de quintos centarios ou, baixo corda, olimpíadas e leiras polo estilo en territorios do Estado que non son obxectivo número un nin farrapos de gaitas.

Son os que reclaman unha política forestal que racionalice e optimice o uso e o aproveitamento dos nosos montes na combinación entre funcións ecolóxicas, conservaciónismos, silvicultura e rendemento productivo. Que, no límite, ata diría que esixen, cando menos, a existencia dunha política forestal, que na actualidade brilla escandalosamente pola súa ausencia.

Son os que reclaman a posta en marcha dunha política laboral orientada tendencialmente cara ó pleno emprego, neste país que se atopa nas condicións dunha oferta ilimitada de forza de traballo, como diría Kalecki, dados os niveis de paro, ostensible e encubierto, que rexistra.

Os que esixen unha política de servizos sociais que, basicamente, se asente nos criterios de que sexan públicos, universais e gratuítos, mentres vostedes privatizan todo o que poden: ensino, sanidade -aí teñen, no ensino, país de rapaces da provincia de Lugo que están reclamando, e vostede entrou pola porta escusada de atrás en vez de da-la cara aí diante- e servizos sociais, convertendo en negocio -ben, pois, entón, non se atreveu a saír do Parlamento ó mediodía. Desculpe non quero increpalo por iso, pero é que realmente... *(O señor Fraga Iribarne pronuncia unhas palabras que non se perciben)*. Ben, moi ben, pois rectifico, se vostede non saiu do Parlamento, rectifico-. converten-

do en negocio dos seus amigos ou clientes partidarios o que teñen que ser servicios públicos propiamente ditos para que exista un mínimo de xusticia social e equidade no goce dos elementos do benestar que non se cifran en termos económicos de ingreso, renda ou gasto dos cidadáns.

Son, en fin, os que reclaman unha política de comunicacións e redes viarias concibida coma un tecido interdependente, sen o cal non se pode racionalizar nin optimizar, no canto de facela á toa por cachos ou por parroquia.

Xa non vou insistir no escandaloso ridículo do leño das autovías coa meseta, nin do ferrocarril. Tampouco en política portuaria e de comunicacións marítimas fan vostede nada sensato nin teñen sequera ideas que nos permitan aproveita-las nosas vantaxes comparativas, clarísimas, de posición xeográfica, para engancharnos por anticipación nos proxectos europeos en materia de comunicacións e transportes transcontinentais.

Podería continuar con enunciados tan concretos, tanxibles e razoables como os que acabo de facer, en contraste coa vaciedade absoluta do seu discurso desta mañá en todas estas ordes de cousas, mais non é esta aínda a hora de pronunciar nesta Cámara o meu discurso de investidura, ben sei. Por máis que, vistas e ouvidas as nosas respectivas intervencións, unha vez máis parece -e dígolle coa modestia que me caracteriza- que o presidente aquí é o Beiras e o Goberno o Bloque, no canto de vostede e os seus autistas conselleiros, que non parece, polos feitos, que teñan cousa ningunha que aconsellarlle. Máis é unha realidade, a fin de contas, o pouco que vos tedes levan feito merecente de consideración positiva; e fixérono chupando roda de nós, das nosas ideas e iniciativas, xeralmente rexeitadas tuzaramente por vostedes nesta Cámara, aínda que logo algunha vez levadas, en versión camuflada e esluída, a algunha iniciativa presentada por vostedes como propia. O que pasa é que, despois, nin esas as aplican na práctica, ou a penas.

Mais, finalmente, a cerna da cuestión volve radicar este ano, como os pasados do sexenio negro, no réxime de liberdades e dereitos democráticos. Disque ultimamente un dos buracos de ozono que a depredadora civilización que padecemos furou na estratosfera do

planeta sitúase precisamente sobre os ceos de Galicia. Non me sorprende nada, aínda con sermos un país industrialmente retrasado. É produto, seguro, da altísima taxa de contaminación que vostedes levan enxendrado no tipo de atmosfera máis xenuinamente indispensable para a existencia dos seres humanos como elementos peculiarmente diferenciados dentro da complexa estrutura da biosfera: a atmosfera das liberdades e dos dereitos dos cidadáns, singularmente os dereitos e liberdades políticas de información, expresión, pensamento, opinión, asociación, solidariedade, cooperación, creación literaria e artística. En todas esas ordes de cuestións vostedes volveron a nosa atmosfera asfixiante e totalmente irrespirable: Pisotean as súas propias leis no Consello da RTVG. Censuran nela arbitrariamente as mensaxes concertadas contractualmente do sindicato nacionalista CIG. Coaccionan a unha cadea radiofónica para que silencie a palabra dun cidadán que é portavoz nesta Cámara dun grupo que obtivo o 20% dos votos galegos emitidos nas pasadas eleccións parlamentarias galegas. Encubren cun telón de aceiro un defraudador de fondos públicos que estivo catro anos, nada menos, á fronte dos servicios de seguridade e policía, dependentes daquela directamente da Presidencia da Xunta e, por riba, descualifican e censuran na súa megafonía particular ós poucos medios de comunicación que ousan informar neste país desta e de tantas outras aduanadas que vostedes agochan nos sotos de San Caetano. Aplauden indeciblemente as nauseabundas insinuacións dun fiscal xeral de nada menos que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que quere botalle o morto dos incendios forestais ós mariñeiros, que xa teñen que apandar co morto no que vostedes e a Unión Europea converten a flota galega do banco sahariano. Mentres tanto, aproveitan o Goberno para faceren prosperar negocios como os que nestes días mesmo saen a relucir ou os que tantas veces foron obxecto de reclamación de investigación parlamentaria nesta Cámara e que vostedes se negaron e se negan a aceptar ou truncan e anulan na práctica, coa súa maioría absoluta, as actuacións da Comisión correspondente. E, mentres tanto, tamén, os seus impolutos colegas en Madrid vociferan contra o que desde Galicia, cando menos, en rigor, só o Bloque Nacionalista ten lexitimación e mans limpas para denunciar. É un esperpento. Con esta diferenza, non se trata dunha ficción literaria que reflecta deformada en espellos cóncavos unha realidade de antano senón que é a realida-

de actual mesma, por increíble que poida resultar para inxenuos cidadáns de boa fé ós que vostedes se encargan de impedir que lles chegue calquera caste de información veraz.

Afirmei o ano pasado que o secuestro da información constituía o núcleo e a matriz do totalitarismo. Non o vou repetir. Prefiro retoma-las claves de sarcasmo en que optei hoxe por expresarme en homenaxe ós máis xeniais devanceiros do nacionalismo intelectual, cultural e político que hoxe encarna o BNG.

Hai anos, ben anos xa, eu vira nunha cinemateca parisina un filme protagonizado polo fabuloso Louis Jouvet. Nunha secuencia dese filme, a protagonista feminina, a actriz Arletty, espetáballe nun intre dado ó seu compañeiro: *“Tu es mon atmosphère”, “ti é-la miña atmósfera”*. Vostedes, pola contra, non son a nosa atmósfera. Vostedes son a nosa anti-atmósfera. Vostedes son altísimamente contaminantes para a nación galega. É necesario e urxente que governe o BNG, aínda que só sexa para rexenera-la capa de ozono na atmósfera deste país co osíxeno dos dereitos e liberdades individuais e colectivas, cívicas e políticas, que son patrimonio inalienable do pobo galego. Dixen. *(Aplausos)*.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Beiras. *(Aplausos)*. Agradécese silencio nas tribunas, por favor.

Ten a palabra o señor Cortizo Nieto.

O señor CORTIZO NIETO: Señor presidente, señorías, asistimos esta mañá a un discurso do presidente da Xunta sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, e eu non sei se asistimos a un relato. Mellor dito, creo que si, que asistimos a un relato, pero o que non sei é se asistimos a un discurso sobre o estado da Autonomía ou a unha tomada de pelo.

Optou no seu discurso por un enorme listado da rutina de administrar, nin sequera por un listado das accións de goberno. Foi un memorial da acción rutinaria mesturado cun cambalache de cifras, comparacións absolutamente heteroxéneas e, ó final, sempre para mostrar unha realidade que non existe.

Foi un discurso de pouca valentía desde o punto de vista de compromiso co país. Chegou a dicir, falando de incendios, que este ano foi o ano máis seco do século. ¡Xa hai que botarlle falta de compromiso para dicir iso! Falou de austeridade, cando son memorables as actuacións de dilapidación. Falou da RISG coma un dos elementos importantes desde o punto de vista da política social, pero esqueceu dicir que a RISG atende a nove mil persoas e os datos de pobreza deste país sitúan en tal condición a cerca de catrocentas mil. Falou da RISG, pero esqueceu dicir que atende tres mil fogares galegos e sitúanse en condición de pobreza máis de cen mil fogares galegos; pero é bonito dicir que hai unha renda de integración social. ¿Pero que eficiencia e que eficacia ten? Falou dun canon de saneamento e esqueceu dicir que desde o ano 1990 podía poñer en marcha un canon de vertidos, de tal xeito que moitas necesidades, desde o punto de vista do saneamento, podían estar resoltas con esa figura impositiva. ¿Temos que crer que o vai por en marcha agora? Falou do hospital de Verín porque tiña que citar algún hospital, non dixo que estaba feito antes da transferencia. E así poderíamos ir percorrendo todo o seu discurso, pero non chegaríamos a nada concluínte, só a demostrar que foi un relato rutinario.

Hai que recordar como no ano 1990, no discurso de investidura, dicía o señor Fraga: “Galicia” -e prometía- “pode colocarse entre as primeiras rexións europeas a través dun novo milagre”. Hoxe, seis anos despois, podemos constatar que non existiu ese milagre e que foi un acto de fe absolutamente inútil confiar no milagre. En realidade estamos nos últimos postos das comunidades autónomas españolas e, por suposto, das rexións europeas. E houbo fe no señor Fraga no ano 1990. Houbo fe e houbo un enorme capital político depositado nas súas mans en forma de votos e de ilusións de moitos galegos e galegas. Dilapidouno completamente, foi un investimento nada rendible para este país.

Non houbo hoxe aquí unha exposición do modelo de país construído nestes seis anos. Supoño que debería ser construído de acordo co proxecto político que o señor Fraga di presentar. Non houbo unha exposición dos intereses e dos réditos que tiña que devolver do capital político que os galegos depositaron nel. Non houbo -insisto- exposición do traballo feito na

corrección das desigualdades deste país. Non houbo exposición e resultados dos traballos feitos na corrección dos desequilibrios territoriais. Non houbo explicación sobre o que se fixo na recuperación dos atrasos históricos de Galicia. Non houbo datos concretos das solucións ofrecidas por este Goberno para solucionar os nosos propios problemas. Houbo referencias, moitas, ó enemigo exterior, que é sempre o causante de todo o malo que hai en Galicia. Nunca nós, os galegos, e neste caso o Goberno, somos responsables de nada do que aquí acontece. A mellor autoidentificación -a mellor- é aquela que se conforma sobre a base do que nós podemos facer por nós mesmos. Autoidentificáremonos co que nós fagamos por resolver os nosos propios problemas, co esforzo que poñamos enriba da mesa para dotármolos de solucións ante os problemas específicos que temos.

Eu entendo construír Galicia como construíla a partir dun proxecto político para chegar a un modelo de país. Entendo que debe ser algo similar á construción dunha urbanización ou dun edificio. Pero imaxinen vostedes como se pode construír un edificio sen planos; como se pode construír un edificio sen arquitecto, sen proxecto; como se pode construír un edificio sen técnicos axeitados. Coa imaxinación transmuten construír Galicia por construír un edificio. Pensen que nesa obra hai un capataz, o papel adxudicámollo ó señor Fraga, e adxudiquémolle o papel de traballadores -e xa é moito adxudicar- ós membros do Goberno. Pensen que aquel de aí é o encargado de poñer as ventás nos edificios, pero que o do primeiro, que é amigo del, pon as súas ventás e tamén as que lle corresponden ó segundo e ó terceiro, así o terceiro e o segundo son pisos cegos e o primeiro non ten ventás, ten galerías. Pensen que este de aquí é o encargado da urbanización para o botiquín, pero en vez de dota-lo botiquín de vendas e esparadrapo crea unha fundación na que inviste os cartos e o que coloca as ventás, que se manca, ten que ir a un hospital fóra da urbanización porque alí o botiquín non funciona. Pensen que aquel é o encargado da seguridade do edificio, pero cando chega a poñer os videoporteiros atópase con que o que tiña que facer os buratos non os fixo porque están descoordinados e, ademais, que non ten os videoporteiros porque o intendente que os tiña que comprar ten as facturas pero non ten os videoporteiros. Pensen que o da electrificación pagou a unha empresa sen darse conta, ou admitindo, mellor, que a empresa

subcontratou a outra á que lle paga a metade e aínda non lle puxo os cables para conectar as luces. Pensen no responsable do sistema antiincendios do edificio, que conectou a manguera para apagarlo nun surtidor de gasolina. Este é tamén o responsable da bodega da urbanización e permite que o encargado da bodega encha as botellas con viño de garrafón. Pensen no do estanque, que se cabrea porque alguen lle roubou o peixe dourado, ou pensen no que ten que dar cursos de formación ós encargados de mantemento da urbanización, ó porteiro, ó electricista... ¡Ah, curioso! encargoulle un curso de formación de corte e confección, de electricidade nada, de corte e confección. Imaxinen todo iso e imaxinen tamén que todos poñen luces, luces nas rúas, luces nas ventás, luces nas portas, luces nos sumidoiros, todos poñen puntos de luz por toda a urbanización, e imaxinen, a todo isto, que o capataz vai pola cidade vendendo uns planos e unhas fotos da urbanización na que todo está ben, na que se constrúen miles de beirarúas, miles de viais e se poñen miles de cousas. Disque a urbanización se chama “Alemaña” e o edificio “Baviera”, pero alí nada disto podería ser posible, aquí si.

Pois esa é unha forma de gobernar, así se constrúe Galicia, descoordinadamente, sen ningún tipo de proxecto, e, evidentemente, sen proxecto non se chega a ningún modelo de país. Eu creo que o señor Fraga está bastante convencido, no fondo de político racional que non transcende e que hai nel, de todo isto, por iso ten prisa por fuxir. O señor Fraga non está convencido de que dúas lexislaturas sexan suficientes, ten medo do momento no que se produza a constatación do que foi o seu labor durante oito anos. Cando se observe que a realidade non é máis que un absoluto fiasco e a reacción dos enganados sexa absolutamente intolerable para tan excelsa condición política.

Temos unha penosa condición como país hoxe, e hai que dicilo. Gozamos da penosa condición de país subdesenvolvido. A quen lle pareza moito, a quen lle pareza esaxerado, haberá que dicirlle que cumprimos estritamente tódalas condicións para selo. Non teríamos por que selo se Galicia tivese as súas potencialidades aproveitadas, pero temos un baixo produto interior bruto por habitante, temos unha débil industrialización, temos unha baixa taxa de investimento, temos un alto peso específico do sector rural no emprego, temos un paro moi elevado, temos unhas estrutu-

ras económicas obsoletas e dependentes do exterior, temos uns produtos para exportación de escaso valor engadido, temos un sector de servizos atrasado, temos unha economía desartellada, desequilibrada, pobre. Son os parámetros que configuran a definición de país desenvolvido. ¿En relación con quen? En relación con España, en relación con Europa, en relación cos modelos de países desenvolvidos, e cada vez alonxámonos máis, dentro destes parámetros, do resto do Estado e de Europa.

Os datos, neste sentido, son demoledores. Datos que eu me limito a extraer dos informes de analistas e de organizacións independentes. Eu non retiro con consideracións ou matices ou facendo comparacións atrabiliarias. O quinto informe sobre as rexións da Unión Europea sinala que Galicia tiña no ano 1988 un produto interior bruto por habitante que era o 58% do europeo. Hoxe, en 1994, seis anos despois do Goberno do señor Fraga, temos cinco puntos menos. España ten vinte puntos máis ca nós. Eramos pobres e en seis anos empobrecemos máis. A redistribución desta escasa riqueza prodúcese con desigualdade e, polo tanto, con inxustiza.

Xa falei antes dos índices de pobreza. Catrocentos mil galegos merecen tal condición, máis de cen mil fogares. A fundación FIES sinala que perdemos peso como país no produto interior bruto de España, o que significa que as outras comunidades autónomas aumentan o nivel de riqueza e nós diminuímo-lo noso nivel de riqueza. O quinto informe sinala tamén que o produto interior bruto por persoa ocupada en Galicia é o máis baixo de tódalas comunidades autónomas españolas, un 35% por debaixo da media europea, Estremadura, que sempre se nomea como paradigma das rexións subdesenvolvidas, só está o 21% por debaixo neste índice.

E falemos de salarios que afectan a persoas. O Instituto Nacional de Estatística indica que os salarios máis baixos de España, agás os de Murcia, son os galegos. Un 16% máis baixos. Un galego traballador, por cada 100 ptas que gana un español, gana 83. Traballa o mesmo pero gana menos. E son baixos pero, ademais, son escasos.

Desde que o señor Fraga é presidente da Xunta perdéronse máis de 130.000 postos de traballo. Máis

da metade do número de parados existentes en Galicia; máis da metade. Lembremo-lo debate do estado da Autonomía, no que dicía que ía crear 68.000 empregos e, ademais, ía haber diminución do paro. Lembremos iso e vexamos agora o resultado. E aínda é máis grave porque, por primeira vez na nosa historia, estamos nunha situación francamente grave. Temos máis poboación inactiva que activa, o futuro non aparece dunha color precisamente clara, e se analizámo-lo paro por sectores a caída do emprego industrial que se produciu nestes últimos anos é a de maior envergadura dos últimos cincuenta anos. Hoxe o emprego industrial en Galicia só significa o 14% do emprego total, e fíxense que o total é menos que hai bastantes anos. Estas cifras de emprego industrial póñenos nunha situación similar á dos anos 50, á de antes do desenvolvemento industrial dos anos 60-70. Esta afirmación, absolutamente avalada por analistas independentes, só pode cualificarse como de pavorosa. Non está mellor o sector servizos, que desde o ano 1990 é incapaz de absorbe-lo emprego excedente doutras zonas e que representa unha porcentaxe de emprego moi inferior ó que representa no Estado español.

Non fixo referencia esta mañá o señor Fraga ó Plan de emprego xuvenil. ¿Por que non fixo referencia? ¿Quizais porque só seis de cada cen mozos que pasan por algún tipo de actuación englobada no rótulo do Plan de emprego xuvenil ten logo algunha consecuencia laboral? ¿Cecais porque para este miserable resultado se teñen pensado investir 5.000 millóns de pesetas do ano 1994 ó ano 1997? Se temos en conta que o Plan de emprego xuvenil son basicamente catro liñas de actuación, a de formación, a de promoción empresarial, a de economía social, tendo en conta os resultados haberá que concluír que tres delas practicamente non teñen resultados. A de formación é máis intanxible, debemos te-los mozos máis parados pero tamén mellor formados de todo o país, porque tantos miles de millóns para algo darán. E recibimos diñeiro, ¡claro que hai recursos! Non serán todo o suficientes que se necesita, pero recibimos recursos: do Estado, da Unión Europea, os nosos propios, ¿pero con que eficiencia se utilizan eses recursos? ¿Cales son os resultados? Pénsese nese Plan de emprego xuvenil, que recibe un 75% de financiamento do Estado e o 25% restante entre os fondos sociais europeos e a Xunta, que achega máis ben pouco. Utilizánon todos aquí,

xestiónanos todos aquí. A responsabilidade dos resultados non será de quen pon os cartos senón de quen decide como se utilizan. Pois, os resultados están aí.

E xa que falamos de financiamento e de recursos, falemos da débeda e digamos que temos unha débeda de máis de 300.000 millóns de pesetas, máis de 110.000 pesetas por habitante. Cun índice 100 no ano 1988, segundo o Banco de España, pasamos nestes anos de Goberno Fraga a un índice 3.200; de 100 a 3.200. Ningunha comunidade autónoma foi tan lonxe nin tan rápido. Pero ¿onde están os investimentos productivos realizados con esa tremenda hipoteca de futuro? ¿Onde están?

E se falamos de investimentos, falemos do investimento estranxeiro e digamos que vén diminuíndo en relación co investimento estranxeiro que se produce no conxunto do país, incluso nun ano récord de investimento estranxeiro como foi o ano 1994 en España. ¿Pero como vai vi-lo investimento estranxeiro a Galicia se o noso propio aforro emigra? Este país parece estar condenado a que algo sempre emigre. Antes emigraban os nosos homes e mulleres e agora emigra o aforro. De 2,6 billóns de aforro en Galicia só se inviste en financia-la actividade productiva aquí dúas terceiras partes, ou, se se quere, unha terceira parte do aforro galego vai fóra a financia-la actividade, a financia-la creación de riqueza fóra deste país.

Dito isto, habería que dicir cómo se produce, nun país e nunha economía minimamente aceptable, a localización do aforro. Prodúcese ou depende esta localización do aforro dos proxectos empresariais solventes que unha economía é capaz de xerar. Logo, se aquí non é capaz de localizarse o noso propio aforro, temos unha economía que é incapaz de xerar proxectos empresariais. E o mesmo IGAPE o corrobora e sinala que o sistema de incentivos rexionais presenta en Galicia nos últimos anos un balance francamente minguido, eu diría que desolador. Esta é unha situación global do marco social e económico en que nos desenvolvemos.

Hai que falar do modelo de proxecto para o país e eu creo que aí hai que falar das institucións. A democracia é un sistema de contrapesos de poder e un deses contrapesos é o Parlamento. Automaticamente non hai máis remedio que suscita-la pregunta: ¿fun-

ciona este Parlamento? ¿Exerce a súa función? ¿Exerce os labores de control e de impulso do Goberno? Eu quero dicirlle ó pobo de Galicia que non, que este Parlamento non cumpre coa súa función, e non cumpre coa súa función porque hai unha subordinación desta Cámara ós intereses do Goberno, porque hai unha maioría que, pola conta que lle ten ten que se-la crítica, ten que ser submisiva co Goberno e veta sistematicamente a posibilidade de que este Parlamento funcione como tal institución. E neste Parlamento o debate, a investigación dos asuntos escuros, o control do Goberno, as iniciativas de impulso son pura ficción, non existen. Neste Parlamento non se debate, neste Parlamento vótase, simplemente se vota, e antes de votar xa se sabe cal é o resultado, independentemente das razóns que aquí se dean.

Por iso, a única virtualidade deste Parlamento é conseguir transmitir ó exterior -e hoxe temos unha especial atención dos medios- o que as forzas da oposición poidan pensar da situación. Por iso o esforzo maioritario respecto do Parlamento é censural e evitar que saia alén desas portas, alén desas paredes, o que aquí se di.

E así estamos aquí entretidos, pero hai que dicilo dunha vez: sen cumpri-lo papel que a institución ten que cumprir. Urxe, desde este punto de vista, propoñer unha nova lei do Regulamento deste Parlamento que acabe coa rixidez, co *encorsetamento* e coa inutilidade. Urxe introducir nesa nova lei as modificacións necesarias para que non sexa posible perverter-la función deste Parlamento. Pero a rixidez non se acaba só con modifica-la lei do Regulamento. É verdade tamén que a marxe de liberdade dos deputados desta Cámara está coartada polo propio sistema polo que son electos, por un sistema electoral de listas pechadas e bloqueadas que imposibilitan a auténtica relación co representante. É tamén unha ficción.

Creo tamén que, chegou o momento, a pesar de que estamos nunha democracia relativamente nova, de proclama-la necesidade de reforma do sistema electoral, de ir a un sistema electoral de listas abertas e desbloqueadas; un sistema electoral que permita a elección dos representantes en función da opción global de partidos, pero tamén que lles permita ós cidadáns implicarse máis directamente e elixir directa-

mente os representantes que queren, non só os que lle dicta o partido.

Hai que falar doutras institucións no marco institucional e hai que acabar coa cultura do reparto de cotas partidarias para cubri-los postos en institucións. Hai que falar dos medios públicos de comunicación e dun modelo no que non estean controlados polo Goberno do momento e, polo tanto, hai que modificala súa lei e hai que despartidizalos. Hai que profesionalizalos, tanto no que se refire ó Consello de Administración como no que se refire á dirección dos medios públicos. E hai que falar da Administración pública, que non está entregada á profesionalización, senón que está sendo utilizada e instrumentada polo Goberno e polo Partido Popular para garantirse a súa permanencia no poder a través dos séculos.

Son modificacións necesarias para construír un novo modelo de país, desde o punto de vista institucional, pero tamén hai que aborda-los sectores económicos, nos que nada ou case nada se fixo nestes seis anos.

Esta mañá cando o señor Fraga facía o seu discurso, ó falar da agricultura dicía: “Cómpre unha aplicación xusta da política agraria común”. E eu diría: cómpre tamén que o Goberno de Galicia sexa quen de exercer-las súas competencias no eido da agricultura. Cómpre que se goberne na agricultura deste país para evita-lo que pasou nestes seis anos, que o valor da produción final agraria descendeu, sufriu unha continua caída, que o valor engadido bruto descendeu, que a renda agraria descendeu o 29,9%, que a renda agraria por ocupado é o 3,5 menor ca no ano 1989 ou que a produtividade da agricultura de Galicia -productividade, digo ben- se colocou en máis dun 30% por debaixo da media da produtividade da agricultura española. Aquí podería recordarse a frase dun estadista que dixo: “Agricultura parécelles fácil ós burócratas que aran con bolígrafo”.

A nosa situación, desde o punto de vista do sector da agricultura, é unha situación de bloqueo, unha situación na que persisten as estruturas minifundistas, unha situación na que subsisten as carencias de infraestruturas, unha situación na que aínda hai unha considerable cantidade de terras desordenadamente aproveitadas, deficientemente aproveitadas ou mesmo ab-

solutamente desaproveitadas. Diante deste panorama da agricultura, no que o labor do Goberno se limitou a unha concentración parcelaria lenta, sen criterios, insuficiente, dentro desa escaseza de iniciativas propias para modifica-las estruturas do sector, cómpre dicir que un modelo de país desenvolvido, un proxecto político serio para este país, ten que formular unha reforma agraria en profundidade; unha reforma agraria que sexa quen de afronta-la modificación da estrutura da propiedade, de flexibiliza-lo mercado das terras para acabar co minifundismo, que sexa quen de especializar e planifica-la produción de acordo coas potencialidades que este país ten; unha reforma agraria que sexa quen de fomenta-lo cooperativismo en relación e en coordinación estrita coa planificación da produción, non o cooperativismo polo cooperativismo para que se afundan alí algúns aforros duns cantos *pardillos* que caen en calquera trampa de calquera cacique local.

Urxe e cómpre unha reforma agraria que estableza auténticos sistemas de comercialización dos nosos produtos. Urxe a internalización dos nosos produtos, das nosas empresas agroindustriais que hai que crear, pero a internacionalización é algo máis que ir e inaugurar un andel nun supermercado de París. Iso é o que se fai e iso si que é ridículo: un presidente de Galicia inaugurando un andel nun supermercado de París. Ó mellor iso é o que entenden por internacionalizar. Hai que poñer en marcha, no conxunto da reforma agraria, políticas de incentivos ou de incrementos da produtividade e hai que poñer en marcha políticas de crédito agrícola para a modernización do campo, porque, ó mellor, ó final da reforma agraria, somos quen de falar dun sector económico estratéxico e vital para o benestar deste país, non só dos agricultores, do conxunto.

E hai outro sector fundamental, o sector da pesca. Cando collín o libro do discurso e vin que empezaba a falar da pesca en Galicia o presidente da Xunta dicindo: “É precisa unha nova política pesqueira”, dixeran: ben, por fin algo novo. Pero na seguinte liña entendendo para quen é a nova política pesqueira. A seguinte liña di: “A política pesqueira española é mala e descoordinada”. Pero estamos falando do estado da Autonomía na Comunidade Autónoma de Galicia, ¿ou de que estamos a falar? Eu non o sei, ou si o sei, pero non vou debater aquí como é a política pesqueira

española. Eu aquí veño debate-la política pesqueira galega, a actuación do Goberno, os proxectos que ten levado a cabo e os que pensa levar a cabo.

E eu sei que aquí en Galicia se necesitaba desenvolver un marco normativo no ámbito da pesca; e eu sei que se necesitaba unha transformación estrutural dos distintos subsectores económicos que operan no noso mar; e eu sei que non hai marco normativo porque a lei de 1993 está sen desenvolver; e eu sei que a normativa básica para a reordenación dos recursos pesqueiros está sen aplicar; e eu sei que os presupostos da Consellería de Pesca en Galicia diminúen ano tras ano, mesmo poñendo en risco recursos comunitarios que necesitan financiamento de acompañamento; e eu sei, porque mo teñen dito mestres como Domingo Quiroga ou o propio Cornide, que os nosos mares, os mares de Galicia, poden producir moito máis, que podemos obter moitos máis recursos dos que xa obtemos, que estamos rendibilizando mal porque as estruturas do sector, os sistemas de comercialización etc., etc., non foron afrontados polo Goberno de Galicia nestes seis anos. Eu sei que nos nosos mares de Galicia hai 52.000 empregos flotando e que hai 13.000 empregos que flotan nos mares exteriores, e dáme que hai catro veces máis emprego flotando nos mares de Galicia ca nos mares das Seychelles, de Namibia, de Canadá ou de onde sexa.

Todo iso lévame a dicir que se a actitude de Brian Tobin cos 1.000 pescadores galegos do fletán foi unha aldraxe, o que fai o señor Fraga cos 52.000 pescadores que viven nos nosos mares é 52 veces máis grave que o que fixo o señor Brian Tobin. Pero o de Brian Tobin resolvémolo concentrándonos no Obradoiro e provocando a histeria colectiva. Ás 52.000 persoas que viven dos e nos mares desta terra e que son a Galicia mariñeira -moito máis alá da *pulpeira*, que era a Galicia auténtica, segundo o señor Fraga- non lles resolvémolo os seus problemas concentrándonos na praza do Obradoiro, resólvenselles traballando neste país, tendo ideas para traballar neste país e utilizando os recursos con eficacia.

Aceptémo-la concepción do mar en Galicia como un mar industrial. Aceptemos que non hai por que aceptar nunca máis que as míticas rías galegas producen só 4.000 toneladas de ameixa cando o mercado pide 16.000, e que incluso esas que estamos a produ-

cir corren serios riscos porque hai un Goberno incapaz de atende-la reclamación de que se controle un parásito que pode acabar cos bancos de ameixa, e ten normas que lle permiten facelo pero non quere, por que non o sei. Se nós propoñemos que os importadores sometan a súa mercancía a un control, ó mellor moléstalles ós importadores, ó mellor os importadores son xente importante dalgún sector político deste país. Digo eu que no meu modelo prefiro molesta-los importadores que estraga-los bancos de cultivo de ameixa. Se cadra é que son modelos distintos.

E qué dicir do sector de produción do mexillón. Hai uns anos erámo-los produtores do 50% do mexillón do mundo. A caída foi en picado. Producimos agora mesmo o 20% e estamos baixando. Témo-los mellores lugares para producir. O que non temos é un Goberno que poña en marcha estruturas axeitadas de comercialización para iso que producimos. Temos un Goberno que non é quen de instrumenta-los mecanismos necesarios para que a produtividade se eleve e para que o mercado mundial acepte uns produtos ós que lles poderíamos dar tamén un alto valor engadido pero que non llelo damos porque non hai industrias de transformación suficientes nin canles de comercialización nin sistemas de comercialización.

E ¿que dicir daqueles galegos que dende hai anos investiron esforzo e traballo en poñe-lo cultivo do rodaballo na vangarda mundial? Deron en peches de pequenas e medianas empresas, e en esforzos persoais, porque non tiveron o apoio da Xunta. Pero houbo capital estranxeiro que acudiu e que copa o sector. Un sector que naceu con vocación galega, con capital galego e con homes e mulleres galegos está hoxe dominado por capital e homes estranxeiros.

E ¿que dicir do sector da ostricultura...? E así explicariamos como, tendo aquí un substrato idóneo para a construción dun mar industrial productivo, que fose quen de xerar riqueza para que, desde logo, o número de fogares con pobreza non fose de 100.000, senón de moito menos, somos quen de vir aquí escoitar que a política pesqueira española é mala. ¿E a nosa?

Son consciente de que parte das actuacións necesarias nos mares de Galicia depende de que sexamos quen tamén de reclamar determinadas competencias que son exclusivas do Estado pero que nos poden ser

delegadas e que ninguén nunca reclamou. En troques, reclamáronse outras que maldita a falta que nos facían. E, polo tanto, creo que no noso concepto da Galicia mariñeira progresiva, rica, hai que empezar a suscitar este tipo de cousas e hai que empezar a formula-la definición dun marco normativo no que sexa factible desenvolver-la actividade pesqueira nos próximos anos, como é posible de acordo coas nosas potencialidades. Non nunha continua costa a abaixo. E así, o señor conselleiro non terá que ir chorar porque lle roubaron o peixe dourado. Temos que mellora-las canles de industrialización e de comercialización. Ten que haber políticas de estruturas centradas na redución de custos e ten que haber moitas outras cousas para as que a Xunta ten competencias e que nestes seis anos non foi quen de exercer.

Hai un terceiro pilar básico deste país: a industria. Un sector cun comportamento que nos últimos anos, e especialmente nos anos de Goberno Fraga, só se pode cualificar como de declinante. Xa fixen comentarios respecto do emprego no sector industrial. A situación da industria é tan declinante que a nivel de empregos se supera incluso a situación creada polas máis fortes reconversións sufridas polas nosas máis importantes empresas. Nestes seis anos non houbo ningunha clase de política industrial neste país e, en consecuencia, non houbo aparición de ningunha empresa ou actividade empresarial emerxente relevante. Nin sequera houbo empresas e industrias alternativas a aquelas que pechaban ou diminuían de tamaño. Esta é a triste realidade, e os datos aválano. A industria española creceu un 4,5%, e en Galicia creceu un 2,8% no ano 1994. A participación da nosa industria no PIB é absolutamente ridícula. De produtividade mellor non falemos porque seguimos tamén nas partes finais do listado. A participación galega nas exportacións españolas descende e diminúe ano tras ano. E hai que falar, cando se fala das exportacións, en relación con algo. Iso si, tampouco hai aquí investimento estranxeiro. Cando se produce, prodúcese con carácter de invasión. Podemos recorda-lo caso da cementeira portuguesa, de CIMPOR, que comprou a Corporación Noroeste por 32.000 millóns e agora controla o sector formigoneiro de Galicia. En troques, os portugueses, que son xente moi educada, invitan ó señor Fraga a que lles vaia inaugurar campos de golf. Está ben, eles contrólannos sectores económicos e

nós inaugurámoslles, na figura do señor Fraga, campos de golf.

Diciáme un compañeiro do meu grupo o outro día: “Se de repente desaparecese a Consellería de Industria poucos se decatarían, e aínda serían menos os que a botasen en falta.” Iso díxo todo.

Hai que poñer en marcha, se se quere construír un país, un programa de reindustrialización en serio, un plan integral que sexa quen de dinamiza-la economía de Galicia. E “integral” significa que poida coordinar tódalas políticas que teñan algunha referencia ou algunha consecuencia na industria. Hai que falar, dentro dese plan, dun esquema de internacionalización; e haberá que falar da creación de plataformas de negocios, de oficinas comerciais, etc., etc. Desde logo, do que non haberá que falar será de inaugurar andeis nun supermercado de París ou Nova York.

Hai que prioriza-la investigación e o desenvolvemento. ¿Por que? Porque hai que introduci-lo fenómeno da anovación tecnolóxica nas empresas. Nunca imos ser capaces polos nosos recursos e pola nosa masa crítica de producir toda a tecnoloxía que se necesita, nin nunca as nosas empresas van ser capaces de comprar ou adquirir toda a tecnoloxía que cada unha delas, independentemente, necesita. Pero por iso hai que introducir e promover fórmulas de acceso a investimentos intanxibles por parte das empresas: mecanismos como fusións de empresas ou acordos de cooperación entre elas para adquirir tecnoloxía que non poden adquirir individualmente. Pero iso implica fomenta-la cultura do consorcio nun país criado na individualidade. Eu estou seguro de que eses esforzos empresariais, que por aí andan espallados, co apoio da Administración serían quen de consorciarse e de supera-los lastres do individualismo.

É evidente que se necesita cambia-la mentalidade das xentes; pero é que a historia demostra que os procesos de desenvolvemento consisten fundamentalmente nun cambio de mentalidade, sen o cal non é posible a transformación. Hai que facilita-la difusión e a transferencia de tecnoloxía entre as empresas. Hai que crear unha rede de centros tecnolóxicos, e hai que prestarlles un servizo de infraestrutura informativa e de capacitación tecnolóxica ás empresas. E non estou dicindo nada especial, porque, cando dicimos capaci-

ta-las empresas tecnoloxicamente, dicimos ter un servizo con técnicos e persoas formadas que sexan quen de dicirlles ás pequenas e medianas empresas cal é a necesidade de tecnoloxía que teñen. Só iso, para moitas pequenas e medianas empresas, sería unha axuda fundamental. Se, ademais, de diagnostica-lo que necesitan ter para ser máis productivas, lles dan a información da tecnoloxía que poden conseguir, como e onde, mellor que mellor. Se, ademais, a Administración ten un programa de axudas ó que poder acudir, todo o proceso se completa. Pero nada diso existe aquí. Aquí sobrevive o máis *listillo* e o máis *espabilado*, porque, desde logo, non hai promoción desta información.

Estes tres sectores, a agricultura, necesitada da reforma agraria, a industria, necesitada dun plan de reindustrialización e de dinamización que non admite demoras, e a pesca, que está como está, e que creo que xa queda reflectido suficientemente nos datos, precisan políticas horizontais que sirvan de apoio a eses tres piares básicos. Teñen que ter tamén cimentos os piares. E necesitan unha política horizontal de infraestruturas, que aínda hai un par de meses recoñecía a propia Xunta a través da Consellería de Industria -para algo tiña que valer- que son enormemente deficientes e que están limitando de forma radical a posibilidade de desenvolvemento industrial. Non o digo eu, dío a propia Consellería de Industria. Pero engado eu por que o di. Porque se imos ve-las infraestruturas de transporte, non nos queda máis remedio que analizar polo miúdo o Plan de estradas da Xunta de Galicia.

Dentro das previsións que había ata o ano 1995 en relación coas novas estradas e coa mellora e acondicionamento das existentes, só foron quen de face-lo 30% das previsións do Plan. Falta o 70%. E se falamos de viais de alta capacidade, hai que dicir que aínda falta por face-lo 50%. Non falemos xa da planificación dentro dese Plan de estradas. ¿Que estradas se constrúen? ¿Que viais de alta capacidade? Porque cabería pensar -para mentes que apliquen o sentido común pero non para o Goberno- que os viais de alta capacidade se pensasen para unir zonas que tivese algún sentido unir, ben por ser polos de desenvolvemento, ben por ser núcleos de poboación cunha actividade industrial no seu contorno máis próximo, polo que vos tedes queiran... Pero búsquenlle explicación razoable,

dentro dun esquema de planificación das infraestruturas ó servizo dos sectores estratéxicos, ó vial de alta capacidade entre Chantada e Monte do Faro, salvo que sexa porque o señor Portomeñe é de Chantada e no Monte do Faro se reúnen unha vez ó ano para celebrar non sei que festa. Se así planificámo-las infraestruturas, é obvio e evidente que o seu correlato fiel no servizo que as infraestruturas lle teñen que prestar ó desenvolvemento industrial non se producirá xamais. Outros correlatos prodúcense, pero este non. Non importa en todo caso isto, é *pecatta* minuta porque, en canto falemos moito diso, en seguida aparecerán as autovías da meseta como eterna desculpa para que aquí non haxa nada mal feito.

Se falamos de infraestruturas en relación co solo industrial, sería ridículo e ata un sarcasmo propoñer que os parques industriais e os parques empresariais que están proxectados estean ligados a unha oferta de servizos, como telecomunicacións, telemática, servizos de voz avanzados, sociedades privadas de voz, etc., etc.

As empresas hoxe valoran non o precio do solo como infraestrutura física, senón os servizos que proporciona. Desde logo, isto non o atoparán nesta política de parques empresariais. Aquí, a alternativa dos parques empresariais é a solución para o asfaltado dos montes, que é, en definitiva, o que ocorre.

Falouse esta mañá de educación. Despois do impulso enorme que, segundo o presidente, lle deron ó servizo público de educación neste país, somos quen cada día de ver colectivos de pais, alumnos e profesores que denuncian múltiples deficiencias no sector público do ensino. Hoxe, era o transporte na provincia de Lugo. Onte, eran os profesores que dicían non ter medios para levar a adiante as súas funcións. Antonte, eran os directores dos centros, que dicían que, cos gastos de mantemento que tiñan, tiñan que pechar. E mañá serán os que non teñen biblioteca, os que non teñen medios para levar a adiante os labores docentes que en calquera centro se necesitan ou os miles e miles de estudantes que queren facer Formación Profesional en Galicia e non teñen prazas. Galicia necesita para as pequenas e medianas empresas deses técnicos formados no sector da Formación Profesional, pero aquí faltan prazas. ¡E iso que era marabillosa a situación do ensino!

Se falamos das universidades, voume limitar a facer referencia ás intervencións dos tres rectores neste Parlamento, ás durísimas intervencións dos tres rectores, e constan nas actas. E sacarei unha delas. O rector da Universidade da Coruña, nada sospeitoso de afinidades ideolóxicas coa esquerda deste país, senón máis ben todo o contrario, dixo que, para o Goberno, a Universidade en Galicia non é unha prioridade. E eu creo que con iso queda dito todo.

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia rematando, señor Cortizo.

O señor CORTIZO NIETO: Se falamos da investigación e do desenvolvemento, outra infraestrutura xa non necesaria, senón esencial, fundamental, para o desenvolvemento deste país, non vou lembralas promesas do debate de investidura sobre non sei que institutos de formación que se ían poñer en marcha de inmediato; porque cando preguntei aquí, o señor conselleiro díxome que, se non había un cataclismo -e isto foi hai catro anos- no mes seguinte virían os institutos aquí. Pasaron os catro anos -e cataclismo houbo, que é a propia xestión- e os institutos non viñeron. Pero o que é máis grave: no ano 1989, cando o Goberno Fraga toma posesión, había unha lei que obrigaba á presentación neste Parlamento e, sobre todo, á existencia para Galicia dun plan de investigación e desenvolvemento tecnolóxico. Non se fixo daquela, non se fixo despois cando se modificou a lei, e seguimos, polo tanto, seis anos despois, sen un instrumento básico para conseguila confluencia do sector empresarial e do sector que pode ter iniciativas, desde o punto de vista da innovación tecnolóxica, coa masa crítica do sistema de investigación e ciencia deste país. Ata tal punto que se pode afirmar rotundamente que neste país non existe o que se dá en chamar complexo ou sistema: ciencia-tecnoloxía-industria. En absoluto, non existe.

Se falamos de medio ambiente...

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia rematando, señor deputado.

O señor CORTIZO NIETO: Vou coller de entre as varias actuacións posibles, dúas.

Os residuos sólidos urbanos, problema medioambiental que teño xa comentado nesta Cámara, consti-

túen un dos maiores problemas que ten este país, e está absolutamente parado e irresoluto desde o ano 1990. O único que hai nesta cuestión é a preponderancia da empresa FENOSA. Por certo, constrúese unha sociedade, SOGAMA, para a xestión dese problema e créase esa sociedade mediante un decreto da Xunta de Galicia; pois ben, cando se publicou ese decreto, cando se tomou esa decisión, FENOSA xa tiña rexistrado desde varios meses antes o nome de SOGAMA e xa tiña abertas contas bancarias co nome desa empresa. Alguén dixo aquí que en Galicia goberna *todo dios* menos o Goberno; eu non sei se goberna *todo dios* menos o Goberno, pero en determinadas áreas de goberno deste país, desde logo, FENOSA goberna e o Goberno non goberna. Iso é evidente.

Respecto dos incendios en Agricultura, que non falei deles, teño que dicir que cando chovía tiñamos un sistema contra incendios perfecto. Custou 30.000 millóns nestes anos. No ano 1995, o que humoristicamente foi referido esta mañá como ano máis seco do século, no que houbo unha semana de tempo estival en primavera...

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia rematando, señor deputado.

O señor CORTIZO NIETO: ...e dúas semanas de tempo estival cando o ten que haber, que é no verán, viuse con claridade que no tema dos incendios a imprevisión e a falta de actuación no fondo do problema da Xunta de Galicia nos sitúa ó bordo dun precipicio económico e ecolóxico de características autenticamente de desastre. O día que haxa, ou mellor, o ano que haxa un período climático cos valores que caracterizan a un período seco, isto pode ser un *polvorín*. Non rían cando digo que a mangureira para apagalos está conectada á bomba da gasolina.

E remato xa. Os feitos, esta breve escolma de feitos, non concordan coa propaganda nin cos discursos oficiais do señor presidente, que a única teima que ten parece que é da-la sensación de ir de vitoria en vitoria sen ter en conta que ese camiño é o que nos leva a este desastre actual. Non é hora de novas promesas que tapen e oculten a ineficacia e a pasividade nos labores do Goberno que se produciron nestes seis anos. Decía eu ó principio que houbera fe no proxecto do señor Fraga, pero como non houbo milagre, estamos

nun tris de ser condenados a vivir da caridade, e eu prefiro que haxa unha reposta desde onde sexa ós problemas deste país para que poidamos ter esperanza.

E agora si que remato, e remato con dúas consideracións de Maquiavelo. Unha para dicir que eu non pertenzo ó grupo que el refire cando di: “Non se me oculta que moitos tiñan e teñen a opinión de que as cousas do mundo están gobernadas pola fortuna e por Deus, de tal modo que a prudencia dos homes non pode corrixi-lo seu curso nin encontrar remedio ningún”. Eu non son dese grupo. Eu creo que a prudencia dos homes si pode conseguir corrixi-lo curso das cousas e pode corrixi-lo curso cara ó desastre que Galicia levou baixo o mandato do señor Fraga. E outra referencia dedicada ó propio señor Fraga, tamén de Maquiavelo, di: “Aquel que nun principado detecta os males só cando estes xa son incurables non merece o cualificativo de prudente”.

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor deputado.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Vázquez Portomeñe.

(Escóitanse palabras que non se perciben).

Señor Gato, non necesito axuda súa para presidi-la sesión.

O señor VÁZQUEZ PORTOMEÑE: Señor presidente, señorías, comezo por agradecerlle, señor Cortizo, a referencia persoal que me fixo e que fixo a Chantada, terra da miña orixe que, ó meu criterio, é corazón de Galicia, con outros concellos do contorno, e “confín dos verdes castros”. Comprendo, pois, a fascinación que por ela exerce e, desde logo, a tentación irresistible que tivo de citarme. Moitas grazas.

Léolles un parágrafo: “Non somos tan inxenuos para pensar que fosemos a recibir felicitacións da oposición, pero hai unha cousa que si lles teño que agradecer. Algunhas catastrofistas intervencións non témo-la gratitude suficiente para pagalas polo servizo inestimable que nos prestan, porque a xente, como é natural, comprende perfectamente onde está a serie-dade nas formulacións”. Este bo parágrafo non é meu,

señorías, pronunciouno o señor presidente da Xunta de Galicia xustamente no anterior debate sobre o estado da Autonomía, pero eu espero que os señores portavoces da oposición comprendan que lles cadra perfectamente ós seus discursos.

No Parlamento resulta lóxico ter obvio que á hora de analiza-la situación de Galicia e de face-la radiografía dos seus aspectos vitais xurdan incluso veementes as discrepancias, froito do particular proxecto de cadaquén, é natural. Pero neste quinto ano de debates sobre o estado da Autonomía axigantáronse as diferentes visións e diagnósticos ata o punto de que, escoitando a oposición, parécelle ó Grupo Popular que non estamos na Galicia real do ano 1995, que a todos, uns e outros, nos tocou vivir, senón que nos atopamos nun país estraño ou case descoñecido no que impera o caos e o desalento. Hai, polo tanto, dous discursos, dúas visións e dous diagnósticos. Permítanme os señores da oposición que os agrupe na mesma postura final, aínda que no seu discurrir o fixeron por distintos camiños. O discurso da oposición mira a Galicia coas gafas negras do pesimismo case radical, intenta altera-la realidade mesma, e isto é obvio, señorías. Semella a historia daquel navegante que se estrela contra os duros penedos da costa, obstinado en afirmar que eran eles os que estaban mal situados.

Querolle dicir, señor presidente da Xunta, que o Grupo Popular, que lle presta o seu leal apoio, lle ten que agradece-la claridade e a obxectividade con que no seu discurso definiu a realidade política de Galicia. Señor presidente, desde a racionalidade que impón un debate sobre o estado da Autonomía, analizou a Galicia da cultura, a Galicia política e a institucional, a Galicia económica e traballadora e a Galicia ecolóxica.

Recoñecemos-la importancia relevante do factor económico dentro de calquera sociedade, pero parase tan só na análise e dinámica económica dun país, ignorando os demais aspectos determinantes da calidade de vida dos homes e da súa completa realización, conduce a unha visión parcial dese país e ata á fracasada tese marxista -recálculo- de que a economía é o todo por encima do benestar dos homes. Falemos pois, desde esta óptica, da economía de Galicia, pero deixando tamén ben clara -como outras tantas veces se leva dito desde esta tribuna e teñen recoñecido os

propios portavoces da oposición, aínda que tacticamente o neguen de vez en cando- a plena vixencia dese fenómeno chamado mundialización do mercado, mediante o que xa nada nos é indiferente e todo nos inflúe. Acercando a visión ó noso contorno máis inmediato, non é posible esquecermos de que estamos inmersos nun estado diverso pero unitario, no que, conforme a Constitución, lle corresponden ó Goberno central competencias económicas tan transcendentais -e non me cansarei de repetilo- como a política monetaria, as bases e planificación xeral da actividade económica e a ordenación xeral da economía, a política fiscal xeral, a política financeira xeral e a regulación do mercado de traballo.

Son estes factores os que inevitablemente determinan o verdadeiro marco económico, do que nacen, non única, pero si esencialmente, os niveis de emprego ou de desemprego, no que se producen as reconversións navais e no que xorde o alento económico ou desalento que disuade os investimentos e a entrada de capitais. Se eses factores se gobernan mal, co agravamento, ademais, da inestabilidade política que aqueixa o Goberno central, é evidente que a Galicia ábreselle un novo fronte de dificultades que ten que superar para medrar en momentos de grave crise.

A ninguén se lle pode ocultar que o paro veu sendo un mal xeral en toda España e en toda Europa, e que só de hai uns meses para acá comezou a reverter con certa nitidez. Ninguén pode ignorar que as sucesivas reconversións navais que soportou Galicia agravaron as cifras de paro derivadas das causas xerais ou comúns a todo o Estado. Galicia pagou, na súa armazón industrial máis seria e forte, o da construción naval, máis do 50% do custo total que soportou o Estado, e aínda nestes días estivemos implicados todos nun esforzo decidido para evita-los efectos negativos da última das reconversións navais deseñada xusto cando o sector en Galicia, paradoxalmente, presenta un bo e alentador comportamento ó que de ningunha forma son alleos os programas de fomento da construción naval do Goberno galego e as negociacións deste na procura de cargas de traballo.

Ninguén pode ignorar que a inestabilidade da moeda longo tempo soportada por todos e que segue a producir ramallazos de excesivas oscilacións constitúe un elemento de disuasión dos investimentos pro-

cedentes do exterior, como ninguén pode descoñecer que a política de altas cargas fiscais agrava ese clima de disuasión.

É un feito histórico a potencia pesqueira de Galicia, máis da metade da que ten España, e o positivo impacto que sobre o emprego veu representando. Pero tampouco podemos ignora-los recentes e cíclicos conflitos xurdidos con Canadá, con Marrocos, con Namibia e con outros países, todos eles con claros propósitos de preserva-las súas augas territoriais.

As circunstancias doutros tempos ben recentes cambiaron gravemente, incidindo restrictivamente sobre o número de caladoiros e o número de licencias, de tal xeito que nin o Goberno central nin a Unión Europea son capaces de resolver, coa prontitude e coa eficacia que todos desexamos, cuestións tan importantes para Galicia.

Non acabamos de comprender que desde esta tribuna se afirme a necesidade de reestructuración do sector naval, salvo que se identifique a reestructuración -non do sector naval, senón do sector pesqueiro- coa feita polo Estado respecto do sector naval, que a Galicia lle supuxo o sacrificio de ducias de miles de postos de traballo, e as súas consecuencias séguen soportando neste momento. E tampouco comprendemos que xustamente digan isto os que organizaron a reconversión naval.

Pero a pesar deste cúmulo de circunstancias negativas, e como puxo de manifesto o discurso do señor presidente, Galicia encarou con claridade de ideas o desenvolvemento e dinamización dos seus sectores productivos e tamén a loita da competitividade, que situou as nosas exportacións en taxas de altura sen precedentes, lográndose por primeira vez na historia desta terra un case equilibrio coas importacións.

Como froito desa dinamización e a título de exemplo, queremos recordar, corrixindo outros datos que aquí se esgrimiron -non sabemos extraídos de qué anuarios nin con qué fontes de coñecemento-, primeiro, respecto do paro: que no primeiro semestre de 1995 Galicia recuperou 26.100 postos de traballo, -está recoñecido pola CIG-. Segundo, que no segundo trimestre de 1995 Galicia recuperou 18.090 postos de traballo. Foi a segunda comunidade autónoma no con certo das comunidades españolas. Terceiro, que en

canto ó produto interior bruto, que aquí tamén se intentou descualificar, teño que dicirlles ás súas señorías que en 1992 é certo que crecemos exactamente igual cá media nacional, un 0,7%, pero que en 1993 crecemos un 1,2 puntos sobre o negativo 1,1 da media nacional, de forma que a diferenza foi de 2,3 puntos. Se, ademais, obtémola media entre o ano 1990 e o ano 1994 -o último do que temos coñecemento, naturalmente, porque é o último metido nas estatísticas fiables que nós lemos-, Galicia creceu un 1,05 puntos e España 0,94 puntos; crecemento de Galicia netamente superior. Pero se nos fixamos nos dous últimos anos, 1993 e 1994, Galicia creceu 1,4 puntos e España só 0,6 puntos. Esta é a realidade, como é a realidade das exportacións que, referida a xuño dos respectivos anos que vou mencionar, significa que Galicia exportou en xuño do ano 1991, 19.600 millóns; en xuño do ano 1992, 24.700 millóns; en xuño do ano 1993, 38.200 millóns; en xuño do ano 1994, 46.700 millóns e en xuño do ano 1995, 55.800 millóns; é dicir, case 56.000 millóns, tres veces máis que cando a responsabilidade da Xunta de Galicia a empizou a te-lo señor Fraga.

Fríos coma todos, señorías, son os números da economía galega, pero elocuentes e distantes das visións derrotistas que nesta tribuna se verteron. Os números da economía danlle a razón, señor presidente, cando afirma que Galicia avanzou. Sabemos que nos quedan moitos e longos treitos por percorrer no camiño do benestar, pero ninguén que queira ser minimamente obxectivo pode descoñecer que, na etapa que o discurso do presidente da Xunta analizou, se lograron importantes logros económicos e se modernizaron considerablemente as nosas infraestruturas.

Obviamente, tamén falou vostede, señor presidente, da Galicia da cultura. Se a cultura e a lingua son factores esencialmente definitorios da personalidade histórica dun pobo, sería absurdo descoñecelos no debate sobre o estado da Autonomía, como outros fixeron. E desa Galicia da cultura, eu quero resaltar moi sinteticamente o seu gran espírito creativo nacido da tradición, nacido da receptividade e nacido dunha demostrada imaxinación dos galegos en tódolos campos: no da palabra, no da imaxe, no da plástica, no da música, no do deseño ou no da arquitectura. Creatividade que reloce dentro e fóra de Galicia, recoñecida xeneralizadamente e da que podemos presu-

mir colectivamente como pobo. Se resalto esta dinámica cultural é xustamente porque se debe á iniciativa dos galegos, limitándose a Administración ó seu papel de alentala e de suscita-las condicións máis favorables para que a mesma se produza desde a sagrada liberdade de cadaquén; ou sexa que, como tantas veces ten dito vostede, señor presidente, sen dirixismos, para que sexan os propios galegos quen, como un día afirmara Vicente Risco, entendan en galego a cultura europea.

Quixera recordar nese conxunto de dinámicas o eco acadado por Galicia en exposicións que, máis alá das súas fronteiras, teñen o testemuño dun pobo, dunha creatividade e dunha historia admirables. A última desas exposicións, case destes días, é a que conmemora o nacemento da cinco veces centenaria Universidade de Compostela, con eco evidente fóra das nosas fronteiras.

E non podo, nin quero omitir, unha breve referencia a un fin de século e de milenio no que pretendemos que Galicia prosiga e multiplique aquel protagonismo que tivo en 1993. Refírome, claro está, ó Xacobeo 99 e á capitalidade europea da cultura no ano 2000. Pretendemos que Galicia remate o século XX e comece o XXI, non só como noticia, senón como centro de atracción ó que acudan xentes de tódalas partes; serán, sen dúbida ningunha, os nosos embaixadores cando retornen á súa terra de orixe, e servirá a súa presenza de revulsivo económico e ata de reto para a conservación do noso patrimonio que exhibiremos como unha das credenciais deste vello pobo, no sentido positivo, digo, de longa historia e de rexa personalidade.

Estes eventos demandan o esforzo conxunto de Galicia, das súas forzas políticas, económicas, sociais e culturais, que non dubidamos que existirá.

Chegados aquí, teño que afirmar coma vostede, señor presidente, que a nosa lingua goza de boa saúde. En galego fálase e escríbese máis ca nunca, convive harmonicamente co castelán, e o feito de que uns pensen que o Goberno galego se pasou cos decretos e outros aseguren que non chegou, indica a todas luces que estamos no xusto medio, nese equilibrio sempre desexado nas sociedades humanas. A nosa lingua, como vehículo de comunicación, de realización persoal

e colectiva e como esencial e xenuína manifestación da singularidade do pobo galego, ten que servir para entendernos e unirmos, e nunca para separarnos e limitarnos.

Conclúo recordándolles, con leal gratitude, como fixo o señor presidente, ós grupos parlamentarios desta Cámara, a aprobación unánime dunha singular Lei, a do patrimonio cultural de Galicia, garantía de permanencia das máis sobranceiras creacións individuais e colectivas dos galegos, como legado que haberemos de transmitir ás xeracións futuras e tamén como elemento definitorio da nosa personalidade histórica.

Queremos agora falar da Galicia política e da Galicia institucional, seguindo as pautas marcadas no discurso do señor presidente da Xunta. E comezo por sentar unha afirmación esencial: Galicia ten unha vida política e unha vida institucional de normalidade. Isto é, probablemente, a máxima aspiración de calquera país en tempo de crise, de dificultades e de conflitos. Esta afirmación non empece o feito de que a reconversión naval, esta postrreira que estamos a vivir, así como a perda de caladoiros nos que tradicionalmente viñan faenando os nosos barcos, teñan suscitado inquietudes e protestas comprensibles. Os galegos sempre demos mostras, aínda nas dificultades, de serenidade e de responsabilidade, pero isto non se debe confundir coa submisión, que non é o propio noso.

Galicia, repito, vive na normalidade, a pesar do amor que algúns poucos lle teñen ós conflitos. O seu Parlamento, no que nos atopamos, vén realizando máis actos estritamente parlamentarios que días laborables fixo o Regulamento da Cámara. Dicar que non se debate nel, dicir que non existe liberdade, dicir que existen trabas tanto significa como non vivi-la realidade. Ou dicir que as maiorías gañan as votacións tanto significa como afirmarse en democracia e afirmar obviedades e, polo tanto, non merece máis comentarios.

O Parlamento aprobou, durante os gobernos do señor Fraga, 54 leis que axudan eficazmente a defini-lo marco dunha ordenada convivencia dos galegos nos campos cultural, social e económico. Constituíronse, entre outras, institucións tan relevantes, coa axuda das súas señorías, e tan necesarias para a vida en común dos cidadáns, como o Valedor do Pobo, o

Consello de Contas, os Consellos Sociais de cada unha das tres universidades, o Consello Universitario de Galicia e o Consello de Relacións Laborais. Galicia vive a normalidade democrática, institucional e política.

E Galicia tivo alto protagonismo desde as súas iniciativas políticas; delas ocupámonos no último debate sobre o estado da Autonomía e xusto é que lles deamos conta. Sinteticamente referíanse ás transferencias, á presenza activa da nosa nacionalidade histórica nas relacións coa Unión Europea e á modificación da Constitución para dota-lo Senado da condición de Cámara territorial.

En efecto, o proceso de transferencias -xa o indicou o señor presidente- viviu unha etapa de intensidade e de resultados tales que nos converteron na segunda autonomía en volume de competencias, practicamente igualada coa primeira.

En canto á participación de Galicia nos asuntos da Unión Europea, acadouse un acordo a nivel estatal, publicado no *Boletín Oficial do Estado*, do 22 de marzo de 1995, mediante o que as comunidades autónomas terán participación externa nos asuntos comunitarios a través das conferencias sectoriais. Non é a meta desexada para Galicia, porque as nosas características demandan, efectivamente, unha presenza superior na participación e na decisión. O peso altísimo que na nosa terra teñen os sectores do leite e da pesca así o esixen. Pero podemos afirmar que se deu xa un paso importante e que as inquietudes amosadas polo presidente no discurso do ano 1994 sobre o estado da Autonomía atoparon eco relevante.

E polo que atinxe á vella aspiración amosada polo propio presidente de territorialización do Senado mediante a reforma constitucional, é de toda evidencia que cristalizou nun obxectivo xeneralmente asumido, dando lugar á formación dunha Ponencia para a reforma constitucional no seo do propio Senado, diante da cal emitiron os seus pareceres os presidentes das comunidades autónomas, os relatores constitucionais expertos na materia, que dictaminaron sobre as posibles vías e contidos da modificación. A relevancia deste punto é notoria para cantos cremos na Constitución, cremos nas autonomías e cremos na necesidade de defini-lo marco de participación e de pro-

tagonismo real de Galicia nas decisións que no ámbito do Estado español lle van afectar.

En resumo, Galicia tivo protagonismo político en grao nunca coñecido na súa historia autonómica, e isto é unha absoluta obviedade.

Da Galicia ecolóxica falou longamente o señor presidente, convertendo este tema nun dos puntos álxidos do seu discurso. Evidentemente, cunha pequena parte dos proxectos firmados, das realizacións acometidas e da situación que se intenta, e que parcialmente se logrou, sería suficiente para xustificar unha xestión que vai de 1994 ata este momento no que damos conta do estado da Autonomía. A concienciación pública, a sensibilización xeral por estes temas é tal, que recollella nese discurso e acometer antes realizacións, actividades e esforzos, tanto veu significar como que, efectivamente, se conecta con esa sensibilidade pública a pesar das negativas dalgúns.

Pero, digamos, referíndonos a un tema que lle preocupou ás súas señorías que, se resulta tan agradable como certo dicir que os homes escribiron a historia de Galicia máis en pedras ca en letras, non resulta menos fermoso nin menos verdadeiro afirmar que a natureza pintou a Galicia de verde. Os bosques de Galicia constitúen unha das súas máis grandes e definitorias riquezas, pero desde hai anos vense cebando neles a peste dos incendios forestais que ameazan con borrarlos do mapa desta verde terra. Nesta dinámica ningún nega -así se recoñeceu- que o ano 1995 foi un ano especialmente duro que evidenciou máis ca nunca o triste peso da intencionalidade nuns suxeitos descarreirados e insolidarios. O número de incendios acadou cifras sen precedentes: 14.441, contándose moitos días por centos. Todos lamentamos aquela praga, pero houbo algúns que puxeron máis énfase en querer resalta-la suposta ineficacia dos plans que en ponderalos resultados reais. Ante tal alto número de incendios, as solucións lóxicas eran e son descubrilos de xeito inmediato e apagalos o máis pronto posible, e aquí, señores deputados, é necesario recoñecer que o Plan de loita contra o lume, as persoas e os medios técnicos funcionaron eficazmente.

Pero ante as apaixonadas e non ponderadas críticas que se verteron contra os plans e contra os seus responsables, ante o querer presentar o ano 1995 como o

ano do fracaso do Goberno galego, non queda máis remedio que acudir ás cifras e compara-lo ano 1989, ese xustamente, anterior á toma de posesión do presidente Fraga, con ese ano 1995, o da terrible catástrofe como algúns dixeron. O número de incendios forestais naquel entón foi de 7.900, e falo en números redondos. No ano 1995 de 14.400. A pesar diso, o número de hectáreas totais queimadas foi catro veces menos. E se nós fixamos nas hectáreas arborizadas, o número das que arderon foi sete veces menos. E se nos fixamos na media de hectáreas queimadas por incendio forestal, resulta que en 1995 foi 10 veces menos. Esas son as cifras. Polo tanto, falar de ineficacias é pouco serio.

Alguén ponderou -e xa se dixo hoxe á mañá- o que pasaría no verán dese ano 1995, tan pródigo en lumes intencionados, se non existise o plan da Xunta. Pois que practicamente desaparecerían os bosques de Galicia. E hai quen se permitiu facer chistes acerca do traballo e dos seus resultados. Ben, dicía Kuprin: “A idea máis alta e a empresa máis nobre poden ser obxecto de chacota. Para iso non se precisa a menor intelixencia”.

Pero, ademais de falar do monte queimado, eu quixera falar do monte recuperado, non só da cara negra das cousas. Para conserva-la Galicia verde que todos queremos, non valen os lamentos nin abundan as críticas, hai que procurar que non arda e, se arde, recuperala.

Pois ben, no período comprendido entre 1991 e 1995, ámbolos dous incluídos, os resultados son estes: as hectáreas queimadas de arborizado foron 21.785; as recuperadas, 92.506; o saldo, 70.721 hectáreas recuperadas, case tanto como o que ardeu só nun ano, no ano 1989, antes de te-la responsabilidade de gobernar Galicia o señor Fraga. Esta é a realidade completa. Esta xeración herdou unha Galicia verde e todos, sen dúbida, queremos deixar unha Galicia verde. Fagamos caso de Casona cando nos dixo: “Vale máis sementar una colleita que chorar pola que se perdeu”.

O meu discurso e a miña intervención, despois das descalificacións globais e particularizadas que nesta tribuna se escoitaron, non serían completos se non ponderamos que en toda democracia resulta tan nece-

sario o Goberno coma a oposición, tan necesario o partido maioritario a quen os cidadáns outorgaron a responsabilidade da súa gobernación como os partidos minoritarios que deben constituír unha alternativa capaz de facer ofertas distintas e viables. Isto é a esencia de toda a democracia. Non enténdelo así significa vivir noutros págos políticos.

É, pois, necesario observar cal é o mapa político de Galicia e, como consecuencia, a posible alternativa ó Goberno formado desde o seo do Partido Popular, se é que existe esa alternativa. E créanme as súas señorías que non teño, certamente, necesidade de acudir a xuízos persoais e teóricos para chegar a conclusións clarificadoras. En efecto, referíndome ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e ó partido que o sustenta, teño que dicir que é el mesmo quen se nega credibilidade afirmando -recordarao o señor Cortizo- en *El Ideal Gallego* do domingo 2 de xullo -as hemerotecas son terribles- este ano con toda contundencia: “Na miña perspectiva e na de moita xente do partido hai un déficit de credibilidade dos cidadáns no proxecto político que pode representa-lo Partido Socialista de Galicia-PSOE”. Repito que non son eu quen o di, é nada menos que alguén tan relevante que nin vou citar, porque non é necesario, as súas señorías xa o coñecen. Foi un xesto de sinceridade -iso si o recoñezo- que o ennobrece absolutamente.

Estas declaracións complementáanse, sen dúbida, coas que recolle *La Región* do 2 de setembro -ben preto tamén deste ano-, nas que o presidente do Partido Socialista de Galicia promete un ano máis unha política máis cercana á realidade de Galicia en síntoma evidente de que ata agora a tal política non existira.

Por se quedasen dúbidas, outro ilustre dirixente manifestara no Congreso de 1994 -e esta cita non é novidosa, fíxena xa-: “Os socialistas galegos recoñecen que ata agora teñen actuado con frecuencia como escudo protector do Goberno do Estado, en detrimento dos intereses de Galicia”. Lin literalmente. A conclusión é obvia. O PSOE non é a alternativa porque carece de credibilidade, non practicou unha política cercana á realidade galega ata o presente e, pola contra, foi sucursalista doutros intereses frecuentemente prexudiciais para esta terra. Insisto, non o di o Grupo

Parlamentario Popular, que eu represento neste momento, dixérono vostedes mesmos, señores do PSOE.

Engado que a credibilidade política non consiste en descualifica-lo Goberno de Galicia rebuscando e magnificando presuntos fallos puntuais, consiste en comprometerse de verdade con esta terra con ideas, con programas e con alternativas que sirvan os seus cidadáns e os seus intereses xerais.

Ó BNG, evidentemente, sería unha desconsideración pola miña parte non mencionalo ou glosalo. Inquieta, evidentemente, a súa dualidade de comportamento. Neste Parlamento, cara ó gran público e nos procesos electorais compórtanse como unha forza política que asume as regras de xogo constitucional, pero nos congresos, nos actos do partido e nas concentracións na praza da Quintana o 25 de xullo, que erixen en tribuna das grandes mensaxes, o BNG senta afirmacións tan preocupantes coma estas -leo literalmente, as súas señorías interpretarano dunha maneira e eu doutra-: “Esa Europa é un enxendo. Con esa Europa non queremos ter relacións”. “Nun país dependente non hai lugar para unha esquerda que non incorpore a súa estratexia á loita de liberación nacional.” “As institucións autonómicas neste momento están ocupadas por auténticos usurpadores”. “Hai sectores independentistas, e eu son independentista”. Así me explico que en discursos que aquí se teñen pronunciado se esta contra Madrid, contra Bruxelas e contra todo. Galicia contra o mundo.

Engado que a UPG, que parece se-la forza maioritaria no seo do Bloque, segue fiel ó marxismo, o cal é gracioso, ó parecer, e manifesta que a súa confluencia con outros partidos non comunistas obedece só a unha alianza de clases. ¿Que se deduce desta filosofía política? Unha evidente falta de credibilidade nacida da dificultade de estar nun estado non uniforme, pero unitario -lévollo repetido moitas veces- e, ó mesmo tempo, busca-la independencia; ou da contradicción de estar en Europa e con ela manter unha frontal hostilidade; ou da contraposición de intenta-la condución da economía -ó parecer, ó meu criterio, máis grave aínda- deste país, definida na Constitución como economía social de mercado, pero facéndoo desde postulados marxistas absolutamente antitéticos da liberdade de mercado; ou nacida da frontal contraposición de definirse demócratas e, non obstante, asegurar ta-

llantemente que son usurpadores -recalco a palabras que gañaron as eleccións e que por iso teñen a responsabilidade de conduci-las institucións autonómicas. A esta Cámara -digo eu - ninguén chegou por ningún outro medio que non fose a vontade popular, que determinou, desde a liberdade individual de cada cidadán, a maioría e as minorías que a conforman.

En consecuencia, non se pode vivir permanentemente en contradicción consigo mesmo e coa sociedade na que se está, como non se pode construír -dixeno noutra ocasión- un iglú no deserto de Kalahari. Desde que o dixen, por certo, nada cambiou.

Os voluntarismos en política servidos desde as contradiccións ou, cando menos, desde as antigüidades nunca constituíron nin poden constituír base dunha alternativa con credibilidade. Estamos na vella España e na vella Europa comunitaria por historia, por cultura e por razóns económicas, aínda que sintamos como obvia a necesidade de mellora-las condicións da adhesión á Unión Europea. Pero non se deben confundir os problemas derivados dunha mala adhesión co que sería unha verdadeira traxedia: a nosa exclusión.

Parafraseando a Oscar Wilde -aínda que el se refería á sociedade que lle tocou vivir- e pensando na Europa comunitaria que nós queremos mellorar, podemos dicir que formar parte desta Unión Europea é un fastío, pero quedar excluídos dela sería unha traxedia. Eu non só recoñezo senón que afirmo contundentemente que en democracia todos teñen dereito a mante-las ideas que queiran, pero todos teñen a obriga de explicalas, se con elas queren logra-la credibilidade política.

Teño que engadir que para transformar unha realidade, a electoral, é indispensable aceptala e analizala con obxectividade, do contrario, estarase loitando contra muiños de vento nun combate que non leva a ningures e no que, iso si, o *speaker* quizais se poida lucir.

Así, quixera resumi-la historia desa permanente e preocupante situación de combate-los resultados electorais a base de descualificar a cantos non votan o Bloque, chegando a pronunciar aquela terrible sentenza de chamar usurpadores das institucións ós que ga-

ñaron as eleccións nada menos que por maioría absoluta.

O seu discurso, señor presidente, reflicte a Galicia real que, desde hai cinco anos, vive un proceso de ambiciosas metas culturais, sociais e económicas. Foron moitas as conquistas dos galegos, pero aínda nos restan moitas outras que acadar, individuais e colectivas. Así o evidenciou vostede, señor presidente, desde ese eterno estado de insatisfacción que lle é propio ó home e moito máis ós gobernantes que saben entregarse lealmente ó servizo dos seus cidadáns, para os que sempre desexan o mellor. Pero é fermosa a fe que, desde unha concunción harmónica cos galegos, mostra o seu propio discurso no futuro desta terra, orgullosa de si mesma, afastada de lamentacións e queixumes, amante da súa lingua, da súa cultura e da súa admirable historia, como elementos que conforman a personalidade desta bela Galicia que, ademais, se sente protagonista da conformación da Europa dos pobos, á que tanto contribuíu como meta dun camiño, o de Santiago, do que o rector da Universidade de Liexa, Arthur Bodson, chegou a afirmar que o mapa dos camiños de Santiago é nada menos que o mapa de Europa.

Unha Galicia que tamén asumiu con espírito de loita o desafío da súa modernización. Foron cinco anos nos que o pobo galego lle confiou a vostede, señor presidente, nas urnas, a máis honrosa das funcións: a de cataliza-las súas aspiracións e conducilo a novas metas desde o esforzo colectivo desta terra. Esa confianza -xusto é recoñecelo- repetiuse de xeito crecente, en síntoma irrefutable de que vostede non defraudou os galegos.

Ofrecéralle, señor presidente, as ideas, as accións e os obxectivos que hoxe expuxo nesta tribuna e, como resultado obvio, aínda que cegamente queira negarse, Galicia profundou na súa autoidentificación, formou e perfeccionou as súas institucións, mellorou as súas infraestruturas, aumentou o seu nivel de vida e adquiriu peso no concerto internacional.

O veredicto dos galegos, xuíces inapelables en democracia, foi reiterada e crecentemente positivo, porque souberon ver e valora-la entrega ós intereses xerais de Galicia e mailo espírito de concordia con que todos a chaman obra común. Repito, non chegamos á

meta porque a meta dos homes quizais sexa infinita, así llo dicta a súa alma, pero estamos facendo nós, os galegos, o noso camiño en liberdade e con solidariedade, sabendo a onde nos levan as liñas mestras que trazou no seu discurso.

Por iso o Grupo Popular apóiao e apláudeo desde o máis leal convencemento.

Señor presidente, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Portomeñe.

(Aplausos).

Silencio. Último aviso á tribuna. En caso de que se vulnere o Regulamento mandarei desaloja-la tribuna.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Gracias, señor presidente.

Señor presidente, señoras e señores deputados, agradézolles ós portavoces dos tres grupos deste Parlamento o seu interese polo debate e as observacións que fixeron no mesmo. Como é natural, esta gratitude vai especialmente para o señor Portomeñe, portavoz do grupo maioritario da Cámara, que é maioritario non só polo sistema D'Hondt, senón por maioría absoluta polos votos que obtivo e que, como é natural, ten -alguén o criticou- por función apoia-lo Goberno, como é normal no sistema parlamentario actual. Moitas grazas.

Foron, evidentemente -era inevitable-, menores as coincidencias cos outros señores portavoces, aínda que teño que dicir que nin un só dato, nin unha soa afirmación en números das que eu fixen esta mañá foi contrariada. Houbo quen engadiu outros datos e houbo quen se tomou a molestia de poñer só adxetivos.

O honorable portavoz do Bloque Nacionalista Galego, señor Beiras, di que só falei cinco veces. E falei cinco veces en debates de política xeral, que é como se chama este, falei no debate que alguén propuxo sobre a autodeterminación, falei noutras ocasións accidentais, e falei catro veces por este

Parlamento no Senado de España. Entón, foron moitas máis de cinco veces.

Dígnouse en chamarme o señor da dereita. Eu non son señor de nada. Os señorías abolíronse hai moito tempo. Quedan xa poucos grandes de España que entran co chapeau aquí no Parlamento. Eu non pertenzo a eles. *(Aplausos).*

Teño que dicir que pasou moito tempo xa desde que as verbas dereita e esquerda tiveron un certo sentido e desde que a palabra dereita fose unha mala verba. ¿Que quere dicir? Pois quere dicir simplemente que as famosas distincións baseadas na relixión, na forma de Estado, nas ideas sobre xustiza social e sobre a política económica, evidentemente, non se corresponden coas vellas ideas. Estes mesmos días o señor Santiago Carrillo acaba de publicar un libro -que recomendo ós que aínda se recoñecen como marxistas- no que recoñece que canto se ten dito ata agora pola esquerda en Europa non vale para a nova situación das nosas sociedades. E Lenin dicía nun famoso libro seu que as máquinas inglesas lle quitaban o traballo ós artesáns chineses ou indios, pero agora son as máquinas instaladas en Singapur as que lle quitan o traballo ós traballadores galegos ou ingleses. De modo que hai que refacer todo iso.

Eu acórdome dunha discusión que tiveron co señor Anguita:. Díxenlle: "¿Podería resumirme vostede o seu programa?" E díxome: "pleno emprego". Niso estamos todos de acordo, pero ¿como se consegue? Agora di o señor Anguita que se consegue coas mobilizacións na rúa. Pois, teño que dicir que depende da racionalidade que teñan. Eu estou a ver manifestacións nas cales non van pescadores contra armadores, porque están no mesmo caso; non van contra a Administración galega ou a nacional porque están a facer todo o que poden na negociación; non teñen ningunha influencia na actitude de Marrocos, como xa se demostrou alí -podíase pensar que así fose no caso de Cádiz ou de Almería-, pois Marrocos non aceptou esas presións. Polo tanto, imos falar en serio, cada un no seu sitio, a ver que fórmulas precisas se poden ofrecer.

O meu discurso foi acusado por vostede de vaciedade, de entre surrealista e patético. Ben, vostede saberá o que quere dicir, a min paréceme moito máis su-

realista non recoñecer que España, ou Europa, na organización mundial do comercio, son realidade nas que nos temos que mover e, naturalmente, traballar nelas. Por outra banda, paréceme enormemente patético que o discurso dun portavoz só conteña descualificacións e adxectivos sen ningunha xustificación.

Falouse de decrepitude, de senilidade e de depravación. Moi ben. Vostede quedaría encantado, o seu público, pequeno, ó mellor tamén, pero dicir, por exemplo, aínda que despois vou falar dun caso concreto que se expuxo aquí, que é o de Portugal, no que as exportacións galegas están a crecer, que as estamos asasinando, paréceme pouco serio. Por suposto, eu non podo negar que vou tendo anos, pero cando un leva moitos anos falando, escoitándose a si mesmo, sen que ninguén lle faga caso, ou moi pouca xente, ser ou non ser consiste en estar ou non estar. Eu son e fago o que podo. Fun ministro, embaixador e presidente da Xunta, e sempre procurei falar pouco e facer moito.

Iso da depravación, como é natural -repito o "da inxuria o rudo encono"-, non substitúe os argumentos. Pero como dentro diso houbo algunhas observacións que non poden ser chamadas máis que malévolas, recórdolle que a única vez que fronte a un conselleiro o BNG presentou unha querela por accións anteriores, o fallo do Tribunal Superior de Xustiza foi que a denuncia resulta a todas luces temeraria e procede impoñerlle o que adiante as custas, como prevé o artigo 240.3 da Lei de axuízamento criminal. E engade que resulta ingrato que na tramitación empezen agora a aflorar afáns nun proceso descualificador custe o que custe.

Dise que este é un pobo vencido pola historia, pero resulta que vota case cada ano. Dise que temos un partido único. Non tal, senon democrática e claramente maioritaria. Dise que os nosos deputados e senadores están calados en Estrasburgo. Pois, pódolle dicir que, ó contrario, están a obter resolucións importantísimas, moi particularmente no Parlamento Europeo.

Di que temos que loitar. Naturalmente. ¿Quen pide outra cousa? Hoxe prodúcese máis leite pero con prezo garantido e sen retraso nos pagos ós agricultores. En construción naval xa dixeran as razóns polas que nalgún momento as políticas de competitividade non se tiveron en conta, pero as propostas da Xunta neste momento tivéronse en conta en Madrid.

Fala do sector da conserva. Hai empresas que van mal, pregúntelle a Calvo se vai mal, ou a Escurís. Da pesca falarei despois porque foi un tema recollido tamén na outra intervención e que, por certo, aparece especialmente escollido para criticarnos.

Competitividade e produtividade. ¡Claro que teñen que ver e claro que actúan no ámbito da globalización! Iso é xustamente o que non se pode ver desde pequenas posicións que só miran o campanario de cada un.

En canto a que nós despreciémo-la axuda de Madrid, eu non mo inaxino un día -posto que di que xa fala como presidente do Goberno, o cal supón unha certa dose de imaxinación- visitando ministerios en Madrid insultando os ministros, visitando comisarios e facendo mobilizacións en Bruxelas. Deséxolle moita sorte, aínda que espero, polo ben de Galicia, que non chegaremos a ver nada disto.

As observacións que fixo sobre diversos temas voume referir despois, porque foron tratados, como é natural, tamén na outra intervención, pero si quero referirme, porque aí teño verdadeiro interese en que queden as cousas claras, á observación que fixo sobre o 15%. Galicia opúxose a esa forma de financiamento. Galicia votou non no Consello Financeiro, votou non na Comisión de Transferencias e tódolos deputados galegos votaron en contra da Lei de presupostos. Por certo, con relación a certas voces socialistas que agora falan, direi que votaron tódolos deputados galegos socialistas a Lei de presupostos na cal se aprobou esa disposición. Nós presentamos un recurso, que mantemos e que ten moitas posibilidades de ser aceptado. Nós, se houbese unha recondución, fariámolo de novo. Neste momento de confusión total -probablemente non haberá presuposto este ano-, os que escoitaron hoxe ó subsecretario nacional da Facenda saberán que é pouco probable que de ningunha forma, se non se reconduce o presuposto, se poida reconducilo 15%. Nós non quixemos crear ningunha situación de dificultade para determinadas comunidades autónomas, e moito menos crea-la sensación incrible dun Goberno socialista que vota por un lado e tres comunidades que votan por outro. Nós todos quixémo-lo mesmo e a prol de Galicia.

Pero, en definitiva, era natural, o discurso do BNG é sempre o mesmo, é a concepción do non, é o sindicato do imposible, é a conxunción dos malos humores. Nega todo o pasado, toda a tradición de Galicia. ¿Sobre que podemos levanta-lo futuro? Se non vale un milenio longo de peregrinacións nin medio milenio de universidade, ¿que evanxeo podemos ter según san Beiras? Polo visto o do marxismo. É un dos poucos que se reclaman deste evanxeo.

Nós non compartimos nin compartiremos nunca a doutrina marxista da loita de clases, e xa dixeran que nós non nos casamos con ninguén. Estes mesmos días a discusión sobre o imposto ecolóxico é unha disposición para homes, e non hai machismo nas miñas palabras, uso unha expresión tradicional. Nós establecemos, coa resistencia de certos grupos que din estar á esquerda, o descanso semanal para os mariñeiros da flota do litoral. Nós fixemos persoalmente un discurso no congreso dos empresarios deixando claramente establecido que nin estamos polo dogmatismo do marxismo nin tampouco polo capitalismo puro e duro. Buscaremos en cada caso a mellor maneira de defende-los galegos, especialmente os traballadores, e non cremos que haxa mellor forma de defender Galicia e os galegos có sistema que nós propoñemos de pragmatismo permanente. Naturalmente, tampouco é defendelos no separatismo e tirar polo monte da autodeterminación, nun momento en que máis que nunca o mundo ten que ser á vez cooperador e solidario.

Sistematicamente se alude ó sector público galego. Ninguén pode enganarse sobre a necesidade de nutrido de capital e de subvencións polas súas perdas. Independentemente de que o sistema é malo en si mesmo -véxase o que pasou en tódolos países da Europa do leste-, ¿de onde queren que saquémo-las sumas necesarias?, ¿das infraestructuras?, ¿dos servizos sociais?, ¿da educación?, ¿da sanidade? É o conto da leiteira no que tódolos famosos proxectos terminaron coa famosa ola rota. Eu, que teño a honra de ser fillo de emigrantes, que sei con que esforzo fixeron os aforros, que sei con que acerto investiron na educación de doce fillos, que non coñezo máis camiño có traballo e o aforo para o desenvolvemento, teño que dicir que, desde logo, non podo acepta-las críticas que se fixeron desde supostos que están superados no mundo enteiro.

Hoxe morreu un dos meus ilustres amigos en Londres, lord Hume, que foi primeiro ministro e que para selo tivo que renunciar á súa condición de conde de Hume, que tiña desde hai dezasete xeracións, e facerse elixir na Cámara dos Comúns. A primeira vez que foi a unha desas xuntanzas que teñen os sábados os deputados ingleses, había un home que o volvía tolo, e a vez seguinte igual. Entón el preguntou, ¿a quen escoita este home?, porque me desfai tódalas reunións. E díxéronlle: só á súa muller. Á vez seguinte o meu pobre amigo díxolle: ¿Como está a súa muller? ¿A miña muller? ¿Como está? ¿Comparada con que? Pois, querido amigo, eu teño que dicir que non son capaz de compara-la súa doutrina con ningunha que sexa deste tempo nin que teña nada que ver coa realidade. Iso si, reteño que a súa afirmación ó final, grandilocuente, sobre as liberdades, foi completada cun insulto groseiro ós medios de comunicación galegos, dicindo que só dependen das subvencións, da publicidade e dos sobres. Estou seguro de que eles tomarán moi boa nota. (*Interrupcións*).

Quero dicir, respecto da intervención do portavoz socialista que, efectivamente, o que hoxe tivemos aquí foi un debate de política xeral non de rutina administrativa. Non houbo cambalache de cifras, houbo moitas cifras para mostrar unha realidade.

¿Non se pode dicir que foi un ano seco? Pois, mire vostede, foi moi seco na Semana Santa, foi moi seco en agosto, e nesas dúas últimas semanas dos meses correspondentes foi, efectivamente, o ano máis seco.

Din que o hospital de Verín é o único que fixemos. Pois, mire vostede, a punto de rematarse está o de Santiago, que vai ser un dos maiores de España, e fixéronse 123 centros de saúde. ¿RISG? Efectivamente é pouco, nós publicamos estes días un libro sobre a pobreza en Galicia, pero antes non había nada.

En canto a que non houbo datos concretos, se chega a habelos eu non sei onde chegaría o aburrimiento das dúas señorías. Eu, efectivamente, cando falo do milagre de Galicia falo para levanta-lo ánimo dos galegos e penso que iso se está producindo día a día en cada aldea onde chegan os teléfonos, en cada centro galego onde chega a acción da Xunta e, por suposto, teño que dicir que calquera que escoitase ó señor Cortizo podería pensar que representa un partido en pleno éxito,

polo que fixeron no seu tempo do Goberno ou polo que están a facer neste momento no ámbito nacional ou pola imaxe que dan no ámbito galego.

O socialismo é unha ideoloxía do pasado, cuns presupostos -repito- que nada teñen que ver coa realidade actual. Pasou o tempo do recurso fácil ó sector público ou á permisividade, ou de falar do pacifismo e despois entrar na OTAN. Trátase dun partido en decadencia, cheo de divisións e sen liderato. Por certo, non se moleste a súa señoría se lle recordo que é xa o cuarto voceiro que temos nesta lexislatura. Eu recordo ó señor Sánchez Presedo, despois recordo a don Ceferino Díaz, despois ó señor Salgado -que parou pouco tempo- e agora témoloo a vostede, pero o que non cambian son os argumentos. A primeira vez, hai sete anos, dixeron que eu viña xubilarme a Galicia, agora din que quero fuxir para o Senado. Señores, un pouco de seriedade, porque neste momento iso non o pode crer ninguén. Se eu o dixen expresamente aquí é por que teño o dereito e a obriga de dicilo.

Hai outro argumento que se repite, que é a famosa monserga do proxecto. Hoxe fixo vostede unha copia da famosa granxa de Orwell representando esa urbanización onde non funciona nada. Mire, vostedes falan do proxecto, o que ocorre é que non se sabe onde está. Nunca se viu un proxecto socialista que funcionase e un proxecto que non estivese en constante rectificación, por algo teño dito que as poucas veces que acerta é cando rectifica. Se hoxe aquí non se falou de proxecto, pero non dun proxecto que empeza agora, senón que se está realizando, ¿entón de que se falou?

Falouse do desenvolvemento do Estatuto, e demostrei que as transferencias multiplicaron case por tres o noso orzamento.

Falouse de que por primeira vez, fóra do caso de Valencia, que foi ó mesmo tempo que se fixera o Estatuto, se utiliza a fórmula de lei orgánica para ampliar as nosas competencias.

Falouse do desencravo do territorio en infraestruturas e comunicacións, temas sobre os que logo volverei para rexeitar datos absolutamente falsos como que só se executou un 30%. Pasamos moi por encima do 70% no Plan de estradas.

Falouse do reequilibrio do mesmo a través dunha excelente e novedosa política comarcal, que algúns queren criticar.

Falouse de educación. Falouse da nosa identidade en lingua, en cultura e en patrimonio. Falouse da presenza e axuda ás comunidades galegas no exterior. Falouse de medio ambiente. Falouse de presenza efectiva en Madrid e en Bruxelas. Falouse dunha política realista pragmática e de desenvolvemento. Se iso non é, como é natural, un modelo,... o que ocorre é que é un modelo cheo de cifras e cheo de datos.

En todo caso, eu teño que dicir que, efectivamente, o señor Cortizo non contradixo os meus datos, trouxo outros. Mire, había unha meiga na miña vila que lle chamaban A Freba, da que queda un retrato, penso que inmortal, dun gran pintor vilalbés, Insua Bermúdez, que está no Museo da Deputación de Lugo, pintada como unha muller que vendía cacharros nunha feira. Foi vela o señor cura, que era un santo, a dicirlle: “Vostede está a facer moi mal. Fai cartomancia, dille que xente que lle vai arranxa-los problemas por métodos supersticiosos. Tráílle dous ou tres libros para que vexa os erros que está cometendo”. E A Freba díxolle: “Señor cura, leve os libros, porque vostede ten os seus libros e eu teño os meus”. Evidentemente, non había moito que dicir, pero quero facer algunhas observacións sobre os libros do señor Cortizo.

Primeiro, é absolutamente falso que nós esteamos por debaixo na media europea e no PIB, máis do que estabamos. A pesar da entrada dos tres países nórdicos que superaron o nivel, a Galicia do ano 1990 estaba no 63,93 e a de 1993 está no 66,88.

O PIB, o custo dos factores en pesetas correntes de Galicia, no período 1990-1994 tivo un crecemento do 25,74, superior ó total nacional, ó promedio, que foi de 25,55; e por encima das comunidades de Castela-León e mesmo de Valencia. O PIB por habitante en pesetas correntes creceu en Galicia, no período 1990-1994, o 26,1%; superior ó 24,35 do promedio e a comunidades como Aragón e Valencia, sumamente ricas. Galicia incrementa a súa participación no PIB de España no período 1990-1994, ó pasar do 5,79 ó 5,80, descendendo na dita participación as comunidades autónomas de Aragón e Valencia. Podería continuar, pe-

ro estes son os verdadeiros datos que temos que ter en conta.

Falouse do emprego, e do asunto do emprego, naturalmente, hai que falar nun momento en que toda Europa ten un problema serio de emprego, no que todos están de acordo en que o crecemento económico por si só non crea unha suficiente repercusión inmediata no emprego, pero neste momento tódolos datos que temos aquí confirman que, por sectores, en cada un deles nós tivemos unha evolución correcta.

Teño que dicir, por exemplo, cando se fala do sector primario, que é verdade que, como en todas partes, se encolleu a ocupación do sector primario, pero en España, nos anos 1976-1995 baixou un 61%, e en Galicia baixou un 54%. Houbo problemas respecto da industria, pero a baixada no conxunto de España foi do 17% e en Galicia foi do 11%. En servicios, avanzamos moitísimo.

Na construción España baixou neste período de 1990-1995 o 3,6%, nós crecemos un 5,9% na mesma etapa.

Do emprego no eido xuvenil, efectivamente, como hai tantos temas dos que falar, non falei con especial detalle, pero é importante saber que á parte de que este ano, desde que empezou o Plan de emprego xuvenil, foi de grande progreso no emprego xeral, de xaneiro a agosto aumentaron as colocacións en Galicia en 240.000, o que equivale a 1.000 diarias e, destas, a metade, ou sexa, 500 diarias, son de menores de 30 anos. Entre 1994 e o que vai de 1995 creáronse 175 pequenas empresas. Déronse en 1994 1.965 cursos de formación profesional, nos que participaron 29.435 alumnos. A inscrición laboral estimada é do 35% e non do 6%, como se permitiu afirmar-lo señor Cortizo.

Se falamos de agricultura eu creo que neste momento certas expresións, como reforma agraria, recordan outros tempos. Quixose usar en Andalucía, onde había un certo latifundio, pero vostede xa viu o que deu de si. Nós estamos a face-la verdadeira reforma agraria, que é a concentración parcelaria; esta mañá ofrecínlle-las súas impresionantes cifras.

Falouse de cooperativas. Precisamente imos ter dentro duns días o primeiro congreso das cooperati-

vas agrarias. E polo que se refire ó do andel en París, mire, por favor, comprendo que vostede queira facer rir á xente, pero ten moitos medios de facelo contando un bo chiste. Hai que recordar que nós fomos alí invitados por unha das cadeas principais, que deixamos unha oficina permanente en París, pero que neste momento as exportacións de toda clase que estamos a facer no mundo, as contratas da industria galega no Paraguai, de barcos, hai uns días, de construción civil e importacións en Uruguai, etc., son o resultado da promoción permanente que está a face-la Xunta. E mesmo neste momento ten vostede cociñeiros portugueses aprendendo a facer empanada en Santiago porque se están a crear restaurantes galegos, nos que a Xunta participa, para a promoción dos nosos produtos.

Falou de pesca o señor Cortizo e tamén penso que escolleu mal o tema, porque dixo que a Consellería de Pesca era a que menos crecía, e non é verdade. Non é verdade. E tendo en conta os fondos do IFOP é coa de Sanidade e a de Educación das que máis creceron. Pero precisamente hoxe, como resultado de tódalas xestións destes meses, como o resultado da presenza das conferencias de pesca en Vigo e en Santiago, hoxe aprobou a Comisión de Pesca a importante cantidade de 13.400 millóns de pesetas para a pesca, dos cales, como é natural, a meirande parte vai vir a Galicia.

Falou do desenvolvemento da Lei de pesca. Sabe vostede que o Goberno socialista fixo unha vez máis o xesto inelegante -que está a perder despois do fallo do Tribunal Constitucional, como pasou xa cando intentou opoñerse ó famoso decreto de Galicia sobre a xornada laboral dos pescadores do arrastre-, obxectou a varios artigos, non obstante o cal, neste momento estamos por unha parte a reclamar unha lei estatal que debe existir para regular permisos de explotación, axudas estruturais, control de biotoxinas, etc. etc. Pero, miren por onde -isto é interesante, e teño ocasión de dicilo-, temos aquí -e non é fácil conseguilo porque non temos contacto directo coas lonxas da Coruña, Vigo, Marín, etc.- xa o resultado da pesca nun ano que houbo problemas, como o problema dos fletaneiros ou o problema de Marrocos. Pensaría algún escoitándoo a vostede que este ano se gañou menos coa pesca en Galicia. Pois ben, o resultado nos dous primeiros cuatrimestres, ata o mes de agosto, é

un aumento de case un 5% do valor en venda, o cal parécese que me releva doutros comentarios.

Falouse da débeda. Está dentro da lei, está ben investida, despois falarei, porque vostede o mencionou, dos temas relacionados coa COTOP.

Falouse da industria. Mire vostede, nós estamos a face-lo MEGA, nós estamos a face-la rede de gas, nós imos trae-la estación de gas a Ferrol, nós estamos a traballar nestes momentos nas enerxías renovables e nós temos salvado importantísimas industrias, e salvaremos outras, nun momento delicado. Por certo, non é que a salvaseamos, pero xa que se fala de pesca e de que non temos medios de comercialización no exterior, a principal multinacional de pesca do mundo é galega e chámase Pescanova, e a axuda da Xunta de Galicia contribuíu a evitar que fose absorbida por unha multinacional.

E, falando de investimentos, vostede colleu un mal exemplo tamén -é home de malos exemplos- porque falou de Portugal. Con Portugal, o noso país irmán -e dígoos con tódalas consecuencias-, temos unha relación moi boa, que vai moito máis alá de inaugurar campos de golf. Ese campo de golf, por certo, é o resultado da aplicación dunha axuda internacional como o turismo, no que gracias ó INTERREG estanse a facer obras importantísimas neste momento. É verdade que algúns investimentos fanos eles aquí, ¡faltaría máis!, pero estes mesmos días, non sei se vostede o sabe, a siderurxia portuguesa, coas súas importantísimas instalacións en Setúbal e Aveiro, foi dada a MEGASA, que é unha empresa galega. E cando veu aquí CIMPOR, CIMPOR non só se puxo a administrar as fábricas de cemento que venderan determinados membros dunha determinada corporación, senón que creou fábricas novas, como unha moi importante, de grandes estruturas de cemento, en Outeiro de Rei.

Pero, en fin, o máis importante de todo isto é que, como consecuencia, ó final o que hai que ver son as relacións comerciais e a balanza. En 1991, as exportacións de Galicia a Portugal eran de 43.000 millóns e as importacións 30.000. En 1992, 46.000 millóns, e as importacións 33.000. En 1993 case dobramos xa, foron 60.000 millóns de exportacións e 33.000 de importacións. En 1994, 91.897 de exportacións e 44.000 de importacións. E se tomámo-los datos oficiais de

instancias axeitadas para xaneiro-xullo de 1995, as importacións supoñen 30.000 millóns e as exportacións 63.000. A taxa de cobertura é do 208%, e de aquí á fin de ano esperamos supera-las marcas do ano anterior. Creo que, polo tanto, non é un bo exemplo, senón ó contrario, a proba de que estamos, tamén aquí, no bo camiño.

Falouse do Plan de estradas e afirmouse, coa lixeiriza e demagogia característica, que se estaba cumprindo ó 30%. Á parte de dicir que manteño -porque están onde deben estar- os datos do SEOPAM, que algún intentou desmentir estes días, voulle falar concretamente do grao de execución do Plan galego de estradas.

En tipos de vías de alta capacidade, os quilómetros rematados en xullo de 1995 eran 133, en execución 34, en proxecto ou en estudio 39. No Plan da rede primaria básica, 527 rematados en xullo de 1995, en execución 99, en estudio 55. Vai máis retrasada a primaria complementaria, onde os datos son, respectivamente, 209, 137 e 240. Aquí teño tódolos datos, proxecto por proxecto, como é natural, pero teño que dicir que no ano 1991, 1992 e 1993 cumpriuse o Plan galego de estradas no 100% do previsto. A finais de 1994, baixou o 85% porque houbo dificultades no maior prezo dalgunhas obras, pero do 85% ó 30% hai unha diferenza importante.

En canto á súa ocorrencia de mal gusto, naturalmente, en relación coa estrada supostamente Chantada-Monte do Faro, é o eixo Lalín-Monforte do que vostede está a falar, dunha importancia enorme e practicamente rematado na actualidade, sendo unha das vías máis importantes. Claro que ten un tramo que vai por aí, e outro antes e outro despois. Aquí si que se podían facer algúns chistes, evidentemente, bastante bos.

Os parques empresariais, efectivamente, antes non os había, agora empeza a habelos, uns van máis de présa, outros van menos de présa. Xa se convocou o concurso dos parques ofimáticos, en relación co que vostede dicía. Rematouse o parque tecnolóxico, pero xa falei esta mañá das posibilidades que o Plan de autopistas de información lle vai dar a Galicia nese eido e pódolle dicir que imos quedar á cabeza.

Falou da educación. Tódolos anos ó comeza-lo curso hai certas dificultades, xeralmente organizadas, e aquí hai quen debe saber moito diso. En canto ós tres rectores, que de todos me honro en ser amigo, eu só atopo interesante a discusión do rector da Coruña ou de Vigo, de cal está peor tratado; os dous coinciden en que están peor tratados. Iso é como cando algúns paisanos ó principio non querían concentración parcelaria porque dicían que a eles lles ía toca-la terra mala.

É certo que en investigación levamos algún retraso como resultado da crise económica xeral, pero si lle podo dicir que esa unión industria-investigación vai adiante e que se vai inaugurar un centro en Porriño que é un dos máis importantes que existen deste tipo, de investigación industrial. Xa falei dos da pesca, etc.

Falou vostede, tamén, de SOGAMA. Se hai un proxecto ambicioso, importante, difícil, é ese. Non lle faltan dificultades, vaise rematar. Está neste momento superándose a fase máis importe, queda a convicción das poboacións. Ninguén quere, ou poucos queren, unha planta de refugallo. Nalgún sitio teñen estar. Pero seguir como estamos non é posible. Eu recordo que cando houbera o accidente atómico na famosa Illa das tres millas, en Harrisburg, nos Estados Unidos, a última enquisa que fixo o gran George Gallup, o creador do sistema moderno de enquisas, foi unha que tiña dúas preguntas. A primeira era: ¿Vostede está conforme con que siga Estados Unidos coa enerxía nuclear? O 80% dos consultados dixeron: si. ¿Vostede está conforme en que haxa unha planta na súa comunidade? O 80% dixeron: non. Ben, eses son os problemas políticos do noso tempo. Teña por certo, señor Cortizo, que nós imos tirar para adiante.

Fixo despois vostede, algunhas consideracións sobre as administracións públicas que son pura e simplemente falsas. Mire, nunca houbo a obxectividade, a seriedade e a organización que hoxe hai na Administración pública de Galicia. E xa despois entrou na política, e eu creo que entrou con mal pé, porque aínda que vostede non sexa xurista -que, por certo, non é obrigatorio para ser un bo parlamentario- si ten que saber que hai partes do sistema electoral, as máis importantes, que non dependen da lei galega, dependen da lei nacional. De modo que para o que

vostede propón, que se fagan listas abertas, etc., hai que reforma-la lei, ó que se que opón sistematicamente o seu grupo no parlamento nacional.

Di vostede se este Parlamento funciona ou non. Ben, en canto ó Parlamento, no momento actual, mire vostede para os importantes, famosos e que, mesmo, se titulan nai dos parlamentos, como é o inglés. Hoxe o pobo elixe unha maioría para facer un goberno. A maioría ten que respecta-las minorías. Vostedes poden dicir aquí o que queiran e desde aquí chegar, efectivamente, ó pobo para que cambie a súa votación a próxima vez. Pero a maioría está para soste-lo Goberno. E dicir que a maioría está para votar coas minorías, e que iso se arranxa coa reforma do Regulamento, paréceme sinxelamente pouco serio.

Pero, en fin, vostede deulle altura intelectual ó final da súa intervención e terminou citando a Maquiavelo. Maquiavelo -como sabe vostede- foi durante moito tempo -e compréndese por que- o símbolo do mal pensamento en política, o símbolo da maldade. O importante é saber que este home, que no fondo era un oportunista, quixo traballar para a república de Florencia, e para iso escribiu *A década de Tito Livio*. Despois, cando gañaron os Medicis outra vez, escribiu *O príncipe* para afagar ó príncipe Medicis, que non lle fixo caso. E, coma tantos outros maquiavélicos, ou falsos maquiavélicos, pois xa observou Federico de Prusia que o que quixera facer maquiavelismo o que tiña que facer era facer coma el, que escribiu un antimaquiavelo. O que di “fáganse as cousas mal e engane a todo o mundo” non engana a ninguén.

En todo caso, quero dicir que el acabou onde acababan moitos políticos: falando mal de todo o mundo e criticándoo todo, pero no fracaso e na escuridade total. O seu heroe era César Borgia, pero el ó final tivo que recoñecer que o que gañara fora un home que pasou á historia co nome de Fernando el Católico. Eu propóño como modelo.

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor presidente.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías, a ver se se poñen de acordo a voz e o portavoz para non contradírense.

En primeiro lugar, señor Portomeñe, efectivamente, vostede o que fixo foi darme a razón cando eu lancei esa hipótese de que, se cadra, aquí os papeis estaban cambiados e que o auténtico discurso, propio dun presidente da Xunta, o fixera o portavoz do Bloque no canto de facelo o presidente. E, efectivamente, vostede converteu non só o meu discurso, senón ata os meus discursos do día da patria na praza da Quintana, no centro de referencia da súa intervención, convertida nunha rolda de réplica, no canto de ser unha rolda de posicionamento sobre o discurso do seu presidente, que é o que en principio está establecido no Regulamento, -e non lle fago ningún reproche ó señor presidente da Cámara, xa o sabe perfectamente. Sei moi ben que nas intervencións sempre hai debate, pero vostede converteume a min, como portavoz do BNG, no centro da súa diatriba; e, polo tanto, a ver se se pon de acordo co señor Fraga.

Ademais, por certo, vostede cita mal e de memoria. Pero iso xa é unha deformación profesional. Pásalle como cando chega o señor Fraga cunha réplica prefabricada. Entón, o que fai é largala sen ter que ver nada cos contidos da miña intervención. O un e o outro acusáronme de marxista. ¡Terrible! Os cidadáns galegos asústanse tanto de que o Beiras non renunciase nunca a dicir que o sistema filosófico-político que el consideraba máis cabal para comprender e interpretar-la sociedade e a historia seguía a se-lo sistema creado por un pensador que se chamaba Karl Marx, tanto se asusta a xente, esa xente que non me escoita -e iso dá lugar a que o señor Fraga diga: "A vostede lévalle moito tempo falar e só o escoitan uns poucos"- que houbo un individuo, deses que tinxen papeis de periódico, que nunha certa ocasión se referiu a min dicindo "o 1% e o reloxo parado". E, pouco despois, o Bloque tiña o 20% dos votos, e hoxe as sondaxes danlle bastante máis. E iso é o que lle preocupa a vostedes.

Nin utilizando as vellas pantasma que pretenden asusta-los cidadáns do común con que un marxista é unha especie de demo con cornos, nin con esas, vos-

tedes conseguen que os votos ó BNG non suban sistematicamente. Outra cousa é que aquí a min me escoite moita menos xente da que me podería escoitar se vostedes non cesurase a oposición en tódolos medios de comunicación (*Aplausos*); se vostedes non manipulasen a televisión ata tal punto de que vostede sabe perfectamente, señor Fraga Iribarne -sábeo e, polo tanto, non ten o beneficio do inventario da dúbida, non ten a excusa de que se cadra non o soubese- que actualmente a Televisión galega está incumprindo a lei en virtude da cal se establecen as normas e requisitos para a aprobación da programación. Esa programación foi rexeitada porque, gracias a que o señor Alfredo Conde, que vostede puxo aí para ir de vacacións por latinoamérica para intentar vende-los libros que non vende aquí, e a que o señor Cuiña se anticipou a nomear para un cargo da Consellería en Ourense a un membro do Consello de Administración que, polo tanto, incorría en incompatibilidade e tomou posesión antes de que chegase o momento de discutirse e votarse no Consello de Administración da TVG a nova programación, para a que lle facían falta os dous conselleiros que faltaban -un por ausencia e outro por incompatibilidade-, vostedes perderon na segunda votación, que é a única, a última que establece a lei como posible. Perderon a votación na que tiñan que aproba-la programación pola maioría absoluta dos membros, que son sete sobre doce, e tiñan cinco. E aínda co voto do director xeral da compañía, que ten voz e voto pero segundo a propia lei non o ten para as cuestións que atinxen directamente a programación, preséntaa o director xeral. Pero aínda así son seis, non os sete que facían falta. Vostedes pasaron iso polo arco do triunfo e aínda están dicindo publicamente que esa programación está aprobada.

A iso me refería dicindo que vostedes conculcan a lei. E iso non é marxismo. Iso pode subscribilo Maurice Duverger, por exemplo, ou calquera persoa, calquera tratadista do dereito político dos que vostede coñece moitos, aínda que os esqueza sistematicamente cando sobe a esta tribuna. E nin son marxistas nin nada polo estilo. Simplemente son persoas honorables e que non veñen aquí a falsifica-la realidade dos feitos, como fai vostede neste caso, porque a falsifica porque o sabe.

E a iso me referín eu insistentemente hoxe. Señor Portomeñe, non veña vostede a pensar que está aquí

na feira de Chantada a vender peites e a dicir que: “Xa se sabe, os marxistas ou o marxismo consideran que a economía é todo”.

Unha editorial galega acaba de traducir “Ensaíos” de Alain Baudiou ó galego, onde, precisamente, casualmente, se volve insistir en que esa é a versión que a dereita dá sempre do que é o marxismo, do papel que desempeña a análise ou o papel que desempeña dentro da realidade social a base económica. Iso é mesmamente o que a dereita ignorante -porque hai dereita que non é ignorante- pensa que é o marxismo.

E vén vostede dicir aquí que eu non falei máis ca de economía. Señor as e señores deputados, señoras e señores do palco do público, aínda comezou ás cinco da tarde a miña intervención, na que eu insistentemente falei de que o centro de gravidade do problema neste momento estaba precisamente na instancia do réxime de liberdades e dereitos democráticos. Cousa que vostedes non fan porque, naturalmente, lles queima nas mans.

Tamén fala da cultura, da Galicia da cultura, da plástica e da música. Un periódico, que non é sospeitoso de levarse mal co Goberno, acaba de sacar en primeira páxina estes días ata que punto están decapitados sistematicamente nos últimos anos o presuposto de cultura da súa Consellería, precisamente, a pesar da inclusión de todo o referente ó Plan do Xacobeo. Non sei se é para facerlle a cama ou porque queren apoialo para que vostedes non lle recorten máis os presupostos deste ano dos que van vir ó Parlamento.

¿E que me conta vostede do proxecto da creación da Orquestra Sinfónica da Comunidade Autónoma, respecto do que vostedes quedaron absolutamente non só en ridículo, senón como faltos da máis mínima educación ante nada menos que unha personalidade do mundo musical como Helmut Rilling? Dun *plumazo*, despois de todo o que estaba previsto, como as probas para os profesores membros da orquestra feitas ata o mes de xullo, hai que enviarlle un mensaxeiro a Rilling a París en agosto para dicirlle que diso non hai garantías, fatalmente, para que sexa levado a adiante, despois do acordo subscrito e asinado por vostede, como conselleiro de Cultura, co alcalde da cidade de Santiago, etc. Esa é a consideración que teñen vostedes para Cultura. Son tan paifocos que nin

sequera temen o máis mínimo ... Tratan estes asuntos coma se fosen un xoguete: agora empezamos pero podemos cortar inmediatamente, ¡que máis ten! ¿Ou é que don Paco Vázquez con don Manuel, con vostede mesmo ou con quen sexa podía ter celos de que a capital da autonomía tivese unha orquestra sinfónica da Comunidade Autónoma que ó mesmo tempo fose unha fonte nutricia da Escola Superior de Estudos Musicais, etc.? Pero, ¿que vén falar vostede se saca vostede sempre os mesmos temas nos que queda en ridículo?

Aprobación da Lei do patrimonio. Naturalmente, o BNG deulle o apoio á lei, como forza política responsable. Pero quero indicarlle, a ver se toma medidas, que no Concello de Ribadeo, onde agora gobernan vostedes, o primeiro que fixo o novo goberno municipal do PP foi *cargarse* o PEPRI elaborado polo anterior. E están dando a esgalla e a toda velocidade licencias para que no casco, que había que preservar, se faga o mesmo que se fixo en épocas anteriores e que destruíron esa vila, que, contemplada desde Castropol, desde As Figueiras, é un auténtico desastre xa hoxe en contraste co que se contempla en Ribadeo cando se olla cara á beira de Asturias.

Señor Fraga, vostede sempre di que o insulto; seica vostede non. Seica vostede non. Vostede ten fama -e ademais está ata nos documentos de prensa- de ser un especialista no insulto gratuito, na descualificación gratuita, e parece ser que o que insulta son eu. Pois mire, por cortesía na miña intervención primeira desta tarde -feita cando xa escoitara o seu discurso desta mañá- dixen que a súa intervención fora, evidentemente, surrealista e patética; -surrealista na primeira parte e patética na segunda. E se vostede pregunta, así mesmo, que quere dicir iso, vaia ó dicionario, é moi simple, non llo vou explicar eu agora, pero non dixen que a súa intervención ademais fora un recital de desprezo á intelixencia dos honorables membros da oposición, como vostede nos chama. A min non me vale de nada que vostede me chame honorable. A miña honorabilidade non depende dos cualificativos que vostede me dirixa. En cambio, o que me vale de moito é que un presidente da Xunta, cando fale desde esta tribuna, non faga unha intervención que sexa un auténtico recital de desprezo á intelixencia dos deputados e deputadas desta Cámara.

Seica lle sentou mal que o situase a vostede como “señor da dereita”. Pois mire, a miña dereita é esta, e vostede está situado aí, no extremo da dereita. Polo menos, visto desde esta tribuna e, por suposto, visto tamén desde a Presidencia do Parlamento. Non está no extremo contrario. Na extrema esquerda está precisamente, ademais, o señor Cortizo; non este marxista, que está por alí arriba moi tranquilo. Nin sequera se decatá de onde estamos situados cadaquén. ¡Claro!, vostede di que non vale xa o de dereita e o de esquerda coñezo ese vello lerio. Todo reaccionario sempre defende -e iso é unha cousa constante- que iso de dereita e esquerda, non. Como Gonzalo Fernández de la Mora, *el ocase de las ideologías* e todas estas historias. Tamén Hitler dicía que non había esquerdas nin dereitas, había o nacionalsocialismo, e tamén subiron -recórdollo- ó poder por sufraxio universal...

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia concluíndo.

O señor BEIRAS TORRADO: Si, señor presidente, pero recordará que na primeira intervención eu ativenme estritamente ós tres cuartos de hora, mentres que houbo outro portavoz que, sen textos e sen reproche, se pasou nun cuarto de hora. Penso que aínda que eu poida agora, en troques, nesta rolda miña de segunda intervención, compensar un pouco a equidade de parlamentaria, non padecería senón o contrario.

Quero dicir que, no fondo, nas súas intervencións agroman -se cadra sen vostede decatarse mentres está falando- conviccións profundas que son antidemocráticas. Vostede está poñendo como un exemplo o que debería ser lamentable para calquera democrata, que é a deterioración de institucións parlamentarias, mesmo de parlamentos de democracias liberais, burguesas ou como se lle queira chamar, historicamente pezas fundamentais. É o caso de Gran Bretaña. E en troques de lamentar iso di que agora o que pasa é que os cidadáns o que queren é unha maioría forte e despois que fagan o que queiran. Naturalmente, ou sexa, a negación da democracia propiamente dita. Niso foron especialistas os nazis, por iso obtiveron os votos, e non fixeron iso só, senón levado ó límite. Xa sei que vostedes non o van levar, pero vostedes compórtanse en moitas cousas, sobre todo no que atinxe ós dereitos e liberdades dos cidadáns, da mesma maneira, substancialmente da mesma maneira.

E vou ir rematando, señor presidente. A vostede a distinción esquerda-dereita non lle vai. Vostede non é de dereitas nin de esquerdas, senón do que lle conveña persoalmente en cada conxuntura política. Xa vostede mesmo o dixo: “Eu fun ministro, embaixador e agora presidente da Xunta”. Eu non, claro; nunca xoguei a iso. Esa é unha das grandes diferencias entre vostede e mais eu. Esa é unha diferenza fundamental, e vostede sábeo tamén. Vostede sabe tamén perfectamente que hai homes e mulleres que neste país, desde que eramos mesmo rapazolos, en vez de apuntarnos ó carro do poder -vostede subiu a un coche oficial ós 30 anos e aínda non baixou- apuntámonos a loitar democraticamente para que as cousas fosen doutra maneira. Esa é unha gran diferenza entre vostede e mais eu. Eu nunca fun ministro de Franco, nunca fun embaixador de Franco, nunca fun ministro do Rei Juan Carlos e aínda non fun presidente da Xunta. E o máis importante non é se eu chego a ser presidente da Xunta ou non porque a miña vida non depende diso, nin depende no plano económico, nin depende no plano vivencial, nin no plano da miña realización persoal, ¿comprende? A vostede se lle sacan a política sería un home clinicamente morto hai tempo. Sábeo vostede moi ben, por iso seguiu sempre, a min non. Pero, en cambio, con independencia diso, como está patente cando se celebra un debate coma o de hoxe e se contrasta obxectivamente o contido do meu discurso pola cousa que vostede soltou esta mañá, as cousas están claras, e non porque o diga eu.

Só remato cunha cousa. É marxista dicir que os sectores reclaman unha redución dos custos enerxéticos e unha diversificación das formas de enerxía; e reclamar unha política financeira que permita reducir a pesada carga dos custos financeiros, ¿é marxismo, verdade? Que a competitividade e a produtividade non é a mesma cousa, ¿é marxismo, verdade? Que os sectores reclamen un control autonómico, unha ordenación racionalizada, unha concesión, un aproveitamento dos recursos mineiros, ¿é marxismo, verdade? Que reclamen un sistema de financiamento público que lle permita á Comunidade Autónoma a suficiente autonomía financeira é marxismo. E é marxismo tamén que se reclame que os fondos estruturais da Unión Europea que nos corresponden como rexión número un os fagamos nós; e é marxismo tamén reclamar unha política forestal racional; e é marxismo reclama-la posta en marcha dunha política laboral

orientada cara ó problema do emprego. Se cadra soulle a Kalecky. Vostede sempre cita de memoria. A obra á que me refiro de Kalecky é precisamente unha de metodoloxía keynesiana e non marxista.

Da mesma maneira -e con isto remato, señor Fraga- podería dicir moitas máis cousas, pero non vale a pena excederse máis no tempo. É un debate inútil, e iso é moi grave. Vostede cita de memoria o *Animal farm* de Orwell, porque o saca a colación da intervención do símil que fixo o señor Cortizo, e non ten nada que ver. Na granxa dos animais de Orwell non é que non funcionase nada, senón que os animais, os máis pacíficos, precisamente, organizan unha revolución libertaria, e logo os cochos, servidos polos cans de presa, fanse co poder e impoñen unha tiranía. Exactamente accederon á democracia e logo os de sempre convertérona nunha tiranía. Vostedes intentan face-lo mesmo neste país.

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor deputado.

Ten a palabra o señor Cortizo Nieto.

O señor CORTIZO NIETO: Señor presidente, señorías, nesta rolda de réplica vou aproveitar un breve tempo para facerlle unha réplica -valla a redundancia- ó señor portavoz do Partido Popular.

Introduciu a idea do catastrofismo na intervención deste portavoz, e habería que explicarlle ó señor portavoz do Partido Popular o que é catastrofismo, aínda que xa debería sabelo. É unha teoría sostida principalmente por un xeólogo, que consistía basicamente en manter que na historia xeolóxica do mundo, da terra, se produciran unha serie de cataclismos que acabaran con todo, e despois dese cataclismo, aparecía, creábase unha nova fauna e unha nova flora. Pois tan acertada é a teoría coma o seu uso do termo aquí neste debate.

Se quería opoñer algún cualificativo á intervención do triunfalismo do presidente da Xunta puido escoller “derrotista”, que cumpría mellor co carácter de antinomia. Vostede é un bo paxaro, señor portavoz, e, espero que non que lle pareza ó señor presidente de mal gusto; el ten a capacidade para considerar de mal

gusto as intervencións dos demais, pero el fainas mesmo sen saírse en ningún momento do mal gusto. Dicía que era un bo paxaro, e non quero dicir con isto que vostede sexa un fragátido, que é unha ave mariña, e en Chantada non hai mar, aínda que podía selo porque hai unha especie entre os fragátidos que é a dos rabi-forcados e, ás veces, parece vostede un aforcado polo rabo, pero non é o caso. Vostede está máis ben no das gaivotas, por aquilo de planar, concretamente na especie das gaivotas ridoras, as que teñen unha tupida plumaxe, e ademais branca. Pero hai que ter en conta, ademais, que no conxunto das gaivotas está outra especie que é a gaivota sombría, e creo que con iso todo o mundo poderá sacar conclusións.

Moito máis non lle podo dicir, porque, realmente, a súa intervención foi a demostración práctica de que vostede é un retórico por necesidade, excitado constantemente por ter unha ansia de fe, supoño que de fe fraguiana, sen decatarse de que o demostrarse como ansioso de ter fe é a mellor proba de que un non ten fe. Entón, non sei se cando intervén aquí, neste tipo de debates, se dá conta de que esa excitación na intervención que o leva a esa retórica precisamente o que demostra é que ten pouca fe, neste caso supoño que será fe fraguiana.

Polo demais, as referencias ó partido que eu represento, de bastante mal gusto, e que fixeron os dous membros do Partido Popular e os dous membros do Goberno que interviñeron, a min pouco me preocupan, pero postos a facer referencias a partidos, podo dicir que o seu partido debería preocuparse moi moito de que tódolos seus membros tivesen un comportamento no exercicio dos cargos públicos coherente e, sobre todo, acorde coa ética. Non vou dicir máis, porque non é o obxecto deste debate e, en todo caso, defendendo unha metodoloxía e unha práctica política que consiste en non penzoña-la vida política nin degradala, como acostuman a face-los do Partido Popular con calquera caste de rumores ou informacións.

Tivo a ocorrencia o presidente de atribuír rigor ó seu discurso, e xa citei algunha das cuestións que poñían en evidencia a falta de rigor.

Falou tamén esta mañá dos contratos lixo. Se imos traballar no emprego, non con contratos lixo, porque iso é inadmisíble desde a súa óptica, ¿por que non lle

di tamén á xente, á que nos escoita -hoxe que a Televisión se ve forzada case a transmitir-, que no SERGAS non é que se fagan contratos lixo, é que se fan contratos por xornada laboral? Por sete horas contrátanse especialistas e enfermeiras, e de luns a venres tamén. É dicir, ¿de que contratos lixo me falaba antes?, ¿dos que duran 3 meses, 6 meses, etc? No SERGAS hainos que duran un día. Se tódalas súas aseveracións teñen o mesmo rigor e a mesma seriedade ca estas, é fácil de entender que o país estea como está -insisto e repito-: nos últimos lugares do concerto do estado das autonomías e nos últimos lugares no concerto das rexións de Europa.

Vostede dixo que eu tiña os meus datos e vostede os seus. Eu xa advertín que os meus non son meus, proceden de analistas e de organizacións absolutamente independentes e bastante máis fiables que os que un se constrúe ou manipula a gusto. Claro que se digo que neste ano o labor do seu Goberno, por exemplo, na área da vivenda social, consistiu en facer 59 vivendas, cando as previsións eran de 1.000 anuais no plan, vostede dirá que eses son os meus datos. Pero son os meus datos e a realidade está aí fóra. E se digo que non houbo intervención no solo público para a construción de vivendas oficiais e que, polo tanto, os especuladores poden seguir estando contentos porque vostedes non crean solo para que se constrúa vivenda á que poidan accede-las clases máis desfavorecidas, iso será xa marxismo-leninismo, polo menos, pero eu son dos que cre, efectivamente, dentro do meu proxecto político, que a intervención da Administración pública en determinadas áreas é absolutamente necesaria para que os desfavorecidos poidan ter apoio e resguardo.

Vostede afirma alegremente que non sabe onde o proxecto que eu defendo tivo algún tipo de éxito. Nos últimos tempos en moitos países europeos, desde os países nórdicos, onde a socialdemocracia foi a clave do seu desenvolvemento, e non precisamente a dereita que vostede representa, ata o máis recente sur peninsular español, ou o que vostede queira, Portugal. Esas son alusións que non teñen gracia tampouco, non son un chiste, son un recurso que suple a falta de argumentos.

Eu falei dos sectores claves para o desenvolvemento deste país; falei da agricultura, da pesca e da

industria, e falei das políticas horizontais que teñen que servir de sustento a políticas serias neses sectores. Falei -efectivamente, e insisto, os resultados están aí- de que na agricultura non houbo unha política seria, ampla, de que non houbo iniciativas, o conxunto das iniciativas propias da Xunta -que ten competencias para tomalas-, para cambia-las estruturas dese sector. Polo tanto, segue producíndose que o valor da produción final agraria é o que é, que o PIB por ocupado no campo é o que é e que os resultados cantan e están aí, e vostede non os vai cambiar só con palabras. Polo tanto, non dixer nada extraordinario, só o que hai. En canto á crítica, dixer o que hai, fixen a referencia dos feitos, aínda que xa sei que lle parece de mal gusto.

E non dixer nada extraordinario en canto a propostas, o que hai que facer, que non hai que inventalo. Que persiste a estrutura minifundista e que ese é un lastre tremendo na evolución dunha agricultura, nunha situación de progreso, ¡home!, vostede pode negar iso, pero negará en balde, evidentemente, porque persiste esa estrutura. E que hai unha rixidez no mercado de terra neste país, aí está. E que hai que crear instrumentos para romper esa rixidez, aí está tamén. Que reforma agraria lle soa mal, que lle ten a vostede reminiscencias, pois chámelle outra cousa, pero fágao. E se non deixe a outros que o fagan.

Na pesca parécelle de mal gusto que se diga que hai sectores que podían ser moito máis productivos e que non o son pola falta de iniciativas do seu Goberno, e entón inventa os inimigos exteriores. Pretende ser desprezativo e non despreza quen quere senón quen pode. Porque expuxen a necesidade do impulso institucional pola vía da reforma da Lei electoral. Xa que falaba da *granxa* de Orwell -na que eu, evidentemente, non me inspirei, entre outras cousas porque teño o bo gusto suficiente como para non consideralos a vostedes animais e, polo tanto, non hai tal inspiración-, na granxa de Orwell si hai un personaxe que di: "Todos somos iguais, pero uns máis iguais ca outros" Pois parece que vostede practica o de que todos somos iguais pero algúns máis iguais ca outros. Porque vostede como responsable político pode vir a este Parlamento nun debate do estado da Autonomía e propoñe-la reforma do Senado, pero, ¡ah!, se a outro responsable político se lle ocorre propoñer algo en relación coas institucións -e a reforma do Senado non

depende de nós-, entón, non pode. Pero, ¿de que vai? ¿Desprezar a quen?

A min vostede, como Orwell, só me recorda 1984, pola censura, pola opresión e pola falta de liberdade.

De mal gusto. A verdade é que me dicía un compañeiro que fixera unha cousa que non estaba ben, que era non miralo nunca a vostede no debate. E é verdade, pero non o mirei intencionadamente porque me resulta desagradable miralo, porque o identifico a vostede co responsable da degradación da vida de moitas persoas neste país, como o culpable pola súa falta de ideas, pola súa falta de iniciativas e pola súa falta de vontade para mellorar este país. Pero procuro respectalo moito porque é o presidente deste país. E entón téñolle o respecto institucional debido ata que vostede traspasa o límite da ofensa, como acostuma a facer cando non ten argumentos, cando non ten razóns. Pretende ser vostede desprezativo, pretende demostrar vostede non sei que clase de superioridade, e non a ten. Vostede é o culpable da miseria en que este país está. E é culpable de que esta situación se agrava desde o ano 90. E encima de ser culpable desta situación pola súa incapacidade e incompetencia, na primeira vez que chega a un goberno democrático - non o esquezamos- ten, cando llo din, a absoluta egolatría ou trazo de egolatra perpetuo e absoluto de rirse non de min, senón de todo o pobo deste país.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor deputado.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Vázquez Portomeñe.

O señor VÁZQUEZ PORTOMEÑE: Intervenío tan só desde o escano porque non é hábito meu, como portavoz, face-la réplica. Correspóndelle, evidentemente, ó presidente do Goberno de Galicia e, obviamente, non quero ocupa-lo seu posto; quédelles claro ós señores da oposición. Pero se non me levanto, poderíano tomar como unha descortesía.

O señor Beiras cando me fala de que el non xoga a vellos fantasmas, eu dígolle que si. O marxismo e o independentismo son vellos e fantasmas. Só á súa señoría e máis ós seus compañeiros se lles ocorre seguirse constituíndo en reservas do occidente. (*Murmurios*)

Vin que o preocupaban profundamente os medios de comunicación. É síntoma evidente de que aínda conserva a síndrome de Onda Cero. Compréndeme perfectamente.

(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras desde o escano que non se perciben)

Vin que a cultura a confunde lamentablemente cos cartos, o cal asevera a súa condición de marxista. A economía, os cartos... (*Murmurios*).

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ PORTOMEÑE: A apelación que fixo á feira de Chantada, ás compras e ás vendas, supón un lapsus freudiano. Iso si que o foi e, evidentemente, confirma que a economía o é todo.

Eu, en definitiva, quérrolles dicir ás súas señorías e ó señor Cortizo, moi especialmente, que ó final logrei os meus propósitos. Vostedes obsequiáronme desde esa tribuna a min, non ó programa do Goberno nin ó presidente do Goberno nin ó colectivo do Goberno, a maior, e diría tamén a mellor, parte das súas intervencións.

Engádolle outro detalle, señor Cortizo, que é específico para a súa señoría. O segundo tema ó que dedicou nesa tribuna máis espacio foi ó (...). Eu non sei por que a súa intervención me recordou vehementemente o (...).

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Portomeñe.

(Pide a palabra o señor Beiras Torrado)

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señor Beiras?

O señor BEIRAS TORRADO: Si, señor presidente. Pido a palabra para unha puntualización...

O señor PRESIDENTE: ¿Das súas propias palabras, supoño?

O señor BEIRAS TORRADO: Si.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra.

O señor BEIRAS TORRADO: Eu teño por costume distinguir cando estou no Parlamento e cando non estou. Polo tanto, teño que facer moitas veces un serio esforzo para non dicir cousas que, aínda sendo absolutamente certas, poden resultar improcedentes ou fóra da cuestión nesta Cámara. Cando eu fixen unha mención do asunto de Onda Cero, sobre o programa *La radio de Julia*, fíxeno no contexto de referencia a cuestións que xa dixeran, que están aí e que son problemas de dereitos e liberdades deste país. Pero houbo medios de comunicación -agora engado isto como puntualización- que publicaron que se aseguraran de que a censura e a coacción se fixera na dirección do programa do propio programa de Onda Cero; que se aseguraron e que tamén o dixeran, aínda que tamén puñan que as fontes que declararan iso non querían da-lo seu nome e identificarse persoalmente por temor á represalia. Polo tanto, é indecente o que acaba de facer a (...) do señor Portomeñe, de que, por encima de que censuran e esganan aínda se (...) Iso si que é fascismo ¿Comprende vostede, señor Portomeñe?

O señor PRESIDENTE: Esta Presidencia deulle a palabra para unha puntualización, como sabe a súa señoría, fóra do que sería unha aplicación estrita do Regulamento. Penso que vostede tamén atenderá esta Presidencia se lle pide que esas últimas palabras súas de descualificación a outro membro da Cámara non consten no *Diario de Sesións*. Estou seguro de que me vai dicir que si.

(Pide a palabra o señor Cortizo Nieto)

O señor PRESIDENTE: Señor Cortizo, ¿para que pide a palabra?

O señor CORTIZO NIETO: Apoiado na petición que lle fixo ó señor Beiras de que retire as últimas palabras, eu preguntome se non somos todos iguais e a cualificación de (...) para nunha intervención do señor conselleiro non merece tamén iso. É dicir, o señor conselleiro e portavoz do Goberno dixo que lle recordara o (...) na tribuna. ¿Vostede admite este cualificativo?

O señor PRESIDENTE: Señor Cortizo, eu tiver unha intervención aquí co señor Beiras, que me pediu a palabra. Se a súa señoría me quere axudar a presidir

esta sesión axúdeme desde outro lugar que non sexa ese.

Se a súa señoría se considera ofendida pola utilización desa palabra, que esta Presidencia non cortou porque se está a utilizar esa denominación e se estivo utilizando a palabra no debate, eu pídolle ó señor Portomeñe que a retire e non constará tampouco no *Diario de Sesións*. *(Murmurios)*

Estou accedendo ó que me pide o señor Cortizo, ¿que máis queren as súas señorías? *(Murmurios)*

Señor Sineiro, cando queira falar nesta Cámara pida a palabra antes, e eu concedereilla. Agora non a ten. Garde silencio, que non a ten.

Neste momento ten a palabra o señor presidente do Goberno para pechar esta primeira parte do debate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Fraga Iribarne): Gracias, señor presidente.

Señor presidente, señores deputados, o para min honorable representante do BNG, o profesor Beiras, está convencido non só de te-la razón, senón de que nós lla damos. Podo asegurarlle que nisto último eu creo que se equivoca.

Efectivamente, non todo o que di o señor Beiras é marxista. Supoño que, ás veces, cando di que unha flor é colorada non está facendo marxismo, aínda que o colorado teña algo que ver co marxismo. Pero o que eu quero dicir é que el segue a afirmar e a manter que o sistema filosófico marxista segue sendo o mellor para interpreta-la sociedade e para actuar sobre ela. Evidentemente, ese é un recoñecemento que fai a miúdo. É vostede o que nos dá a razón. E nós non usamos a palabra marxista en ningún sentido que non sexa o da palabra marxista. ¿Foi Marx o que dixo ou non que a relixión é o opio do pobo? ¿Foi ou non o que xustificou a famosa revolución da Comuna de París? ¿Foi ou non o que deu lugar a todo o sistema que levou ás maiores dictaduras da Europa oriental? Eu creo que foi. E Lenin, o seu principal epígono, cando Fernando de los Ríos, un ilustre pensador socialista do que eu teño aprendido moito, lle preguntou que lugar había no seu sistema para a liberdade, contestoulle aquel ilustre marxista: “¿Liberdade para que?”

Por certo -porque sempre convén saber que un coñece os seus colegas- eu coñezo, como é a miña obriga, os meus colegas de dereito constitucional. Maurice Duverger, que vostede puxo como exemplo dun profesor non vinculado ó marxismo, como vostede sabe foi nos últimos anos deputado europeo dentro do grupo comunista italiano. Non sei se o sabía, pero eu dígollo.

Ben, vostede di que crece. Os seus votos non son a custa de nós. Penso que son a custa doutros. Cando vostede fala de dereito tamén ten algún fallo técnico, porque me dixo que me legaba o “beneficio de inventario da dúbida”. Mire vostede, beneficio de inventario é unha cousa e beneficio da dúbida é outra. Supoño que me nega os dous, pero é igual. Eu non pido nin un nin outro.

Creo, e estou persuadido diso, que neste momento a Radio e Televisión galegas están moi ben rexidas, moi ben gobernadas e van seguir estándoo. Por certo, mellorando moito os seus resultados formativos, económicos e de produción.

O único punto concreto que tocou vostede merece un comentario, efectivamente. É o tema da famosa iniciativa aprobada pola Comisión Executiva do Consorcio da Cidade de Santiago, en reunión celebrada o 19 de abril de 1995, que aprobou a Escola de Artes Musicais e a Fundación Eusebio Granel, cun custo estimado de 680 millóns de pesetas para os anos 95-98.

Pois ben, o Ministerio de Facenda -e teño aquí a copia da carta do secretario do consorcio, D. Xabier Castiñeira Izquierdo e a carta que pon o presidente en funcións da comisión executiva, D. Manuel Trillo Álvarez, xefe do Gabinete Técnico do Ministerio de Facenda- negou a aprobación deste capítulo. E co apoio do 60% non podemos facer nada. Polo tanto, dicir que a Xunta se botou atrás... Non, mire vostede, son outros os que teñen que responsabilizarse.

Despois de dicir isto, pois non vexo eu tampouco razón ningunha para que non tomemos contacto coa orquestra da Coruña ou con quen sexa. Pero é evidente, vostede volveu mencionar un feito que non ten nada que ver coa realidade.

Di que, por cortesía -que é a súa especialidade, evidentemente recoñecida- (*risos*) rexeita que se lle chame honorable. Vostede saberá por que. ¿Que eu fixen un recital de desprezo? Sobre a banalidade do que vostede dixo ó respecto; sobre todo, o da dereita e o da esquerda, que se aquí estamos uns e alí outros... O problema é saber se iso ten que ver cunha definición filosófica e política. Por certo, recoméndolle un libro moi importante que se chama *Dereita e esquerda na natureza*, que é un libro sumamente importante dun eminente científico, do que resulta que, por exemplo, eu, se saio nun espello, a miña cabeza está arriba e os meus pés están abaixo. En cambio, a dereita e a esquerda están cambiadas. Teño o maior respecto polos zurdos pero, evidentemente, hai unhas normalidades e unhas anomalías en todo isto, e vostede optou polo lado da esquerda. Paréceme moi ben, pero non se meta cos que optamos polo lado natural. (*Risos e murmurios*)

Despois diso, vostede hoxe dedicou unha certa e reiterada aportación á psicanálise. Eu creo que hai moito freudianismo aplicado ós demais. Eu creo que vostede debería aplicarse aquilo do principio de nosce te ipsum, coñécese a vostede mesmo e deixe en paz os demais.

Vostede teña por certo que a maioría que o pobo galego nos deu a imos usar para a maioría, e que se eu estiven, efectivamente, adquirindo experiencia en moitos cargos, tamén pasei longos anos na oposición correctamente realizada.

Ó final vostede, como non, tiña que terminar utilizando a palabra *feixismo* -que, por certo, supoño que é como hai que dicilo en galego, porque *fascio* é feixe; por iso dicía Unamuno que en castelán debía de ser *fajismo*. Pois ben, hoxe, xente que algo ten que ver con vostedes no País Vasco chama *feixista* ó señor Atutxa, ó conselleiro de Interior nacionalista.

Imos falar en serio. De Onda Cero só temos que dicir que desde aquí, por desgracia, non temos tanta influencia, e que vostede o que dixo hoxe sobre iso foi tamén “cero”.

E despois disto, señor Cortizo, a súa contribución hoxe á ornitoloxía -supoño que por ser onte o día dos paxaros- pois considéraa vostede importante.

A min paréceme que neste momento o que teño que defender son as gaiivotas. É o símbolo do meu partido. E máis ben parece que van para arriba as gaiivotas mentres outras rosas parece ser que nestes momentos quedan murchas.

Pero en todo caso, en materia de ética, señor Cortizo, como vostede comprenderá, neste momento non podo recibir leccións dos socialistas. Iso apréciao calquera. Podo recibir outras leccións, ó mellor, pero, desde logo, en materia de ética pública, da ética administrativa eu creo que non me pode vostede forzar a poñer exemplos.

Volveu sobre o tema da agricultura, da pesca, que foron evidentemente contestados. Evidentemente, todo o mundo sabe que no asunto da sanidade pode haber (...) en determinados contratos para resolver (...) das vacacións, pero iso é, simplemente, sairse da cuestión. Vostede si demostrou -iso respéctollo, xa que en cuestión de ética non lle podo recoñecer ningunha superioridade- máis moral có alcoyano. Chegou a dicir cousas como iso de 59 vivendas. Oia, eu só teño inaugurado centos de vivendas este ano. Supoño que non serían falsas, que non serían inventadas, que non serían desas películas. En todo caso, a social-democracia da que eu falei non é a de Portugal, non é a de Suecia, é a de Galicia, é a de España, na cal, evidentemente, neste momento non parece que haxa moito no que confiar.

Se eu falei aquí da reforma do Senado é porque eu falei do Estado das autonomías e falei da defensa de Galicia. Non lle nego a vostede o dereito de falar da reforma electoral, pero entón fale de acordo co seu partido en Madrid.

De modo que, en definitiva, chego ó final. Mira-lo adversario, por feo que sexa -eu recoñezo que non son precisamente ningún Banderas- (risos), pois, efectivamente, mira-lo adversario cara a cara é moi importante. E sinto ter que recordarlle a vostede, xa que falou de desprezo, que eu non o teño por ningún. Vostede sabe que, cando vostede soubo que eu como de vez en cando con obreiros de Comisións Obreiras, cunha pobre muller que vivía nunha palloza -de onde eu a saquei-, con pescadores da Costa da Morte, a vostede debeulle parecer iso mal e publicou un artigo nun xornal no que dicía: ¿Por que non veu comer á miña ca-

sa? Eu diríalle isto, meu fillo diríalle o outro, a miña muller diríalle tal cousa, e eu aceptei a invitación e fun moi ben tratado. Aínda vostede non foi quen de vir á miña casa porque ten medo e non aceptou a miña invitación reiterada. Con isto creo que remata a consideración... (*Pronúncianse palabras desde os escanos, que non se perciben*) Vostede sabe perfectamente que estou dicindo a verdade.

Moitas grazias, señor presidente.

(*Aplausos*)

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor presidente.

Rematada esta primeira parte do debate, ábrese un prazo ata as 12 da mañá para a presentación de propostas de resolución, e seguidamente reiniciarase o Pleno as catro e media da tarde.

Suspéndese a sesión ás oito e corenta e cinco minutos da tarde.